Concello de Vigo

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**
**Sesión do 30 de agosto de 2018**

| **ASISTENTES:** | **NON ASISTEN:** |
| --- | --- |
| **Membros :** | |
| D. Abel Caballero Álvarez | Dª Mª. Carmen Silva Rego |
| D. Francisco Javier Pardo Espiñeira | |
| D. Carlos López Font | |
| Mª José Caride Estévez | |
| D. Cayetano Rodríguez Escudero. | |
| Dª. Olga Alonso Suárez | |
| D. Angel Rivas González. | |
| Dª. Mª. Isaura Abelairas Rodríguez | |
| D. Jaime Aneiros Pereira. | |

**Invitados**
Dª. Angeles Marra Domínguez

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e vinte e dous minutos do día trinta de agosto de dous mil dezaoito e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Alonso Suárez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, o secretario do Pleno, Sr. Riesgo Boluda, por ausencia da titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, e o interventor xeral, Sr. Escariz Couso.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1(916).- ACTA ANTERIOR.** Apróbanse as actas das sesións ordinarias e extraordinaria e urxente do 26 de xullo, extraordinaria e urxente do 31 de xullo, ordinaria e extraordinaria e urxente do 2 de agosto, extraordinaria e urxente o 7 de agosto, ordinaria do 9 de agosto, extraordinaria e urxente do 10 de agosto e extraordinaria e urxente do 14 de agosto. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr.Alcalde–presidente.

**2(917).- DAR CONTA DA RELACIÓN DE SENTENZAS E OUTRAS RESOLUCIÓNS XUDICIAIS QUE RESOLVEN PROCEDEMENTOS (RELACIÓN 7/2018). EXPTE. 11636/111.**

Dáse conta do informe-proposta do 23/08/18, asinado polo xefe de Área Xudicial, e conformado polo concelleiro-delegado de Xestión Municipal, que di o seguinte:

Tiveron entrada na Asesoría xurídica as seguintes resolucións xudiciais:

1.- Decreto nº 15 do 25 de xuño de 2018
Expediente nº 8811/111
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de VIGO
Ordinario: 363/2014
Obxecto: Decreto do Concello de Vigo do 03/07/14 que aproba a liquidación por importe de 31.031,07 euros polo suministro de auga.
Expte(s): 2062-500

Declara a caducidade do proceso.
A Dirección de Ingresos debe coñecer o resolto.

2.- Decreto nº 18 do 10 de xullo de 2018
Expediente nº 8988/111
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de VIGO
Ordinario: 50/2015
Obxecto: Liquidación por subministro de auga bimestre setembro outubro de 2014
Expte(s): 2116-500

Este decreto comunica que se ten por caducada a instancia, xa que segundo a LAC no prazo de dous anos non se instou polas partes a súa continuación.
Figuraba como demandante o Concello do Porriño.
A Dirección de Ingresos, Tesourería Municipal e a Area de Fomento deben coñecer do resolto.

3.- Decreto nº 19 do 17 de xullo de 2018
Expediente nº 11034/111
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de VIGO
Abreviado: 376/2017
Obxecto: Acordo da XGL do 18.08.017 pola que se desestima recoñecemento como persoal indefinido, e de forma subsidiaria abono de indemnización
Expte(s): 29275-220

Este decreto resolve o desistimento do demandante e implica o remate do procedemento por vontade da parte actora. O demandante reclamaba o recoñecemento de dereitos derivado da súa situación contractual (incluído en listas de substitución). Asunto relacionado con outros xa resoltos.
A Area de Recursos Humanos debe coñecer do resolto.

4.- Sentenza nº 179 do 11 de xullo de 2018
Expediente nº 11046/111
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de VIGO
Abreviado: 382/2017
Obxecto: Resolución de data 31/08/2017 na que se desestima recurso reposición sobre responsabilidade patrimonial
Expte(s): 4741/243
Contía: 3.571,35 €

Esta sentenza, firme, desestima o recurso.
O departamento de Patrimonio-RPA debe coñecer o resolto.

5.- Decreto nº 187 do 22 de xuño de 2018
Expediente nº 11096/111
Xulgado do Social nº 5 de VIGO
Ordinario: 1022/2017
Obxecto: Reclamación de cantidades e recoñecemento de dereitos

Por medio desta resolución remata o procedemento, por acordo entre as partes. A empresa e a traballadora de mutuo acordo, chegaron a un acordo relativo ás cantidades pendentes de pagamento.

Se desiste fronte ao Concello de Vigo, quen de tódolos xeitos figuraba como codemandado.
O Servizo de Medioambiente debe coñecer do resolto.

6.- Decreto nº 218 do 6 de xullo de 2018
Expediente nº 11239/111
Xulgado do Social nº 5 de VIGO
Ordinario: 29/2018
Obxecto: Recoñecemento de dereitos e reclamación de cantidades.

Esta resolución toma coñecemento do acordo acadado entre as partes de mutuo acordo. O traballador e a empresa concilian con respecto ás cantidades adebedadas, desistindo fronte ao Concello de Vigo.

Este decreto sobre conciliación implica o remate do procedemento.
O Servizo de Medioambiente debe coñecer do resolto.

7.- Decreto nº 246 do 22 de xuño de 2018
Expediente nº 11240/111
Xulgado do Social (Reforzo) nº 2 de VIGO
Ordinario: 38/2018
Obxecto: Recoñecemento dereitos e reclamación cantidades.

O decreto do Letrado da Administración de Xustiza que se comunica implica o remate do procedemento, ao chegarse a un acordo entre as partes en conflicto (empresa e traballador), por mor dunha reclamación de cantidades adebedadas.

Aprobada a conciliación, non existe acción ningunha fronte ao Concello de Vigo, que en todo caso figuraba como codemandado.

8.- Decreto nº 245 do 22 de xuño de 2018
Expediente nº 11252/111
Xulgado do Social (Reforzo) nº 2 de VIGO
Ordinario: 37/2018
Obxecto: Recoñecemento de dereitos e reclamación de cantidade.

Este decreto do Letrado da Administracion de Xustiza implica o remate do procedemento, e o seu arquivo, ao chegarse a un acordo entre as partes. O conflicto entre traballador e empresa o constituía unha reclamación de cantidades por salarios adebedadas.

O Concello de Vigo interveu como codemandado, e esta resolución implica a inexistencia de acción ningunha fronte ao Concello.

O Servizo de Medioambiente debe coñecer do resolto.

9.- Sentenza nº 180 do 11 de xullo de 2018
Expediente nº 11263/111
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de VIGO
Abreviado: 57/2018
Obxecto: Desestimación por silencio administrativo, da solicitude de recoñecemento do dereito a consolidación do grao persoal de posto de traballo.
Expte(s): 32283-220

A Sentencia, non firme, desestima o recurso ao considerar que o funcionario demandante non pode consolidar o grao persoal correspondente a posto de sarxento-xefe toda vez que non desempeñou o posto en base a un procedemento ordinario de provisión de dito posto , tal e como exixe o art. 70.2 do R. Decreto 364/1995 de 10 de marzo polo que se aproba o Regulamento Xeral de Ingreso do Persoal ao Servizo da Administración Xeral do Estado.

Deben coñecer o resolto a Area de recursos humanos e o servizo de extinción de incendios.

10.- Sentenza nº 174 do 9 de xullo de 2018
Expediente nº 11403/111
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de VIGO
Abreviado: 69/2018
Obxecto: Desestimación por silencio administrativo da reclamación sobre RPA polos danos sofridos como consecuencia dun accidente de circulación.
Expte(s): 5338/243

Esta sentenza estima parcialmente a demanda, e considera que existiu concorrencia de culpas entre o conductor-motorista que circulaba polo medio dos dous carrís de circulación, e o Concello, como titular da vía e responsable do mantemento das súas condicións de seguridade, nos termos expostos na sentenza.

Concello de Vigo

Sentenza que é firme por contía, e que condena ao Concello ao pagamento da cantidade de 251,20 ? máis os xuros legais.

O departamento de Patrimonio debe coñecer do resolto.

11.- Decreto nº 219 do 6 de xullo de 2018
Expediente nº 11525/111
Xulgado do Social nº 5 de VIGO
Ordinario: 32/2018
Obxecto: Recoñecemento de dereitos e reclamación de cantidades.

Esta resolucion da por rematado o procedemento, por mutuo acordo entre as partes, e previa conciliacion levada a cabo no Xulgado.

Se desiste fronte ao Concello de Vigo e pactan a cantidade adebedada traballador e empresa.

O Servizo de Medioambiente debe coñecer do resolto

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

I. Considerando a obriga xeral de cumprir as sentencias e demáis resolucións firmes dos xuíces e tribunais, así como de prestar a colaboración requirida por estes no curso do proceso e na execución do resolto ex art. 118 da Constitución e o principio constitucional do pleno sometemento á lei e ao dereito da Administración Pública no desenvolvemento da súa actividade do art. 103 do texto constitucional.

II. Considerando o establecido no artigo 18.2 da Lei Orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial, en canto á obriga de executar as sentenzas en tempo e forma.

III. Considerando que o artigo 17.2 da Lei Orgánica do Poder Xudicial preceptúa que as Administracións Públicas, as autoridades e funcionarios, as Corporacións e todas as Entidades públicas e privadas deben respectar, e, de ser o caso, cumprir as sentenzas e demáis resolucións xudiciais que fosen firmes ou executables de conformidade coas leis.

IV. Considerando o disposto na Sección 8ª e 9ª do capítulo I do título IV; e, no capítulo IV do título IV, da Lei 29/1998, do 13 de xullo, para o caso das máis comúns no caso destea administración municipal ditadas pola Xurisdición contencioso-administrativa; e, de ser outro caso, atendendo ás normas reguladoras da xurisdición na que foron ditadas as resolucións xudiciais das que se dá conta, Lei 36/2011, do 10 de outubro, reguladora da xurisdición social, en especial capítulo IV do título I do Libro IV ou atendendo á Lei 1/2000, de 7 xaneiro, de axuizamento civil, en especial libro III.
V. E atendendo á distribución de competencias na materia que recolle a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local para os diferentes órganos: art. 127.1.j), Xunta do Goberno local; art. 124.4.l) Alcaldía e art. 123.1.m) Pleno en relación co disposto nos Estatutos da Xerencia Municipal de Urbanismo, dase conta a ese órgano, das resolucións xudiciais relacionadas nos Antecedentes.

PROPOSTA DE ACORDO

Único.- Tómase coñecemento formal das resolucións xudiciais recollidas nos Antecedentes da parte expositiva do presente acordo.

Segundo.- Remítase aos servizos responsabless da tramitación administrativa en cada caso, con expresa indicación para que procedan á debida e puntual execución das resolucións xudiciais nos seus propios termos.

**Acordo:**
A Xunta de Goberno local queda informada.

**3(918).- PROPOSTA DE SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN A XUNTA DE GALICIA PARA INVESTIMENTOS E CENTROS DE INCLUSIÓN E EMERXENCIA SOCIAL E PROGRAMAS DAS CORPORACIÓNS LOCAIS DE INCLUSIÓN E OUTRAS PERSOAS EN RISCO DE EXCLUSIÓN. EXERCICIOS 2018/2019. EXPTE. 173571/301.**
Dáse conta do informe-proposta do 21/08/18, asinado pola xefa de Servizo de Benestar Social, o xefe de Área, o asesor xurídico adxunto a Xefatura de Benestar Social, e a concelleira-delegada da Área de Política Social, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

I.1. O 3 de agosto publicouse a ORDE do 24 de xullo de 2018 pola que se establecen as bases reguladoras de subvencións para o investimento en centros de inclusión e emerxencia social e de programas que desenvolverán as corporacións locais para a inclusión social da poboación xitana, inmigrante e outras persoas en risco de exclusión, e se procede á súa convocatoria para os exercicios 2018-2019, cofinanciada polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional e Fondo Social Europeo 2014-2020.

I.2. Esta orde ten por obxecto o establecemento de subvencións ás corporacións locais en réxime de concorrencia competitiva dirixidas á construción, reforma, adaptación e equipamento de centros de inclusión e emerxencia social e unidades funcionalmente vinculadas, así como ao desenvolvemento de programas polos servizos sociais de titularidade municipal que teñan por finalidade á inclusión sociolaboral de colectivos de elevada vulnerabilidade a exclusión social e laboral.

I.3. Tipoloxía das subvencións:

1. Programas dirixidos á inclusión sociolaboral de colectivos vulnerables, que poden adoptar as seguintes tipoloxías:

   a) Programas dirixidos á inclusión social da poboación xitana.

b) Programas dirixidos á inclusión social da poboación inmigrante.

c) Programas dirixidos á inclusión social de persoas en situación ou risco de exclusión social.

2. Programas complementarios de educación e apoio familiar dirixidos á familias en situación ou risco de exclusión social.

3. Subvencións ao investimento en centros de inclusión e emerxencia social. Estas poderán adoptar dúas modalidades:

a) Construción, ampliación, reforma, mellora e adaptación de elementos de carácter estrutural que melloren substancialmente a calidade do servizo que se vai prestar.

b) A adquisición e instalación de equipamento e moblaxe, así como a adquisición de vehículos de transporte vinculados á prestación dos servizos propios do centro, excluídos expresamente os vehículos turismos.

Cada tipoloxía de programa será solicitada no seu correspondente anexo (do III aoVI), en que se sinalarán a intervención social que se realizará e as súas accións complementarias, nas cales se especificará a natureza destas e demais datos relevantes para a resolución que lle sexan exixidos.

I.4. O Concello de Vigo xestiona programas incluidos na tipoloxía 1C así como na tipoloxía 3a, 3b e 3c para o Centro Integral de Inclusión e Emerxencia Social.

I.5. Entendemos que o Concello de Vigo cumpre cos requisitos para solicitar a subvención nas tipoloxías anteriormente citadas.

I.6. Entre a documentación a presentar se inclúe “Certificación da entidade en que conste o acordo ou resolución da entidade local de solicitar a subvención”.

I.7. Polo anteriormente exposto propoño se inicie expediente para a solicitude da subvención o abeiro da orde do 24 de xullo de 2018.

PROPOSTA DE ACORDO

Visto o que antecede e a normativa aplicable propónse á XGL, a adopción do seguinte,

«ACORDO

**PRIMEIRO: Solicitar a subvención ao abeiro da Orde** do 24 de xullo de 2018, pola que se establecen as bases reguladoras de subvencións para o investimento en centros de inclusión e emerxencia social e de programas que desenvolverán as corporacións locais para a inclusión social da poboación xitana, inmigrante e outras persoas en risco de exclusión, e se procede á súa convocatoria para os exercicios 2018-2019, cofinanciada polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional e Fondo Social Europeo 2014-2020.

**Acordo:**
A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

**4(919).-ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO E INSTALACIÓN DUN GRUPO ELECTRÓXENO. EXPTE. 8447/113.**
Visto o informe de fiscalización do 20/08/18, dáse conta do informe-proposta do 10/08/18, asinado pola Secretaria da Mesa de Contratación, que di o seguinte:

**LEXISLACIÓN APLICABLE**

- Real decreto lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCSP)
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación do subministro e instalación dun grupo electróxeno (8.447-113)

**ANTECEDENTES**
**Primeiro.-** A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 12 de xullo de 2018, adoptou o seguinte acordo:

*"Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do subministro e instalación dun grupo electróxeno (8.447-113) na seguinte orde descendente:*

| ***Licitador*** | ***Puntuación criterios subxectivos*** | ***Puntuación fórmulas*** | ***Total Puntuación*** |
|---|---|---|---|
| ***SMG Iberia*** | *21* | *51,92* | ***72,92*** |
| ***Acelec*** | *6* | *60,5* | ***66,5*** |

*Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, SMG Iberia, para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):*

1. *Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
2. *A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
3. *Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.*

*Terceiro.- Requirir ao citado licitador o aboamento de 987,46 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación".*

**Segundo.-** Este acordo foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar, SMG IBERIA, S.L., o día 27 de xullo de 2018, que presenta a documentación requirida o 6 de agosto de 2018, dentro do prazo concedido.

**Terceiro.-** A Mesa de Contratación na sesión do 9 de agosto de 2018 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

**<u>FUNDAMENTOS XURÍDICOS</u>**

**Primeiro.-** A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante (artigo 151.4 TRLCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar SMG IBERIA, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

**Segundo.-** A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

A primeira oferta economicamente máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por SMG IBERIA, S.L., de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliables mediante xuízo de valor e das proposicións avaliables mediante fórmula, de datas 15 e 29 de xuño de 2018, respectivamente.

**Terceiro.-** A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, proponse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

*"Adxudicar a SMG IBERIA, S.L. o procedemento aberto para a contratación do subministro e instalación dun grupo electróxeno (8.447-113) coas seguintes condicións:*

a) *O prezo total do contrato é de 33.819,50 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 5.869,50 euros.*

b) *Propón un incremento do prazo mínimo de garantía de 24 meses, facendo un total de 4 anos.*
c) *Propón un grupo electróxeno cunha eficiencia ao 100% de carga de 100% (resultado de dividir a potencia eléctrica á saída pola potencia total absorbida).*
d) *Propón un incremento das horas de autonomía do grupo electróxeno ao 100% de consumo sobre o mínimo solicitado de 10 horas, o que supón un total de 18 horas.*
e) *Propón un grupo electróxeno que produce un nivel de ruído a 7 metros de 64 Db.*

*Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada".*

**Acordo:**
A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

**5(920).- PAGAMENTO DAS DIETAS ESTABLECIDAS POR ASISTENCIAS DOS REPRESENTANTES MUNICIPAIS ÁS SESIÓNS DOS CONSELLOS ESCOLARES DOS CENTROS DE ENSINO PÚBLICO, NO PERÍODO XANEIRO A XULLO DE 2018. EXPTE. 22644/332.**
Visto o informe de fiscalización do 13/08/18, dáse conta do informe-proposta do 26/07/18, asinado polo técnico do Servizo de Educación, a xefa do Servizo de Educación, a concelleira-delegada de Educación, e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Consonte co establecido na lexislación educativa vixente, a Lei Orgánica da Mellora da Calidade Educativa (LOMCE) (BOE nº 295 martes 10/decembro/2013) que modifica a Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, recolle no seu artigo 126.1.c) que entre os membros que componen o Consello Escolar estará un Concelleiro/a ou representante do Concello do termo municipal onde esté radicado o centro. Igualmente os Concellos, consonte co establecido no artigo 25.2.n) da Lei 27/2103 teñen como competencia propia e responsabilidade legal a conservación, mantemento e vixianza dos colexios públicos, e a LOMCE tamén establece no seu artigo 80 entre as competencias do Consello Escolar de Centro a "promoción da conservación e renovación das instalacións escolares".

En aras de cumprir esta obriga municipal e segundo acordo da Xunta de Goberno Local na sesión ordinaria do 17 de xaneiro de 2018, aprobouse entre outros, o nomeamento de Representantes Municipais nos Consellos Escolares dos Centros de Ensino Público de Educación Infantil, Primaria e Secundaria para o ano 2018 (Expte 21661/332), e a autorización para que perciban en concepto de asistencias efectivas a cada sesión do órgano colexiado a dieta de 39,78.-€ (TRINTA E NOVE CON SETENTA E OITO EUROS),para a categoría segunda de vocais que inclúe ao persoal clasificado nos grupos A e B; e a dieta de 36,72.-€ (TRINTA E SEIS CON SETENTA E DOUS EUROS) para a categoría terceira de vocais que inclúe ao persoal clasificado nos grupos C e D; cantidades homologadas por asistencia e participación en tribunais de oposicións, concursos, ou outros órganos encargados da selección de persoal, consonte co Real Decreto 462/2002, de 24 de maio, sobre indemnizacións por razóns de servicio.

O referido R.D. recolle nos seus artigos 1.d) / 7.1.a) / 28.1 que : “Darán orixe a indemnización ou compensación as asistencias pola concurrencia, persoal ou por representación, as reunións de Órganos Colexiados da Administración, de Órganos de Administración de Órganos Públicos...”

Tal é o caso dos Consellos Escolares dos Centros Públicos, como Órgano Colexiado de Goberno dos centros de ensino público que dependen da Admón. Educativa Competente, neste caso a Consellería de Educación da Xunta de Galicia, e que permiten participar na xestión dos centros aos distintos membros da comunidade escolar, ademais de constituir a canle para o control e xestión dos fondos públicos.

Tamén recolle no seu artigo 2e) que : “O presente R.D. será de aplicación para o persoal ao servizo das Corporacións Locais, tal e como prevé a súa lexislación específica”.

Contabilizadas as asistencias ós Consellos Escolares dos Centros de Ensino Público, aportadas polos diferentes representantes municipais, dende o 16 de xaneiro ate o 26 de xullo dos correntes, elévanse á cantidade de 165 consellos escolares.

Na documentación que acompaña a este expediente, adxúntanse ademais dos xustificantes de asistencia expedidos polos centros de ensino, cada unha das fichas correspondentes ás sesións dos Consellos Escolares desenvolvidas polos representantes municipais, que con posterioridade quedarán arquivadas para a súa pertinente consulta nas dependencias do Servizo de Educación.

Asemade, e a efectos de cómputo, de cada representante municipal relacionase cronolóxicamente a data de asistencia da primeira e última sesión do consello escolar por cada un deles efectuada.

A competencia para acordar o pago das dietas establecidas por asistencias dos representantes municipais ás sesións dos Consellos Escolares dos Centros de Ensino Público, no periodo xaneiro a xullo de 2018, correspóndelle á Xunta de Goberno Local, de conformidade co réxime de atribucións en materia de xestión económica establecido no artigo 127.1 g) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local.

PROPOSTA:

Por todo o anteriormente exposto, solicítase á Xunta de Goberno Local o seguinte:

“Aproba-la cantidade de 6.318,9.-€ en concepto de asistencias ás sesións dos Consellos Escolares no periodo xaneiro a xullo de 2018, con cargo á Partida Presupostaria 3230.233.00.00 dietas asistencia consellos escolares, e desglosadas entre os representantes municipais do seguinte xeito:

Zona 1.- PEDRO MARÍA VÁZQUEZ IGLESIAS, NIF: 11.904.805-M, GRUPO A2
(16/01/2018 - 29/06/2018) ..........................32 X 39,78.-€ ............................ 1.272,96.-€

Zona 2.- MARIA JOSE LOUREIRO BADA, NIF: 36.080.259-K, GRUPO A1
(23/01/2018 - 29/06/2018) ................................ 10 X 39,78.-€ ............................ 397,80.-€

Zona 3.- ROSA MARÍA TORRES BOUZAS, NIF: 36.019.300-N, GRUPO C1
(22/01/2018 – 26/07/2018) ............................ 15 X 36,72.-€ ................................ 550,80.-€

Zona 4.- IGNACIO OJEA PÉREZ, NIF: 36.046.809-J, GRUPO A1
(23/01/2018 - 29/06/2018) .......................... 15 X 39,78.-€ ................................... 596,70.-€

Zona 5.- PILAR CARNEIRO MINIÑO, NIF: 76.986.963-Y, GRUPO A1
(23/01/2018 - 05/06/2018) .......................... 3 X 39,78.-€ .................................... 119,34.-€

Zona 6.- ROCÍO BRUZON ALCAÑIZ, NIF: 36.058.643-W, GRUPO C1
(23/01/2018 - 04/07/2018) .......................... 14 X 36,72.-€ ................................... 514,08.-€

Zona 7.- ÁNGELES LANDÍN LORENZO, NIF: 36.091.654-P, GRUPO C1
(16/01/2018 - 28/06/2018) ........................... 14 X 36,72.-€ ................................. 514,08.-€

Zona 8.- MARIA JOSE FARALDO RIVAS, NIF: 36.056.377-J, GRUPO C2
(23/01/2018 - 29/06/2018) ........................... 12 X 36,72.-€ ................................. 440,64.-€

Zona 9.- MARIA JESÚS SANROMÁN VARELA, NIF: 36.018.668-R, GRUPO A2
(23/01/2018 - 22/05/2018) ........................ 7 X 39,78.-€ ....................................... 278,46.-€

Zona 10.- MARIA RITA RIELO FRANCO, NIF: 36.067.074-S, GRUPO C1
(23/01/2018 - 29/06/2018) ........................ 15 X 36,72.-€ .................................... 550,80.-€

Zona 11.- YOLANDA FAJIN TORRES, NIF: 33.297.554-V, GRUPO A2
(23/01/2018 - 28/06/2018) ......................... 12 X 39,78.-€ ..................................... 477,36.-€

Zona 12.- ESTELA ROSENDE VILLAR, NIF: 36.069.110-G, GRUPO A2
(23/01/2018 - 28/06/2018) ......................... 6 X 39,78.-€ ..................................... 238,68.-€

Zona 13.- MARIA GABRIELA ROMERO BANDEIRA, NIF: 36.035.364-E, GRUPO C1
(23/01/2018 - 25/06/2018) ......................... 10 X 36,72.-€ .................................. 367,20.-€

**Acordo:**
A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

**6(921).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A AGRUPACIÓN DE CENTROS DEPORTIVOS E CULTURAIS PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA “VENTE CON NÓS” 2018. EXPTE. 7419/335.**
Visto o informe xurídico do 24/07/18 e o informe de fiscalización do 09/08/18, dáse conta do informe-proposta do 24/07/18, asinado pola xefa do Servizo de Festas, a

concelleira-delegada de Festas, e o concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

A concelleira delegada da Área de Festas e Turismo resolveu en data 14 de xuño de 2018 que se iniciase o expediente necesario para a redacción dun convenio de colaboración coa Agrupación de Centros deportivos e culturais do Concello de Vigo, para o desenvolvemento do programa “Vente con Nós” para o ano 2018.

O programa “Vente con Nós” desenvolve un circuíto de actuacións polos barrios e parroquias do termo municipal de Vigo, no que participan vinte grupos de música, danza e canto tradicionais galegos e cinco grupos de teatro, todos eles pertencentes a entidades federadas á Agrupación de Centros deportivos e culturais.

O programa “Vente con Nós” foi creado e rexistrado pola Agrupación de Centros deportivos e culturais (entidade inscrita no Rexistro Municipal de Asociacións co número 386-85). A exclusividade do programa considérase acreditada no proxecto presentado pola antedita asociación, así como o seu interese público e social.

O carácter cultural atópase entre as competencias atribuídas aos municipios nos artigos 25.2.m e 127 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e aos municipios galegos no artigo 80.2.n da Lei de Galicia 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia.

O expediente de referencia ten por obxecto a aprobación dunha concesión dunha subvención polo procedemento de réxime directo. Este convenio incorpora os contidos mínimos esixidos para a concesión destas subvencións polo artigo 26.2 da Lei de Galicia 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e pola Base 38 de execución do vixente orzamento do Concello de Vigo, contidos que se estiman conformes ao interese público que o convenio persegue.

O convenio do que se trata é un convenio de colaboración dos que poden celebrar as administracións públicas con persoas xurídicas privadas, co obxecto de satisfacer os intereses públicos que teñen encomendados e que non se poden cualificar como un contrato administrativo típico na medida en que non se corresponden co obxecto dun contrato de servizos por conter determinadas peculiaridades respecto das pretensións que deben realizar as entidades conveniantes e especialmente a inexistencia dun prezo en sentido estrito, ao limitarse a achega económica do Concello a compensar estritamente os gastos realizados polas entidades para a realización das actividades.

O Concello de Vigo e a Agrupación de Centros Deportivos e Culturais veñen asinando dende o ano 2004 convenios similares de colaboración coa finalidade de fomentar, difundir e apoiar a danza, música e canto tradicional entre toda a cidadanía, especialmente nos distintos barrios do termo municipal, acadando uns resultados moi satisfactorios para ambas as partes. Na lexislación vixente, concretamente no artigo 72 da Lei 7/1985, faise referencia á conveniencia da participación de entidades de carácter cultural, social e veciñal como colaboradores na organización de diversos programas e acontecementos culturais, ofertados polas entidades locais (cabalgata, entroido, etc).

Conforme ao disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei de Galicia 9/2007, o convenio será instrumento adecuado para canalizar as subvencións que, con carácter excepcional e por razóns de interese público,

social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública e se outorguen directamente.

A presente axuda acóllese ao réxime excepcional de concesión directa, conforme ao artigo 22.2.a da Lei 38/2003, atopándose a tal fin previsión nominativa a favor da Agrupación de Centros deportivos e culturais no vixente orzamento. O Concello de Vigo no seu vixente orzamento, na aplicación 3380.489.0010, prevé a concesión dunha subvención directa de carácter nominativo, a través do correspondente convenio, polo importe de 13.500,00 euros, a favor da Agrupación de Centros deportivos e culturais para coadxuvar aos gastos do desenvolvemento do programa "Vente con Nós".

O importe do programa "Vente con Nós" ascende a 19.460,00 euros, sendo os gastos de administración e dirección técnica 5.000,00 euros e correspondendo 14.460,00 euros ás corenta e cinco actuacións de grupos de música, danza e teatro. Achégase ao expediente o orzamento de gastos e ingresos.

De conformidade co artigo 127.g da Lei 7/1985, corresponderá á Xunta de Goberno local a aprobación do convenio e, con carácter previo, a aprobación do gasto de conformidade co previsto no artigo 31 da LG 9/2007. Así mesmo, queda facultada a concelleira delegada da Área de Festas e Turismo para asinar o citado convenio, ao amparo do Decreto de delegación de competencias da Alcaldía en virtude do decreto de 19 de xuño de 2015 e acordo da Xunta de Goberno de data 19 de xuño de 2015.

Á vista do exposto, previo os informes xurídico e da Intervención de fondos, coa conformidade da concelleira da Área de Festas e Turismo e do concelleiro da Área de Orzamentos e Facenda, faise á Xunta de Goberno local a seguinte

PROPOSTA:

1º.- Que se aprobe o texto do convenio, que se achega no expediente, entre o Concello de Vigo e a Agrupación de Centros deportivos e culturais do Concello de Vigo, CIF B-36.791.291, para o desenvolvemento do programa "Vente con Nós" 2018.

2º.- Que se autorice un gasto por importe de 13.500,00 euros, en concepto do estipulado no convenio, a favor da Agrupación de Centros deportivos e culturais Concello de Vigo, con cargo á aplicación presupostaria 3380.489.0010 (Convenio Agrupación de centros culturais – Vente con Nós) do programa orzamentario de Festas para o vixente exercicio.

**Acordo:**

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

PROPOSTA DE CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A AGRUPACIÓN DE CENTROS DEPORTIVOS E CULTURAIS PARA A ORGANIZACIÓN DO PROGRAMA "VENTE CON NÓS" 2018.

Na Casa do Concello de Vigo, a de dous mil dezaoito.

**REUNIDOS**

Dunha parte, dona ANA LAURA IGLESIAS GONZÁLEZ, na súa calidade de CONCELLEIRA-DELEGADA DA ÁREA DE FESTAS E TURISMO DO CONCELLO DE VIGO, na representación

legal do mesmo, en virtude do decreto da Alcaldía de 19 de xuño de 2015 e acordo da Xunta de Goberno de data 19 de xuño de 2015.

Doutra, don ROBERTO GIRALDEZ BARBEITOS con D.N.I. 76.911.826-X, como presidente da Agrupación de Centros deportivos e culturais do Concello de Vigo, C.I.F. G-36.791.291 e enderezo social na rúa Ecuador, nº 34 local baixo Vigo, en representación da mesma, segundo resulta da documentación que figura no expediente 6885/335.

Tendo, daquela, os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio

**MANIFESTAN**

**I.-** O programa "Vente con Nós" foi creado e rexistrado pola Agrupación de Centros deportivos e culturais do Concello de Vigo no ano 2001, co fin de desenvolver un circuíto de actuacións polos barrios e parroquias do termo municipal de Vigo. A exclusividade do programa considérase acreditada no proxecto presentado pola antedita asociación, así como o seu interese público e social.

**II.-** O Concello de Vigo e a Agrupación de Centros deportivos e culturais veñen asinando dende o ano 2004 convenios de colaboración para desenvolver o programa "Vente con Nós" cuns resaltados acadados moi satisfactorios para ambas as partes.

**III.-** A Agrupación de Centros deportivos e culturais ten entre os seus fins estatutarios

> "Representar perante os organismos competentes, persoas físicas ou xurídicas, tanto do eido da cultura, o deporte e como de todas aquelas actividades de carácter lúdico ou recreativo, os intereses das entidades asociadas, que puidesen verse beneficiada ou, polo contrario prexudicadas no desenvolvemento das súas actividades";
>
> "Xestionar e acadar dos organismos competentes as axudas necesarias para que cada entidade leve a cabo os seus fins";
>
> "Propor á administración a súa colaboración máis extensa nos ámbitos cultural, deportivo e recreativo, podendo subscribir os acordos, convenios, etc. que fosen necesarios e sexan considerados convenientes e beneficiosos para a Agrupación."

**IV.-** No ámbito das súas competencias, o Concello ten entre os seus obxectivos a programación de actividades de dinamización sociocultural nos distintos barrios e parroquias da cidade, e en particular o fomento e promoción da cultura tradicional galega nos barrios e parroquias da cidade.

**V.-** O carácter cultural atópase entre as competencias atribuídas aos municipios no artigo 25.2.m e 127 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e aos municipios galegos no artigo 80.2.n da Lei de Galicia 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia.

**VI.-** O artigo 72 da Lei 7/1985 fai referencia á conveniencia da participación de entidades de carácter sociocultural como colaboradores na organización de diversos programas e acontecementos culturais, ofertados polas entidades locais.

**VII.-** Conforme o disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei de Galicia 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o convenio será o instrumento adecuado para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente que, con carácter excepcional e por razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública se outorguen directamente.

**VIII.** O Concello de Vigo no seu vixente orzamento, na aplicación presupostaria 3380.489.0010, prevé nominativamente a concesión dunha subvención por importe de 13.500,00 (trece mil

cincocentos) euros, a favor da Agrupación de Centros deportivos e culturais para a organización do programa “Vente con Nós”.

**IX.-** A Agrupación de Centros deportivos e culturais do Concello de Vigo non está incursa en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de Galicia 9/2007, achase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente nº 7419/335.

En base ás precedentes consideracións e ao interese cultural que para a cidade de Vigo representa o devandito programa da AGRUPACIÓN DE CENTROS DEPORTIVOS E CULTURAIS, o CONCELLO e a dita entidade conveñen a súa colaboración no ámbito cultural e a concesión da referida subvención en base aos seguintes,

## PACTOS

**Primeiro.-** A Agrupación de Centros deportivos e culturais comprométese ao desenvolvemento dos programas **“Vente con Nós”** e “**Semana do Teatro afeccionado**”, que acollen un ciclo de actuacións de música, canto e danza tradicionais e a Semana de Teatro Afeccionado, respectivamente, asumindo as seguintes obrigas:

1º- Cumprir o programa obxecto deste convenio de acordo co proxecto que se achega ao presente documento, no cal:

a) Participarán 20 grupos artísticos de música e danza tradicional e 5 grupos de teatro, pertencentes ás entidades asociadas á Agrupación que se indican no proxecto.

b) O número total de actuacións de música e danza tradicional con cargo ao presente convenio será de 40 (corenta), dúas actuacións por entidade. Estas actuacións distribúense da seguinte forma:

- 10 actuacións para atender as solicitudes de asociacións ou entidades da cidade.
- 15 actuacións Día Internacional da Danza.
- 15 actuacións de libre disposición para actos organizados pola Concellería de Festas e Turismo do Concello de Vigo.

En canto á Semana de Teatro afeccionado, é de 5 (cinco) actuacións de teatro, unha actuación por entidade.

c) Establécense dúas categorías para actuacións de **música e danza tradicional**: Categoría A (17 entidades, 320,00 euros por actuación) e categoria B (3 entidades, 180,00 euros por actuación). O importe total dos grupos folclóricos ascende a 11.960,00 euros, sendo a proposta da Agrupación a seguinte:

**CATEGORIA A:** (640,00 euros por grupo, correspondente a dúas actuacións)

Grupo de Baile “Andarela”

Grupo de Baile “Asubío”

Grupo de Baile “Atlántida de Matamá”

Grupo de Baile: C.S.C.R de “Beade”

Grupo de Baile “C.C.R. Cabral”

Grupo de Baile “A.F. Corisco”

Grupo de Baile “CRAC de Coruxo - A Buxaina”

Grupo de Baile “Frores Novas

Grupo de Baile “Helios de Bembrive”

Grupo de Baile “Lembranzas Galegas”

Grupo de Baile: A.C. “O Coto”

Grupo de Baile: A.F. “Queixumes”

Grupo de Baile “Os ventos de Comesaña”

Grupo de Baile “Traspés”

Grupo de Baile “C.C.A.R. de Valladares”

Grupo de Baile “O Fiadeiro”.

Grupo de Baile “A. Monteira”

**CATEGORIA B**: (360,00 euros por grupo (correspondente a dúas actuacións)

Grupo de Gaitas “CCA Rueiro de Coia”

Grupo de Gaitas “A.X. de Tempo Libre Vagalume”

Grupo de Gaitas “S.C. Pardavila”

Establécese un importe por actuación dos **grupos de teatro** de 500,00 euros, sendo o importe total dos grupos de teatro de 2.500,00 euros.

Grupo de Teatro “Tarantela Beade”

Grupo de Teatro “S.C.R. Atlántida de Matamá”

Grupo Teatro Escoitade

Grupo Porta Aberta Teatro.

Grupo de Teatro “Rueiro”

d) Nestas cantidades enténdense incluídos todos os gastos que se deriven da actuación dos grupos (recursos humanos e materiais, transportes, cadeiras...).

e) O orzamento de gastos dos programas ascende a 19.460,00 euros, 14.460,00 euros correspondentes ás corenta actuacións de grupos e ás cinco actuacións de teatro e 5.000,00 aos gastos de administración e dirección técnica.

O Concello ten previsto unha achega de 13.500,00 euros co cargo á aplicación 3380.489.0010 do seu vixente orzamento; e a Agrupación de Centros Deportivos e Culturais ten prevista unha achega de 5.960,00 euros, tal e como se recolle no orzamento de gastos e ingresos incorporado a este expediente.

2º- Responsabilizarse fronte a calquera dano que se cause a terceiros con ocasión do desenvolvemento das actuacións comprendidas no convenio, asumindo a contratación da póliza de seguro de responsabilidade civil nº 032074292 con Allianz compañía de seguros y reaseguros SA, que atenda calquera accidente ou incidencia que se poida producir en relación ao desenvolvemento das actividades; a ENTIDADE entrega ao CONCELLO copia da póliza, que consta no expediente.

3º- Velar polo cumprimento dos horarios máximos de finalización de actividades e espectáculos establecidos pola normativa de aplicación. Así mesmo, terán que cumprir co

estipulado na Lei de Ruídos de Galicia, así como nas ordenanzas municipais e outra lexislación ao respecto.

4º.- Distribuír entre os grupos artísticos participantes, ou no seu caso ás entidades vinculadas a estes, as “certificacións de actuacións” que se inclúen como “Anexo II” ao convenio, que terán que ser formalizadas polas entidades receptoras das actuacións.

5º- Editar e distribuír o material gráfico divulgativo do programa. En todos os casos deberá aparecer o logotipo do Concello de Vigo como patrocinador das actividades.

6º- Verificar que as entidades beneficiarias receptoras das actuacións dispoñen dos permisos e autorizacións necesarios para a realización das mesmas.

En xeral cumprir coas obrigas consignadas para as beneficiarias das subvencións no artigo 11 da Lei de Galicia 9/2007.

**Segundo.-** As entidades beneficiarias que soliciten a actuación dunha agrupación artística deberán asumir os seguintes compromisos:

a) Distribuír o material gráfico divulgativo que se envíe dende o Concello, se é o caso, e incluír o logotipo do Concello de Vigo naquel material que edite a propia entidade.

b) Xestionar e aboar o importe correspondente dos dereitos de autor que se deriven da actuación.

c) Formalizar a "Certificación de actuación", conformada pola entidade receptora da actuación, indicando as posibles incidencias acontecidas no seu desenvolvemento e suxestións relativas a mesma.

d) Comezar as actividades do programa á hora anunciada ao público, comprobando con antelación suficiente o correcto funcionamento das instalacións e equipamentos, e realizando as correccións técnicas que resulten necesarias.

e) Presentar a actuación facendo unha mención ao historial da agrupación artística, repertorio a executar e entidade/s que organizan, colaboran e patrocinan.

f) Obter todos os permisos e autorizacións necesarios para a realización das actuacións

g) Dispor dos seguros e coberturas de risco suficientes que garantan os posibles danos ocasionados como consecuencia da actividade.

**Terceiro.-** O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1º- Programar as datas e lugares das actuacións, segundo os criterios estipulados na cláusula vixésimo segunda.

2º- Comunicarlle á Agrupación os lugares, datas e horas das actuacións autorizadas, cunha antelación mínima de 15 días naturais, e 5 días naturais para aquelas outras actuacións en actos oficiais.

Se a data estivese dispoñible e non comprometida con outra actuación, o grupo quedará automaticamente comprometido co Concello, entendéndose aceptada a actuación. No caso contrario, e no prazo de dous días hábiles a contar dende a recepción da comunicación, procederase pola Agrupación a notificar e acreditar, no seu caso, a non dispoñibilidade.

Toda actuación que se realice sen a autorización previa do Concello non será aboada con cargo a este convenio.

3º- Realizar a difusión aos medios de comunicación da información acerca das actuacións programadas.

4º- Velar para que as condicións das actuacións e espazos de execución sexan as máis apropiadas para a actividade a desenvolver, consensuando estas coas propias agrupacións artísticas implicadas ou en todo caso coa Agrupación.

5º- Conceder directamente á Agrupación de Centros deportivos e culturais Concello de Vigo, unha subvención por importe de 13.500,00 euros, co obxecto de coadxuvar ao desenvolvemento do programa "Vente con Nós" 2018. Para edicións posteriores, as achegas do Concello de Vigo subordinaranse á existencia de crédito que para cada exercicio autoricen os respectivos orzamentos.

O Concello non asume ningún compromiso distinto dos recollidos no presente convenio.

**Cuarto.-** Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A entidade beneficiaria deberá comunicar ao CONCELLO a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

**Quinto.-** O pagamento da cantidade recollida no pacto terceiro deste convenio efectuarase por transferencia bancaria á conta corrente número ES27.2100.5912.4802.0002.1010, da entidade bancaria La Caixa, da que é titular a entidade beneficiaria, tras a xustificación das axudas.

**Sexto.-** Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reducisen na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción.

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

**Sétimo.-** A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.

**Oitavo.-** A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade ao financiamento municipal da actividade subvencionada mediante a incorporación do logotipo do Concello de Vigo e da imaxe corporativa do evento en todos os soportes publicitarios que edite.

**Décimo.-** En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015 do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC) a AGRUPACIÓN DE CENTROS DEPORTIVOS E CULTURAIS, está obrigada a relacionarse de forma electrónica coas Administracións Públicas.

Para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a conta xustificativa a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na sede electrónica https://sede.vigo.org

A tenor do disposto no artigo. 81 do regulamento da L.X.S. establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán

axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 e xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a achega de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas en papel.

No caso de que se achegue a documentación de forma presencial, requirirase a súa subsanación mediante a súa presentación electrónica. A estes efectos, considérase como data de presentación da documentación aquela na que tivese realizada a subsanación.

A beneficiaria, deberá xustificar antes do 1 de novembro de 2018, o cumprimento das condicións impostas e a consecución dos obxectivos previstos pola concesión da subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto, a conta xustificativa a render deberá conter:

a) **Memoria de actuación** xustificativa do cumprimento das condicións previstas no presente convenio, con indicación das actividades desenvolvidas dentro do programa, datos de participación e asistentes individualizados por evento e por cómputo global, memoria de prensa, rexistro fotográfico e audiovisual e informe de incidencias.

b) **Memoria económica** xustificativa do custo das actividades realizadas, que incorporará:

- Balance económico con detalle dos gastos e ingresos finais e desviacións con relación ao orzamento inicial.
- Relación numerada de todos e cada un dos documentos xustificativos que se acheguen con especificación da súa data de emisión, provedor, obxecto facturado, importe total do documento, data e forma de pagamento.
- Facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas en papel.
- As facturas deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE. Os documentos xustificativos haberán de estar datados no período obxecto deste convenio. As facturas cumprirán os requisitos establecidos para súa expedición no RD 1619/2012 de 30 de novembro polo que se regulan as obrigas de facturación ou as normas sobre a facturación electrónica equivalentes. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. As facturas ou minutas por prestación de servizos profesionais deberán conter os mesmos elementos que os especificados para as facturas e, tratándose de persoas físicas, conterán a correspondente retención fiscal.
- De existiren, relación detallada de outros ingresos ou subvencións que financiaron a actividade, acreditando o seu importe, procedencia e a aplicación dos ditos fondos ás actividades subvencionadas.

**Décimo primeiro.-** No caso de que a ENTIDADE se opoña expresamente a que o CONCELLO comprobe se aquela se atopa ao corrente nas súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non sexa debedora por resolución de procedencia de reintegro, a beneficiaria deberá acreditar estas circunstancias antes de proceder ao pagamento, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7.e da LG 9/2007. De non haber tal oposición expresa, o CONCELLO recabará estes documentos de oficio, tal como estabelece o artigo 28.2 da Lei 39/2015, de 1 de decembro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

**Décimo segundo.-** Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan a natureza da actividade subvencionada e se realicen no exercicio económico do convenio.

**Décimo terceiro.-** A realización da actividade subvencionada, o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención e a axeitada xustificación da mesma, será comprobada polo Servizo de Festas do Concello de Vigo. O persoal técnico do Servizo de Festas emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

**Décimo cuarto.-** A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Festas e Turismo e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

**Décimo quinto.-** Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 da LG 9/2007.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

**Décimo sexto.-** A información sobre as actividades, especialmente en carteis e programas, estará integramente en idioma galego, e terá que ser revisada polo Concello de Vigo. En toda a información editada figurará o logotipo do Concello de Vigo, nas mesmas condicións e tamaños. O material editado deberá contar coa conformidade previa do Servizo de Festas do Concello de Vigo, e disporá dos depósitos legais que lle correspondan.

**Décimo sétimo.-** O mecanismo de seguimento da execución deste convenio establécese en base ás memorias e informes que presente a entidade asinante e a presenza do persoal técnico do Servizo de Festas nas propias actividades programadas.

**Décimo oitavo.-** O presente convenio terá vixencia anual ata o 31 de decembro de 2018 e non será prorrogábel.

**Décimo noveno.-** A concelleira delegada de Festas e Turismo queda facultada para resolver as posíbeis controversias derivadas da execución e interpretación deste convenio, así como para tomar iniciativas que contribúan ao seu cumprimento e desenvolvemento.

**Vixésimo.-** Canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei de Galicia 9/2007 e no Real Decreto 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.

**Vixésimo primeiro.-** A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de Galicia 9/2007 en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, sendo responsable do seu tratamento a

Concellería de Festas. A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante o Servizo de Festas do Concello de Vigo.

**Vixésimo segundo**.- A actividade obxecto deste convenio está destinada ao público en xeral, e o acceso á mesma será público e gratuíto.

**Vixésimo terceiro.-** En cumprimento do estabelecido na resolución de 10 de decembro de 2015, da Intervención Xeral da Administración do Estado pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias de subvencións e axudas no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións, e en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, a Base de Datos Nacional de Subvencións operará como sistema nacional de publicidade das subvencións. A tales efectos, e para garantir o dereito dos cidadáns a coñecer todas as subvencións convocadas en cada momento e cara a contribuir aos principios de publicidade e transparencia, a Intervención Xeral da Administración do Estado publicará na súa paxina web as subvencións concedidas, segundo o estabelecido na Lei 38/2003 de 17 de novembro, xeral de subvencións artigo 20.4 e 20.8.b.

**Vixésimo cuarto.-** A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerase pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e capítulo cuarto da Ley 39/2015, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei de Galicia 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; Así como a Lei 40/2015 de 1 de outubro, as Bases de Execución do vixente orzamento municipal e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

**7(922).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA FEDERACIÓN DE PEÑAS RECREATIVAS EL OLIVO PARA A ORGANIZACIÓN DA FESTA GASTRONÓMICA DO MEXILLÓN 2018. EXPTE. 7541/335.**

Visto o informe xurídico do 02/08/18, e o informe de fiscalización do 14/08/18, dáse conta do informe-proposta do 02/08/18, asinado pola Técnica de Xestión do Servizo de Festas, a xefa do Servizo de Festas, a concelleira-delegada de Festas, e o concelleiro-delegado da Área de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

A concelleira delegada da Área de Festas e Turismo resolveu en data 20 de xullo de 2018, que se iniciase o expediente necesario para a redacción dun convenio de colaboración coa Federación de Peñas Recreativas "El Olivo" (CIF G-36.704.666), para a realización da "Festa do Mexillón 2018", o vindeiro 2 de setembro, no Parque de Castrelos (Vigo), dentro da programación "Vigo en Festas 2018".

A Festa Gastronómica do Mexillón ven organizándose nos últimos anos no Parque de Castrelos con gran éxito organizativo e aceptación entre os cidadáns. Este programa vén sido desenvolvido pola Federación de Peñas Recreativas "El Olivo" (CIF G-36.704.666), que conta como fins, entre outros e segundo os seus estatutos, os de: organizar e desenvolver eventos recreativos e o apoio ás iniciativas desenvolvidas en pro do engrandecemento cultural de Vigo.

A Asociación de Comisión de Festas Nosa Señora das Neves está en condicións de organizar a Festa Gastronómica do Mexillón 2018, conforme ao Programa e ao Presuposto, recollidos como Anexo do texto do convenio. A presente edición da Festa do Mexillón se

desenvolverá o día 2 de setembro de 2018, coa cocción e degustación do mexillón, pregón e entrega do mexillón de ouro, actuacións e despacho do mexillón.

O Concello de Vigo vén levando a cabo dende hai anos unha importante labor para apoiar, potenciar e difundir entre toda a cidadanía unha oferta cultural diversificada que albergue o maior número posíbel de actividades dirixidas a todos os sectores culturais. Dentro de esta oferta vense incluíndo no programa "Vigo en Festas" dos últimos anos unha serie de festas de enxalzamento gastronómico, co obxecto de potenciar os produtos das nosas rías como o mexillón, a sardiña e o pobo.

O carácter cultural atópase entre as competencias atribuídas aos municipios nos artigos 25.2.m e 127 da Lei 7/1985 e aos municipios galegos no artigo 80.2.n da Lei de Galicia 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia.

O expediente de referencia ten por obxecto a aprobación dun convenio para a concesión dunha subvención polo procedemento de réxime directo. Este convenio incorpora os contidos mínimos esixidos para a concesión destas subvencións polo artigo 26.2 da Lei de Galicia 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia , e pola Base 38 de execución do vixente orzamento do Concello de Vigo, contidos que se estiman conformes ao interese público que o convenio persegue.

O convenio é un dos que poden celebrar as administracións públicas con persoas xurídicas privadas, co obxecto de satisfacer os intereses públicos que teñen encomendados e que non se poden cualificar como un contrato administrativo típico na medida en que non se corresponden co obxecto dun contrato de servizos por conter determinadas peculiaridades respecto das pretensións que deben realizar as entidades convenientes e especialmente a inexistencia dun prezo en sentido estrito, ao limitarse a achega económica do Concello a compensar estritamente os gastos realizados polas entidades para a realización das actividades. Este convenio regularase igualmente pola Lei 40/2015 de 1 de outubro de Réxime Xurídico do Sector Público.

O Concello de Vigo e a Federación de Peñas Recreativas "El Olivo" veñen asinando dende o ano 1996 e de forma ininterrompida convenios de colaboración similares para desenvolver este evento, acadando uns resultados moi satisfactorios para ambas as partes.

Conforme ao disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei de Galicia 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o convenio será o instrumento adecuado para canalizar as subvencións que, con carácter excepcional e por razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública, se outorguen directamente.

A presente axuda acóllese ao réxime excepcional de concesión directa, conforme ao artigo 22.2 da Lei 38/2003, atopándose a tal fin previsión nominativa a favor da Federación de Peñas Recreativas "El Olivo". O Concello de Vigo no seu vixente orzamento, na aplicación 3380.489.0005, prevé a concesión dunha subvención directa de carácter nominativo, a través do correspondente convenio por importe de 9.500,00 (nove mil cincocentos) euros a favor da Federación de Peñas Recreativas "El Olivo" para coadxuvar aos gastos de desenvolvemento do programa "Festas de Vigo 2018"

O importe total deste convenio, de carácter anual, con todos os conceptos e impostos incluídos, ascende a 9.500,00 euros.

Este convenio, queda suxeito ao cumprimento pola entidade dun determinado obxectivo de utilidade pública e interese social. A entidade encargarase da organización xeral do evento e asumirá todos os gastos derivados da mesma e que, segundo o presuposto presentado, ascenden a un total de 14.616,00 euros.

Pola súa banda, o Concello de Vigo, ademais de achegar a cantidade económica indicada, solicitará a presenza dos servizos de Protección civil e Policía local nos espectáculos e editará o material gráfico para a difusión da festa da sardiña.

O réxime xurídico de aplicación do presente convenio será a Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o seu regulamento de desenvolvemento, así como a Lei 9/2007,de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.

En aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, a Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) operará como sistema nacional de publicidade das subvencións. A tales efectos, e para garantir o dereito dos cidadáns a coñecer todas as subvencións convocadas en cada momento e cara a contribuír aos principios de publicidade e transparencia, a Intervención Xeral da Administración do Estado publicará na súa paxina web as subvencións concedidas, segundo o estabelecido na Lei 38/2003, nos artigos 20. 4 e 8 b).

De conformidade co artigo 127.g da Lei 7/1985, corresponderá á Xunta de Goberno local a aprobación do convenio e, con carácter previo, a aprobación do gasto de conformidade co previsto no artigo 31 da Lei 9/2007de Subvencións de Galicia. Así mesmo, queda facultada a concelleira delegada da Área de Festas e Turismo para asinar o citado convenio, ao amparo do Decreto de delegación de competencias da Alcaldía de 19 de xuño de 2015.

Á vista do exposto, previo os informes xurídico e da Intervención de fondos, coa conformidade da concelleira de Festas e Turismo e do concelleiro de Orzamentos e Facenda, faise á Xunta de Goberno local a seguinte

PROPOSTA:

“1º.- Que se aprobe o texto de convenio, que se achega no expediente, entre o Concello de Vigo e a Federación de Peñas Recreativas “El Olivo”, CIF G-36.704.666, para a organización da “Festa Gastronómica do Mexillón 2018”.

2º.- Que se autorice un gasto por importe de 9.500,00 euros, en concepto do estipulado no convenio, a favor da Federación de Peñas Recreativas “El Olivo” con cargo á aplicación presupostaria 3380.489.0005 (Convenio Fed. Peñas recreativas El olivo-Festa Mexillón) do programa orzamentario de Festas para o vixente exercicio económico.

**Acordo:**
A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

PROPOSTA DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A FEDERACIÓN DE PEÑAS RECREATIVAS “EL OLIVO” PARA A ORGANIZACIÓN DA FESTA GASTRONÓMICA DO MEXILLÓN 2018.

Na Casa do Concello de Vigo, a de dous mil dezaoito.

**REUNIDOS**

Dunha parte, dona ANA LAURA IGLESIAS GONZÁLEZ, na súa calidade de CONCELLEIRA-DELEGADA DA ÁREA DE FESTAS E TURISMO DO CONCELLO DE VIGO, na representación legal do mesmo, en virtude do decreto da Alcaldía de 19 de xuño de 2015 e acordo da Xunta de Goberno de data 19 de xuño de 2015.

Doutra, don Camilo Pais Martínez, como presidente da Federación de Peñas Recreativas "El Olivo", CIF nº G-36.704.666 e enderezo social na rúa Otero Pedraio, nº 5, Praza Galegos Ilustres de Vigo, na representación da mesma, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación do seu secretario que figura na documentación do expediente núm. 7541/335.

Recoñecéndose mutuamente os comparecentes a plena capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio

**MANIFESTAN**

**I.-** Os intervenientes conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión dunha subvención, cuxo obxecto é a organización da Festa Gastronómica do Mexillón 2018, que se desenvolverá o día 2 de setembro de 2018, dentro do programa de actividades **"Vigo en Festas 2018**" no Parque de Castrelos. A exclusividade do programa considérase acreditada no proxecto presentado pola antedita asociación, así como o seu interese público e social.

**II.-** O Concello de Vigo e a Federación de Peñas Recreativas "El Olivo", veñen asinando dende o ano 1996 e de forma ininterrompida, convenios de colaboración para desenvolver a Festa Gastronómica do Mexillón, cuns resultados acadados moi satisfactorios para ambas as partes.

**III.-** A Federación de Peñas Recreativas "El Olivo" ten entre outros fins, e segundo os seus estatutos, os de: organización e desenvolvemento de eventos recreativos e o apoio ás iniciativas desenvolvidas en pro do engrandecemento cultural de Vigo.

**IV.-** O Concello de Vigo vén organizando o programa de actividades "Vigo en Festas 2018" que se desenvolve nos meses de xullo e agosto na cidade de Vigo, co obxecto de potenciar a oferta cultural que lle achega á cidadanía; neste sentido existe un grande interese en apoiar as festas gastronómicas de enxalzamento de produtos da nosa ría, como son o polbo, a sardiña e o mexillón, así como os nosos folclore e cultura populares. De igual maneira, o Concello está interesado en achegarlle á cidadanía unha oferta cultural diversificada e popular que albergue o maior número posíbel de actividades, dirixidas a todos os sectores culturais.

**V.-** O carácter cultural atópase entre as competencias atribuídas aos municipios no artigo 25.2.m e 127 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e aos municipios galegos no artigo 80.2.n da Lei de Galicia 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia.

**VI.-** O artigo 72 da Lei 7/1985 fai referencia á conveniencia da participación de entidades de carácter sociocultural como colaboradores na organización de diversos programas e acontecementos culturais, ofertados polas entidades locais.

**VII.-** Conforme o disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei de Galicia 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o convenio será o instrumento adecuado para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente que, con carácter excepcional e

por razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública se outorguen directamente.

**VIII.** O Concello de Vigo no seu vixente presuposto, na aplicación orzamentaria 3380.489.0005, prevé nominativamente a concesión dunha subvención por importe 9.500,00 (nove mil cincocentos) euros, a favor da Federación de Peñas Recreativas "El Olivo" para o desenvolvemento da Festa do Mexillón 2018.

**IX.-** A Federación de Peñas Recreativas "El Olivo" non está incurso en prohibición para ser beneficiario das subvencións obxecto da Lei de Galicia 9/2007, achase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente nº 7541/335.

En base ás precedentes consideracións e ao interese cultural que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade da FEDERACIÓN DE PEÑAS RECREATIVAS EL OLIVO, o CONCELLO DE VIGO e a dita entidade conveñen a súa colaboración no ámbito cultural e a concesión da referida subvención en base aos seguintes

**PACTOS**

**Primeiro.-** A Federación de Peñas Recreativas "El Olivo" comprométese a colaborar co Concello en canto ao desenvolvemento da Festa do Mexillón 2018 que terá lugar no Parque de Castrelos o día 2 de setembro de 2018, en particular a:

1º. Asumir todo o concernente á organización das actividades obxecto do convenio, achegando toda infraestrutura e equipo humano necesarios para tal fin, seguro de responsabilidade civil así como cumprir a programación que consta no expediente.

2º.- Asumir todos os gastos que se deriven deste convenio, agás os que especifiquen como responsabilidade do Concello.

3º.- Obter todos os permisos e autorizacións necesarios para a realización desta actividade.

4º.- Comezar as actividades do programa á hora anunciada ao público e comprobar coa antelación suficiente o correcto funcionamento das instalacións e equipamento, para realizar as correccións técnicas que resulten necesarias.

5º.- Xestionar e aboar a cantidade que corresponda polos dereitos de autor que se xeren pola programación que figura nesta expediente.

6º.-Distribuír o material publicitario editado con motivo das festas, entregado polo Concello.

7º.- Responsabilizarse fronte a calquera dano que se cause a terceiros con ocasión do desenvolvemento da actividade, asumindo a contratación dunha póliza de seguro de responsabilidade civil que atenda calquera accidente ou incidencia que se poida producir en relación ao desenvolvemento das actividades; a ENTIDADE entregará ao CONCELLO copia da póliza e do recibo correspondente, nos días previos ao inicio da festa.

8º.- Deixar a zona do Parque de Castrelos que se utilice para a festa en perfectas condicións de limpeza e respectando a natureza do entorno.

9º.- Contratar a elaboración dun Plan de Autoprotección que avalíe os riscos que se poidan derivar da execución do programa de actividades, cumprindo coas recomendacións que deriven do mesmo, se así o require o Servizo de Seguridade e Mobilidade.

En xeral cumprir coas obrigas consignadas para as beneficiarias das subvencións no artigo 11 da Lei de Galicia 9/2007.

**Segundo.-** O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1º.- Colaborar coa organización da festa en xestións como a presenza da Policía Local e Protección Civil, para o seu bo desenvolvemento.

2º.- Achegar un total de cincocentos carteis con motivo da festa, que entregará á entidade beneficiaria para a súa distribución, cunha antelación mínima de dez días.

3º.- Incluír esta actividade na campaña de publicidade que o Concello realice con motivo do programa das "Vigo en Festas 2018".

4º.- Achegar unha banda popular de música con cargo ao convenio asinado polo Concello coa Federación de Bandas populares de música de Vigo.

5º.- Conceder directamente á Federación de Peñas Recreativas "El Olivo", unha subvención por importe de 9.500,00 (nove mil cincocentos) euros co obxecto de coadxuvar ao financiamento da organización da Festa do Mexillón 2018.

O Concello non asume ningún compromiso distinto dos recollidos no presente convenio.

**Terceiro.-** Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A entidade beneficiaria deberá comunicar ao Concello a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

**Cuarto.-** O pagamento da cantidade estipulada no pacto segundo deste convenio efectuarase por transferencia bancaria á conta corrente número IBAN ES09 2080 5077 9330 4001 6285 da entidade NOVAGALICIA, e da que é titular a entidade beneficiaria, tras a xustificación das axudas segundo o estabelecido no pacto noveno.

**Quinto.-** Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reducisen na execución da actividade subvencionada as

actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción.

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

**Sexto.-** A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.

**Sétimo.-** A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade ao financiamento municipal da actividade subvencionada mediante a incorporación do logotipo do Concello de Vigo e da imaxe corporativa do evento en todos o soportes publicitarios que edite.

**Oitavo.-** En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015 do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC) a FEDERACIÓN DE PEÑAS RECREATIVAS EL OLIVO, está obrigada a relacionarse de forma electrónica coas Administracións Públicas.

Para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a conta xustificativa a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na sede electrónica https://sede.vigo.org

A tenor do disposto no artigo. 81 do regulamento da L.X.S. establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 e xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a achega de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas en papel.

No caso de que se achegue a documentación de forma presencial, requirirase a súa subsanación mediante a súa presentación electrónica. A estes efectos, considérase como data de presentación da documentación aquela na que tivese realizada a subsanación.

**Noveno.-** A beneficiaria, unha vez rematada a actividade subvencionada e antes do mes de decembro, deberá xustificar o cumprimento das condicións impostas e a consecución dos obxectivos previstos pola concesión da subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto, a conta xustificativa a render deberá conter:

a) **Memoria de actuación** xustificativa do cumprimento das condicións previstas no presente convenio, con indicación das actividades desenvolvidas dentro do programa, datos de participación global, memoria de prensa, rexistro fotográfico e audiovisual e informe de incidencias.

b) **Memoria económica** xustificativa do custo das actividades realizadas, que incorporará:

- Balance económico con detalle dos gastos e ingresos finais e desviacións con relación ao orzamento inicial.

- Relación numerada de todos e cada un dos documentos xustificativos que se acheguen con especificación da súa data de emisión, provedor, obxecto facturado, importe total do documento, data e forma de pagamento.

- Facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas en papel.

- As facturas deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE. Os documentos xustificativos haberán de estar datados no período obxecto deste convenio. As facturas cumprirán os requisitos establecidos para súa expedición no RD 1619/2012 de 30 de novembro polo que se regulan as obrigas de facturación ou as normas sobre a facturación electrónica equivalentes. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. As facturas ou minutas por prestación de servizos profesionais deberán conter os mesmos elementos que os especificados para as facturas e, tratándose de persoas físicas, conterán a correspondente retención fiscal.

De existiren, relación detallada de outros ingresos ou subvencións que financiaron a actividade, acreditando o seu importe, procedencia e a aplicación dos ditos fondos ás actividades subvencionadas. A presente subvención terá a publicidade prevista no artigo 15 da Lei de Galicia 9/2007.

**Noveno.-** No caso de que a Federación de Peñas Recreativas “El Olivo” se opoña expresamente a que o Concello comprobe se aquela se atopa ao corrente nas súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non sexa debedora por resolución de procedencia de reintegro, a beneficiaria deberá acreditar estas circunstancias antes de proceder ao pagamento, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7.e da LG 9/2007. De non haber tal oposición expresa, o Concello recabará estes documentos de oficio, tal como estabelece o artigo 28.2 da Lei 39/2015, de 1 de decembro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

**Décimo.-** Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan a natureza da actividade subvencionada e se realicen no exercicio económico do convenio.

**Décimo primeiro.-** A realización da actividade subvencionada, o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención e a axeitada xustificación da mesma, será comprobada polo Servizo de Festas do Concello de Vigo. O persoal técnico do Servizo de Festas emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

**Décimo segundo.-** A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Festas e Turismo e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

**Décimo terceiro.-** Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 da Lei de Galicia 9/2007.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

**Décimo cuarto.-** A información sobre as actividades, especialmente en carteis e programas, estará integramente en idioma galego, e terá que ser revisada polo Concello de Vigo. En toda a información editada figurarán o logotipo do Concello de Vigo e da Asociación, nas mesmas condicións e tamaños. O material editado deberá contar coa conformidade previa do Servizo de Festas do Concello de Vigo, e disporá dos depósitos legais que lle correspondan.

**Décimo quinto.-** O mecanismo de seguimento da execución deste convenio establécese en base ás memorias e informes que presenten as entidades asinantes e a presenza do persoal técnico do Servizo de Festas nas propias actividades programadas.

**Décimo sexto.**- O presente convenio terá vixencia anual ata o 31 de decembro de 2018 e non será prorrogábel.

**Décimo sétimo.-** A concelleira delegada de Festas e Turismo queda facultada para resolver as posíbeis controversias derivadas da execución e interpretación deste convenio, así como para tomar iniciativas que contribúan ao seu cumprimento e desenvolvemento.

**Décimo oitavo.-** En canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia e na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

**Décimo noveno.-** A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de Galicia 9/2007 en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 39/2015 e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Festas. A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante o Servizo de Festas do Concello de Vigo.

**Vixésimo.**- A actividade obxecto deste convenio está destinada ao público en xeral, e o acceso á mesma será libre e gratuíto; o número de asistentes limitarase á capacidade do lugar onde se celebre. De todos os xeitos, as actividades, servizos ou produtos ofertados alí poderán traer consigo unha achega económica por parte dos usuarios (billetes, entradas, etc.).

Por este motivo, a entidade beneficiaria proporá ao Concello os prezos para cada unha das actividades, servizos ou produtos, para obter a conformidade da concellería de Festas e Turismo. A entidade deberá expor durante a celebración da actividade, nun lugar perfectamente visíbel, o listado de prezos de venda ao público.

A tal fin, establecerase un sistema de control de ingresos procedentes do goce ou uso das distintas actividades, que poderán ser billetes ou xustificantes de ingresos, nos que deberán figurar os conceptos e importes, e que estarán numerados correlativamente. A entidade proporalle ao Concello os modelos de billetes ou xustificantes, e tamén o seu número, para obter a correspondente conformidade.

**Vixésimo primeiro.-** En cumprimento do establecido na resolución de 10 de decembro de 2015, da Intervención Xeral da Administración do Estado pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias de subvencións e axudas no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións, e en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, a Base de Datos Nacional de Subvencións operará como sistema nacional de publicidade das subvencións. A tales efectos, e para garantir o dereito dos cidadáns a coñecer todas as subvencións convocadas en cada momento e cara a contribuír aos principios de publicidade e transparencia, a Intervención Xeral da Administración do Estado publicará na súa paxina web as subvencións concedidas, segundo o estabelecido na Lei 38/2003 de 17 de novembro, xeral de subvencións artigo 20.4 e 20.8.b.

**Vixésimo segundo.-** A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerase pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei de Galicia 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; así como a Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, as Bases de Execución do vixente orzamento municipal e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

E, en proba da súa conformidade, asinan o presente convenio, por triplicado exemplar, en Vigo, no lugar e data que se indican.

**8(923).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA ASOCIACIÓN DE FESTAS NOSA SEÑORA DAS NEVES DA GUÍA PARA A ORGANIZACIÓN DA FESTA GASTRONÓMICA DA SARDIÑA 2018. EXPTE. 7441/335.**

Visto o informe xurídico do 02/08/18, e o informe de fiscalización do 14/08/18, dáse conta do informe-proposta do 22/08/18, asinado pola Técnica de Xestión do Servizo de Festas, o concelleiro-delegado da Área de Festas e Turismo (resolución 17/08/18), e polo concelleiro-delegado da Área de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

A concelleira delegada da Área de Festas e Turismo resolveu en data 16 de xullo de 2018, que se iniciase o expediente necesario para a redacción dun convenio de colaboración coa "Asociación de Comisión de Fiestas Nuestra Señora de las Nieves de la Guía" (CIF G-36.731.404), para a realización da "Festa da Sardiña 2018", os días 18 e 19 de agosto, na Carballeira da Guía (Teis), dentro da programación "Vigo en Festas 2018".

A Festa Gastronómica da Sardiña ven organizándose nos últimos anos na carballeira do monte da Guía con gran éxito organizativo e aceptación entre os cidadáns. Este programa vén sido desenvolvido pola Asociación de Comisión de Festas Nosa Señora das Neves da

Guía (CIF G-36.731.404), que conta como fins, entre outros e segundo os seus estatutos, os de: organizar as Festas populares, actividades culturais recreativas e festivas e todos aqueles actos relacionados con ditos fins sociais.

A Asociación de Comisión de Festas Nosa Señora das Neves está en condicións de organizar a Festa Gastronómica da Sardiña 2018, conforme ao Programa e ao Presuposto, recollidos como Anexo do texto do convenio. A presente edición da Festa da Sardiña desenvolveuse os días 18 e 19 de agosto de 2018, co reparto de sardiñas e pan de millo, concerto dunha banda de música, entrega da sardiña de ouro, recepción ao señor Alcalde e demais autoridades e ao homenaxeado, actuación da Escola de Música Tradicional da AA.VV. de Teis, actuacións do grupo Folc de Coiro e o grupo Folc de Zanfonas, actuación dunha orquestra, baixada das carrilanas dende a Ermida da Guía ao Richote, entrega de trofeos do 3º trofeo de veteranos das festas da Guía, actuacións musicais e por último, música galega por o torreiro da Carballeira da Guía amenizado por o grupo de gaitas Os Catro Quintos.

O Concello de Vigo vén levando a cabo dende hai anos unha importante labor para apoiar, potenciar e difundir entre toda a cidadanía unha oferta cultural diversificada que albergue o maior número posíbel de actividades dirixidas a todos os sectores culturais. Dentro de esta oferta vense incluíndo no programa “Vigo en Festas” dos últimos anos unha serie de festas de enxalzamento gastronómico, co obxecto de potenciar os produtos das nosas rías como o mexillón, a sardiña e o pobo.

O carácter cultural atópase entre as competencias atribuídas aos municipios nos artigos 25.2.m e 127 da Lei 7/1985 e aos municipios galegos no artigo 80.2.n da Lei de Galicia 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia.

O expediente de referencia ten por obxecto a aprobación dun convenio para a concesión dunha subvención polo procedemento de réxime directo. Este convenio incorpora os contidos mínimos esixidos para a concesión destas subvencións polo artigo 26.2 da Lei de Galicia 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e pola Base 38 de execución do vixente orzamento do Concello de Vigo, contidos que se estiman conformes ao interese público que o convenio persegue.

O convenio é un dos que poden celebrar as administracións públicas con persoas xurídicas privadas, co obxecto de satisfacer os intereses públicos que teñen encomendados e que non se poden cualificar como un contrato administrativo típico na medida en que non se corresponden co obxecto dun contrato de servizos por conter determinadas peculiaridades respecto das pretensións que deben realizar as entidades convenientes e especialmente a inexistencia dun prezo en sentido estrito, ao limitarse a achega económica do Concello a compensar estritamente os gastos realizados polas entidades para a realización das actividades. Este convenio regularase igualmente pola Lei 40/2015 de 1 de outubro de Réxime Xurídico do Sector Público.

O Concello de Vigo e a Asociación de Comisión de Festas Nosa Señora das Neves da Guía veñen asinando dende o ano 1996 e de forma ininterrompida convenios de colaboración similares para desenvolver este evento, acadando uns resultados moi satisfactorios para ambas as partes.

Conforme ao disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei de Galicia 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o convenio é o instrumento adecuado para canalizar as subvencións que, con carácter

excepcional e por razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública, se outorguen directamente.

A presente axuda acóllese ao réxime excepcional de concesión directa, conforme ao artigo 22.2 da Lei 38/2003, atopándose a tal fin previsión nominativa a favor da Asociación de Comisión de Fiestas Nuestra Señora de las Nieves de la Guía. O Concello de Vigo no seu vixente orzamento, na aplicación 3380.489.0004, prevé a concesión dunha subvención directa de carácter nominativo, a través do correspondente convenio por importe de 9.500,00 (nove mil cincocentos) euros a favor da Asociación de Comisión de Fiestas Nuestra Señora de las Nieves de la Guía para coadxuvar aos gastos de desenvolvemento do programa “Festas de Vigo 2018”

O importe total deste convenio, de carácter anual, con todos os conceptos e impostos incluídos, ascende a 9.500,00 euros.

A entidade, coa celebración da festa da sardiña os pasados días 17 e 18 de agosto cumpriu co obxectivo de utilidade pública e interese social. A entidade encargouse da organización xeral do evento e asumiu todos os gastos derivados da mesma e que, segundo o presuposto presentado, ascenden a un total de 14.650,00 euros.

Pola súa banda, o Concello de Vigo, ademais de achegar a cantidade económica indicada, achegou os servizos de Protección civil e Policía local nos espectáculos celebrados e editou o material gráfico para a difusión da festa da sardiña.

O réxime xurídico de aplicación do presente convenio é a Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o seu regulamento de desenvolvemento, así como a Lei 9/2007,de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.

En aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, a Base de Datos Nacional de Subvencións BDNS operará como sistema nacional de publicidade das subvencións. A tales efectos, e para garantir o dereito dos cidadáns a coñecer todas as subvencións convocadas en cada momento e cara a contribuír aos principios de publicidade e transparencia, a Intervención Xeral da Administración do Estado publicará na súa paxina web as subvencións concedidas, segundo o estabelecido na Lei 38/2003, nos artigos 20. 4 e 8 b).

De conformidade co artigo 127.g da Lei 7/1985, corresponde á Xunta de Goberno local a aprobación do convenio e, con carácter previo, a aprobación do gasto de conformidade co previsto no artigo 31 da Lei 9/2007de Subvencións de Galicia. Así mesmo, queda facultada a concelleira delegada da Área de Festas e Turismo para asinar o citado convenio, ao amparo do Decreto de delegación de competencias da Alcaldía de 19 de xuño de 2015.

Á vista do exposto, emitidos os informes xurídico e da Intervención de fondos, coa conformidade do concelleiro-delegado de Festas e Turismo por resolución de delegación de data 17/08/2018 e do concelleiro de Orzamentos e Facenda, faise á Xunta de Goberno local a seguinte

PROPOSTA:

“1º.- Que se aprobe o texto de convenio, que se achega ao expediente, entre o Concello de Vigo e a “Asociación de la Comisión de Fiestas Nuestra Señora de las Nieves de la Guía”, CIF G-36.731.404, para á organización da “Festa Gastronómica da Sardiña 2018”.

2º.- Que se autorice un gasto por importe de 9.500,00 euros, en concepto do estipulado no convenio, a favor da “Asociación de la Comisión de Fiestas Nuestra Señora de las Nieves de la Guía” con cargo á aplicación presupostaria 3380.489.0004 (Convenio Comisión Festas N S das neves da Guía – Festa Sardiña) do programa orzamentario de Festas para o vixente exercicio económico.

**Acordo:**
A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

PROPOSTA DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ASOCIACIÓN DA COMISIÓN DE FESTAS NOSA SEÑORA DAS NEVES DA GUÍA PARA A ORGANIZACIÓN DA FESTA GASTRONÓMICA DA SARDIÑA 2018.

Na Casa do Concello de Vigo, a de dous mil dezaoito.

**REUNIDOS**

Dunha parte, dona ANA LAURA IGLESIAS GONZÁLEZ, na súa calidade de CONCELLEIRA-DELEGADA DA ÁREA DE FESTAS E TURISMO DO CONCELLO DE VIGO, na representación legal do mesmo, en virtude do decreto da Alcaldía de 19 de xuño de 2015 e acordo da Xunta de Goberno de data 19 de xuño de 2015.

Doutra, don José Gonda Faria, como presidente da Asociación de Comisión de Festas Nosa Señora das Neves da Guía, CIF nº G-36.731.404 e enderezo social na rúa Alonso Ojeda nº 14 de Vigo, na representación da mesma, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación do seu secretario que figura na documentación do expediente núm. 7441/335.

Recoñecéndose mutuamente os comparecentes a plena capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio

**MANIFESTAN**

**I.-** Os intervenientes conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión dunha subvención, cuxo obxecto é a organización da Festa Gastronómica da Sardiña 2018, que se desenvolverá os días 18 e 19 de agosto de 2018, dentro do programa de actividades **“Vigo en Festas 2018**” na carballeira do monte da Guía. A exclusividade do programa considérase acreditada no proxecto presentado pola antedita asociación, así como o seu interese público e social.

**II.-** O Concello de Vigo e a Asociación de Comisión de Festas Nosa Señora das Neves da Guía veñen asinando dende o ano 1996 e de forma ininterrompida, convenios de colaboración para desenvolver a Festa Gastronómica da Sardiña, cuns resultados acadados moi satisfactorios para ambas as partes.

**III.-** A Asociación de Comisión de Festas Nosa Señora das Neves da Guía ten entre outros fins, e segundo os seus estatutos, os de: a organización de festas populares, actividades culturais recreativas e festivas e todos aqueles actos relacionados cos ditos fins sociais.

**IV.-** O Concello de Vigo vén organizando o programa de actividades “Vigo en Festas 2018” que se desenvolve nos meses de xullo e agosto na cidade de Vigo, co obxecto de potenciar a oferta

cultural que lle achega á cidadanía; neste sentido existe un grande interese en apoiar as festas gastronómicas de enxalzamento de produtos da nosa ría, como son o polbo, a sardiña e o mexillón, así como os nosos folclore e cultura populares. De igual maneira, o Concello está interesado en achegarlle á cidadanía unha oferta cultural diversificada e popular que albergue o maior número posíbel de actividades, dirixidas a todos os sectores culturais.

**V.-** O carácter cultural atópase entre as competencias atribuídas aos municipios no artigo 25.2.m e 127 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e aos municipios galegos no artigo 80.2.n da Lei de Galicia 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia.

**VI.-** O artigo 72 da Lei 7/1985 fai referencia á conveniencia da participación de entidades de carácter sociocultural como colaboradores na organización de diversos programas e acontecementos culturais, ofertados polas entidades locais.

**VII.-** Conforme o disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei de Galicia 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o convenio será o instrumento adecuado para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente que, con carácter excepcional e por razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública se outorguen directamente.

**VIII.** O Concello de Vigo no seu vixente presuposto, na aplicación orzamentaria 3380.489.0004, prevé nominativamente a concesión dunha subvención por importe 9.500,00 (nove mil cincocentos) euros, a favor da Asociación de Comisión de Festas Nosa Señora das Neves da Guía para o desenvolvemento da Festa da Sardiña 2018.

**IX.-** A Asociación de Comisión de Festas Nosa Señora das Neves da Guía non está incursa en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de Galicia 9/2007, achase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente nº 7441/335.

En base ás precedentes consideracións e ao interese cultural que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade da ASOCIACIÓN DA COMISIÓN DE FESTAS NOSA SEÑORA DAS NEVES DA GUÍA, o CONCELLO DE VIGO e a dita entidade conveñen a súa colaboración no ámbito cultural e a concesión da referida subvención en base aos seguintes

**PACTOS**

**Primeiro.-** A Asociación de Comisión de Festas Nosa Señora das Neves da Guía comprométese a colaborar co Concello en canto ao desenvolvemento da Festa da Sardiña 2018 que terá lugar na carballeira da Guía os días 18 e 19 de agosto de 2018, en particular a:

1º. Asumir todo o concernente á organización das actividades obxecto do convenio, achegando toda infraestrutura e equipo humano necesarios para tal fin, seguro de responsabilidade civil así como cumprir a programación que consta no expediente.

2º.- Asumir todos os gastos que se deriven deste convenio, agás os que especifiquen como responsabilidade do Concello.

3º.- Obter todos os permisos e autorizacións necesarios para a realización desta actividade.

4º.- Comezar as actividades do programa á hora anunciada ao público e comprobar coa antelación suficiente o correcto funcionamento das instalacións e equipamento, para realizar as correccións técnicas que resulten necesarias.

5º.- Xestionar e aboar a cantidade que corresponda polos dereitos de autor que se xeren pola programación que figura nesta expediente.

6º.-Distribuír o material publicitario editado con motivo das festas, entregado polo Concello.

7º.- Responsabilizarse fronte a calquera dano que se cause a terceiros con ocasión do desenvolvemento da actividade, asumindo a contratación dunha póliza de seguro de responsabilidade civil que atenda calquera accidente ou incidencia que se poida producir en relación ao desenvolvemento das actividades; a ENTIDADE entregará ao CONCELLO copia da póliza e do recibo correspondente, nos días previos ao inicio da festa.

8º.- Deixar a zona da "Carballeira da Guía" que se utilice para a festa en perfectas condicións de limpeza e respectando a natureza do entorno.

9º.- Contratar a elaboración dun Plan de Autoprotección que avalíe os riscos que se poidan derivar da execución do programa de actividades, cumprindo coas recomendacións que deriven do mesmo, se así o require o Servizo de Seguridade e Mobilidade.

En xeral cumprir coas obrigas consignadas para as beneficiarias das subvencións no artigo 11 da Lei de Galicia 9/2007.

**Segundo.-** O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1º.- Colaborar coa organización da festa en xestións como a presenza da Policía Local e Protección Civil, para o seu bo desenvolvemento.

2º.- Achegar un total de cincocentos carteis con motivo da festa, que entregará á entidade beneficiaria para a súa distribución, cunha antelación mínima de dez días.

3º.- Incluír esta actividade na campaña de publicidade que o Concello realice con motivo do programa das "Vigo en Festas 2018".

4º.- Achegar unha banda popular de música con cargo ao convenio asinado polo Concello coa Federación de Bandas populares de música de Vigo.

5º.- Conceder directamente á Asociación de Comisión de Festas Nosa Señora das Neves da Guía, unha subvención por importe de 9.500,00 (nove mil cincocentos) euros co obxecto de coadxuvar ao financiamento da organización da Festa da Sardiña 2018.

O Concello non asume ningún compromiso distinto dos recollidos no presente convenio.

**Terceiro.-** Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A entidade beneficiaria deberá comunicar ao Concello a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

**Cuarto.-** O pagamento da cantidade estipulada no pacto segundo deste convenio efectuarase por transferencia bancaria á conta corrente número ES68 2080 5063 3130 4002 2938 da entidade ABANCA, e da que é titular a entidade beneficiaria, tras a xustificación das axudas segundo o establecido no pacto noveno.

**Quinto.-** Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reducisen na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción.

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

**Sexto.-** A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.

**Sétimo.-** A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade ao financiamento municipal da actividade subvencionada mediante a incorporación do logotipo do Concello de Vigo e da imaxe corporativa do evento en todos o soportes publicitarios que edite.

**Oitavo.-** En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015 do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC) a ASOCIACIÓN DA COMISIÓN DE FESTAS NOSA SEÑORA DAS NEVES DA GUÍA está obrigada a relacionarse de forma electrónica coas Administracións Públicas.

Para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a conta xustificativa a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na sede electrónica https://sede.vigo.org

A tenor do disposto no artigo. 81 do regulamento da L.X.S. establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 e xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a achega de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas en papel.

No caso de que se achegue a documentación de forma presencial, requirirase a súa subsanación mediante a súa presentación electrónica. A estes efectos, considérase como data de presentación da documentación aquela na que tivese realizada a subsanación.

**Noveno.-** A beneficiaria, unha vez rematada a actividade subvencionada e antes do mes de decembro, deberá xustificar o cumprimento das condicións impostas e a consecución dos obxectivos previstos pola concesión da subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto, a conta xustificativa a render deberá conter:

a) **Memoria de actuación** xustificativa do cumprimento das condicións previstas no presente convenio, con indicación das actividades desenvolvidas dentro do programa, datos de participación global, memoria de prensa, rexistro fotográfico e audiovisual e informe de incidencias.

b) **Memoria económica** xustificativa do custo das actividades realizadas, que incorporará:

- Balance económico con detalle dos gastos e ingresos finais e desviacións con relación ao orzamento inicial.

- Relación numerada de todos e cada un dos documentos xustificativos que se acheguen con especificación da súa data de emisión, provedor, obxecto facturado, importe total do documento, data e forma de pagamento.

- Facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas en papel.

- As facturas deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE. Os documentos xustificativos haberán de estar datados no período obxecto deste convenio. As facturas cumprirán os requisitos establecidos para súa expedición no RD 1619/2012 de 30 de novembro polo que se regulan as obrigas de facturación ou as normas sobre a facturación electrónica equivalentes. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. As facturas ou minutas por prestación de servizos profesionais deberán conter os mesmos elementos que os especificados para as facturas e, tratándose de persoas físicas, conterán a correspondente retención fiscal.

De existiren, relación detallada de outros ingresos ou subvencións que financiaron a actividade, acreditando o seu importe, procedencia e a aplicación dos ditos fondos ás actividades subvencionadas. A presente subvención terá a publicidade prevista no artigo 15 da Lei de Galicia 9/2007.

**Décimo.-** No caso de que a Asociación se opoña expresamente a que o Concello comprobe se aquela se atopa ao corrente nas súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non sexa debedora por resolución de procedencia de reintegro, a beneficiaria deberá acreditar estas circunstancias antes de proceder ao pagamento, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7.e da LG 9/2007. De non haber tal oposición expresa, o Concello recabará estes documentos de oficio, tal como estabelece o artigo 28.2 da Lei 39/2015, de 1 de decembro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

**Décimo primeiro.-** Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan a natureza da actividade subvencionada e se realicen no exercicio económico do convenio.

**Décimo segundo.-** A realización da actividade subvencionada, o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención e a axeitada xustificación da mesma, será comprobada polo Servizo de Festas do Concello de Vigo. O persoal técnico do Servizo de Festas emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

**Décimo terceiro.-** A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Festas e Turismo e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

**Décimo cuarto.-** Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 da Lei de Galicia 9/2007.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

**Décimo quinto.-** A información sobre as actividades, especialmente en carteis e programas, estará integramente en idioma galego, e terá que ser revisada polo Concello de Vigo. En toda a información editada figurarán o logotipo do Concello de Vigo e da Asociación, nas mesmas condicións e tamaños. O material editado deberá contar coa conformidade previa do Servizo de Festas do Concello de Vigo, e disporá dos depósitos legais que lle correspondan.

**Décimo sexto.-** O mecanismo de seguimento da execución deste convenio establécese en base ás memorias e informes que presenten as entidades asinantes e a presenza do persoal técnico do Servizo de Festas nas propias actividades programadas.

**Décimo sétimo.**- O presente convenio terá vixencia anual ata o 31 de decembro de 2018 e non será prorrogábel.

**Décimo oitavo.-** A concelleira delegada de Festas e Turismo queda facultada para resolver as posíbeis controversias derivadas da execución e interpretación deste convenio, así como para tomar iniciativas que contribúan ao seu cumprimento e desenvolvemento.

**Décimo noveno.-** En canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia e na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

**Vixésimo.-** A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das

publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de Galicia 9/2007 en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 39/2015 e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Festas. A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante o Servizo de Festas do Concello de Vigo.

**Vixésimo primeiro.**- A actividade obxecto deste convenio está destinada ao público en xeral, e o acceso á mesma será libre e gratuíto; o número de asistentes limitarase á capacidade do lugar onde se celebre. De todos os xeitos, as actividades, servizos ou produtos ofertados alí poderán traer consigo unha achega económica por parte dos usuarios (billetes, entradas, etc.).

Por este motivo, a entidade beneficiaria proporá ao Concello os prezos para cada unha das actividades, servizos ou produtos, para obter a conformidade da concellería de Festas e Turismo. A entidade deberá expor durante a celebración da actividade, nun lugar perfectamente visíbel, o listado de prezos de venda ao público.

A tal fin, establecerase un sistema de control de ingresos procedentes do goce ou uso das distintas actividades, que poderán ser billetes ou xustificantes de ingresos, nos que deberán figurar os conceptos e importes, e que estarán numerados correlativamente. A entidade proporalle ao Concello os modelos de billetes ou xustificantes, e tamén o seu número, para obter a correspondente conformidade.

**Vixésimo segundo.-** En cumprimento do estabelecido na resolución de 10 de decembro de 2015, da Intervención Xeral da Administración do Estado pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias de subvencións e axudas no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións, e en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, a Base de Datos Nacional de Subvencións operará como sistema nacional de publicidade das subvencións. A tales efectos, e para garantir o dereito dos cidadáns a coñecer todas as subvencións convocadas en cada momento e cara a contribuír aos principios de publicidade e transparencia, a Intervención Xeral da Administración do Estado publicará na súa paxina web as subvencións concedidas, segundo o estabelecido na Lei 38/2003 de 17 de novembro, xeral de subvencións artigo 20.4 e 20.8.b.

**Vixésimo terceiro.-** A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerase pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei de Galicia 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; así como a Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, as Bases de Execución do vixente orzamento municipal e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

E, en proba da súa conformidade, asinan o presente convenio, por triplicado exemplar, en Vigo, no lugar e data que se indican.

**9(924). - DAR CONTA DA RELACIÓN DE CONTRATOS MENORES TRAMITADOS NA OFICINA DE MEDIO AMBIENTE, SANIDADE, CONSUMO, LABORATORIO E VIGOZOO DE MARZO-XUÑO DE 2018. EXPTE.13647/306.**

Dáse conta do informe-proposta do 14/08/18, asinado polo xefe do servizo de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo, e a concelleira-delegada de Medio Ambiente e Vida Saudable, que di o seguinte:

Co fin de dar cumprimento ao establecido na base 31.ª das Bases de execución do vixente orzamento do Concello de Vigo e o acordo de delegación de competencias nos concelleiros de área da Xunta de Goberno Local de data 19 de xuño de 2015 (BOE 14/07/2015), faise a seguinte

**PROPOSTA:**

Dar conta á Xunta de Goberno Local dos expedientes de contratación tramitados polo réxime de gasto menor no servizo de Medio Ambiente, Sanidade, Consumo, Laboratorio e Vigozoo autorizados pola concelleira delegada de Medio Ambiente e Vida Saudable 9 de marzo de 2018 ata o 30 de xuño de 2018.

| Expte. | Tipo | Asunto | Adxudicatario | Importe |
|---|---|---|---|---|
| 9002-612 | Subministro | Malla Antiherba Para Xardíns | Hortalizas Bacelo,S.L. (B36029932) | 1.290,30 € |
| 9137-612 | Subministro | Termo Eléctrico | Rinxela Fer S.L.U. (B36966836) | 757,46 € |
| 9140-612 | Servizo | Colocación Cable Para Cámaras De Vixilancia | Equipamiento Y Seguridad S.L.U. (B36634715) | 839,68 € |
| 9147-612 | Servizo | Formación Curso "PREPARACIÓN Aves Rapaces" | Claudio Abalo Carrera (36089996Y) | 605,00 € |
| 9152-612 | Subministro | Produtos Limpeza | Darlim,S.L. (B36612562) | 2.387,49 € |
| 9171-612 | Subministro | Tubos, Pletinas E Varios Para Reformas | Hierros Lago, S.L. (B36649259) | 2.800,06 € |
| 9173-612 | Subministro | Medicamentos Para Botiquins | Emergalia, S.L.U. (B32311763) | 289,63 € |
| 9174-612 | Subministro | Carteleria | Sixpress,S.L. (B36883601) | 3.345,65 € |
| 9204-612 | Subministro | Produtos Para Aseo Do Persoal | Darlim,S.L. (B36612562) | 1.039,63 € |
| 9205-612 | Subministro | Poste E Pontons De Madeira | Maderas Del Noroeste,S.L. (B36616548) | 1.186,62 € |
| 9220-612 | Subministro | Material De Rego Para Xardíns | Hortalizas Bacelo,S.L. (B36029932) | 2.415,16 € |
| 9221-612 | Servizo | Reparación De Bombas | Hortalizas Bacelo,S.L. (B36029932) | 5.165,49 € |
| 9234-612 | Subministro | Material De Obra Para Reformas | Silvino Figueiredo E Hijos,S.L. (B36989325) | 5.000,51 € |
| 9239-612 | Subministro | Bolboretas | Diego Ballesteros Peinado "TERRARIUM" (74515008E) | 5.783,30 € |
| 9272-612 | Servizo | Catering Para Act. Departamento Educación | Vigoeventos,S.L. (B36998912) | 9.027,15 € |
| 9280-612 | Subministro | Cristais Para Terrarios No Edificio Central | Daniel Devesa Feijoo "CRISTALERIA Diamante" (76868453S) | 2.543,95 € |
| 9283-612 | Subministro | Pantalla De Metacrilato Para Terrarios | Jose Manuel Prieto Cas- | 4.894,45 € |

| Expte. | Tipo | Asunto | Adxudicatario | Importe |
|---|---|---|---|---|
| | | | tro “ACUARIOS Oceanicos Prieto (35447357X) | |
| 9284-612 | Servizo | Analíticas Para Departamento Veterinario | Vithas Lab Análisis Clinicos S.L. (B36624831) | 5.403,13 € |
| 9285-612 | Servizo | Reparación De Grabador Dixital | Equipamiento Y Seguridad S.L.U. (B36634715) | 987,36 € |
| 9289-612 | Subministro | Materiais Para Reforma De Aulario | Vic Line Servicios Y Logistica,S.L. (B94063658) | 4.414,60 € |
| 9290-612 | Subministro | Rocodromo | Aristótelis Gestion Y Turismo,S.L. (B94055647) | 5.106,20 € |
| 9296-612 | Servizo | Mantemento De Extintores | Extintores Cesin, S.L(B36371649) | 2.956,22 € |
| 9297-612 | Servizo | Realización De Actividades De Astronomia | Fundacion Ceo, Ciencia E Cultura (G36980670) | 1.650,00 € |
| 9298-612 | Servizo | Mantemento De Orquidario E Visitas Guiadas | Viveiros Adoa S.L. (B36300564) | 6.437,01 € |
| 9309-612 | Subministro | Plantas E Abonos | Viveiros Adoa S.L. (B36300564) | 1.062,81 € |
| 9310-612 | Servizo | Aloxamento Da Páxina Web En Servidor | Visual Publinet,S.L. (B36880094) | 270,00 € |
| 9311-612 | Servizo | Reestruturación De Contidos Páxina Web | Carlos Alonso Veloso (36127680Q) | 2.528,90 € |
| 9312-612 | Servizo | Mantemento De Páxina Web E Redes Sociais | Carlos Alonso Veloso (36127680Q) | 2.032,80 € |
| 9313-612 | Servizo | Mantemento Do Programa De Taquilla Clasigess | Carlos Alonso Veloso (36127680Q) | 1.936,00 € |
| 9323-612 | Subministro | Diverso Material De Ferreteria | Suministro Punto Fijo, S.L. (B27815539) | 3.982,49 € |
| 9331-612 | Servizo | Actividades “EXPLORADORES No Zoo” | Estela, Loxistica E Proxectos, S.L. (B36969756) | 16.000,00 € |
| 9333-612 | Servizo | Socorrismo Na Piscina Meses De Xullo E Agosto | Move Servicios Deporte Y Ocio, S.L. (B70311618) | 4.413,51 € |
| 9342-612 | Subministro | Ratos, Poliños E Troitas Conxeladas | Saint Laurent,S.A.S (N0013485H) | 3.575,00 € |
| 13534/306 | Servizo | Curso De Actuación Sistemas Dunares | Novocontorno, SL+ | 150,00 € |
| 13534/306 | Subministro | Vestiario E Epis Para O Persoal Municipal De Administración Especial | Galicia Marítima, SL | 6.080,31 € |
| 13432/306 | Servizo | Servizos Sanitarios Con Motivo 5ª Andaina | Espasani-Vigo, SL | 2.311,10 € |
| 13304/306 | Servizo | Gastos De Recollida, Garda E Custodia, Servizos Veterinarios E Alimentación De Animais Soltos Atopados En Zonas Públicas | Benito Conrado Pérez Mtnez. | 5.000,00 € |
| 13533/306 | Servizo | Organización E Execución De Accións De Voluntariado En Hortas Urbanas E Outros | Xoma Iniciativas Sociais, SL | 17.968,50 € |
| 13465/306 | Servizo | Limpeza Diaria Da Caseta Sanitaria Situada No Areal De Fortiñón | Espasani-Vigo, SL | 3.781,66 € |
| 13474/306 | Servizo | Actualización Quincenal Da Augas Nos Areais Habilitados Para O Baño | Novocontorno, SL | 1.277,63 € |
| 13447/306 | Subministro | Dquisición De Dúas Duchas Con Lavapes E Losetas De Resina Para As Bases Das Mesmas | Maderfri, SL | 5.292,54 € |
| 13473/306 | Subministro | Adquisición De Caseta Móbil De Madeira | Vic Line Servicios Y Logística, SL | 6.000,00 € |
| 13537/306 | Subministro | Adquisicón Desbrozadoras E Motoserra | Almijocar, Scg | 2.078,25 € |
| 6476/302 | Servizo | Actividade escola de consumo | Juan José Figueroa Treus | 2.480,00 € |
| 16313/310 | Servizo | Plan Saúde: Fomendo actividades saudables persoas mobilidade reducida | Ecoplanin, Xestión e Info Ambiental SL | 5.601,70 € |

**Acordo**
A Xunta de Goberno local queda informada.

**10(925).- ABOAMENTO DA PARTE PROPORCIONAL DA INDEMNIZACIÓN CORRESPONDENTE Á XUBILACIÓN VOLUNTARIA E ANTICIPADA DA EFECTIVA CON NÚMERO DE PERSOAL 9337. EXPTE. 32262/220.**
Visto o informe de fiscalización do 20/08/18, dáse conta do informe-proposta do 09/08/18, asinado pola xefa de Negociado de Persoal.-Seg.Social,a xefa da Área de Recursos Humanos e Formación, e o concelleiro-delegado de Xestión Municipal e Persoal. que di o seguinte:

ANTECEDENTES
1.- A medio de instancia de data 27/06/2018 (doc. 180098125) a empregada municipal con nº de persoal 9337 e DNI *****395-Y, solicita o abono a xubilación anticipada.

2.- Dita empregada solicitou a xubilación voluntaria con efectos do 30/09/2018 aportando informe de vida laboral, informe de simulación de xubilación da Tesorería Xeral da Seguridade Social, así como declaración xurada de conformidade cos datos que lle facilitou dito organismo, acreditando que cumprìa os requisitos para acceder a dita situación, a cal foi autorizada por resolución do Sr. Concelleiro-Delegado da Área de Xestión Municipal de data 03/08/2018 (expte. 32261-220)

3.- A regulación legal da xubilación ven recollida na Lei 27/2011, de 1 de agosto, sobre actualización, adecuación e modernización do Sistema da Seguridade Social que efectuou unha modificación no relativo á xubilación anticipada, recollida no Real Decreto Lexislativo 8/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei da Seguridade Social, podendo os empregados muncipais por voluntade propia acceder á xubilación anticipada, sempre que reunan os requisitos legais necesarios para elo.

4.- A Corporación municipal en sesión de 28 de decembro de 1998, aprobou o vixente acordo regulador das condicións económicas e sociais dos traballadores ao servizo do Concello de Vigo, onde no seu Capítulo IX Acción Social, no seu artigo 33 recollese este incentivo, que se transcribe literalmente:

"Artigo 33.- Incentivos á xubilación anticipada.
A xubilación producirase ós 65 anos de idade sen prexuízo de prórroga no servicio que autorice a lexislación vixente.
A xubilación voluntaria antes de cumpri-la dita idade, e sempre que legalmente sexa posible, dara lugar a unha indemnización polos seguintes importes:
Se se xubila ós 60 anos: 1.500.000.- ptas.
Se se xubila ós 61 anos: 1.300.000.- ptas.
Se se xubila ós 62 anos: 1.00.000.- ptas.
Se se xubila ós 63 anos: 800.000.- ptas.
Se se xubila ós 64 anos: 600.000.- ptas."

4.- Con datas 17 e 21 de decembro de 2015, a Comisión Paritaria de Seguimento do Acordo Regulador, acordou o mantemento do artigo 33 así como fixar un criterio de cómputo de aplicación de proporcionalidade. A tal efecto, incorpórase copia de dita acta ao presente expediente.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS.-

- Lei 27/201, de 1 de agosto, sobre actualización, adecuación e modernización do sistema da Seguridade Social.
- Real decreto lexislativo 8/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei da Seguridade Social.
- Acordo regulador das condicións económicas e sociais dos traballadores ao servizo do Concello de Vigo (art. 33).
- Os actos administrativos de contido económico deben ser obxecto da preceptiva fiscalización, de conformidade co establecido nos artigos 213 a 223 do Real Decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e Bases de execución dos Orzamentos Municipais para cada exercicio económico.

CONCLUSION.-
Procede o outorgamento do incentivo á xubilación anticipada ao empregado 9337, que conta a data de xubilación con 63 anos e 6 meses, por importe de 4.207,09 €., que deberán imputarse a partida 22101610400 "Reserva para xubilación anticipada".

RÉXIME COMPETENCIAL E PROPOSTA DE ACORDO:

Vistas as circunstancias anteditas, e previo o preceptivo informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita, e de conformidade coas competencias recollidas no art. 127,1 apartados g) e h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, en redacción dada pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a modernización do Goberno Local, e nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización que pola Intervención Xeral se emita; previa a conformidade da Xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e do Sr. Concelleiro-Delegado da Área de Xestión Municipal, nos termos das delegacións de competencias efectuadas en datas 19/09/2015 e 30/12/2016, elévase á Xunga de Goberno Local a seguinte PROPOSTA DE ACORDO:

"Primeiro.- Estimar a solicitude de incentivo á xubilación anticipada e acceder ao outorgamento con cargo a partida 22101610400, á empregada municipal 9337, pola contía de 4.207,09 €.

Segundo.- Acordar que se proceda a súa inclusión na nómina municipal (v.ref. Expte. 30171-220).

Terceiro.- Notifíquese o presente acordo á interesada, Intervención Xeral e Comité de Persoal aos efectos oportunos.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso de reposición perante o mesmo órgano que a dictou no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de 2 meses a contar dende o día seguinte ao da notifica-

ción ou publicación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1198, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente en Dereito."

**Acordo:**
A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

**11(926).- RECTIFICACIÓN ACORDO DA XGL SOBRE A INDEMNIZACIÓN CORRESPONDENTE Á XUBILACIÓN VOLUNTARIA E ANTICIPADA DO EFECTIVO CON NÚMERO DE PERSOAL 14700. EXPTE. 32421/220.**

Visto o informe de fiscalización do 20/08/18, dáse conta do informe-proposta do 02/08/18, asinado pola xefa de Negociado de Persoal-Seg.Social, a xefa da Área de Recursos Humanos e Formación, e o concelleiro-delegado de Xestión Municipal e Persoal, que di o seguinte:

Con data 01/08/2018, a traves do Rexistro Xeral o Sr. Villaverde Veleiro, J.B., con DNI *****203-T, solicita a revisión do acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria de data 14/06/2018, sobre "Aboamento de incentivo á xubilación anticipado ao persoal municipal", en relación ao importe que se lle outorgou.

Revisado o expte. 32084-220 "Aboamento de incentivo á xubilación anticipado ao persoal municipal", compróbase que efectivamente ao empregado 14700, que se corresponde co solicitante, fíxose constar unha idade de xubilación de 64 anos, cando debería figurar 59 e consecuentemente o importe que lle correspondería serían 9.015,18 euros e non o de 3.606,07 euros que se fixo constar.

En consecuencia e de conformidade co disposto no artigo 109.2 da vixente Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, estas poderán rectificar en calquera momento, ben de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos.

De conformidade coas competencias recollidas no art. 127,1 apartados g) e h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, en redacción dada pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a modernización do Goberno Local, e nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización que pola Intervención Xeral se emita; previa a conformidade da Xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e do Sr. Concelleiro-Delegado da Área de Xestión Municipal, nos termos das delegacións de competencias efectuadas en datas 19/09/2015 e 30/12/2016, elévase á Xunga de Goberno Local a seguinte **PROPOSTA DE ACORDO:**

**Primeiro**.- Rectificar ao abeiro do art. 109.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento administrativo común, o erro detectado no apartado primeiro do acordo da Xunta de Goberno Local de data 14/06/2018, "Aboamento de incentivo á xubilación anticipado ao persoal municipal", no seu apartado primeiro, no que respecta ao empregado 14700, de xeito tal que onde dí:
"

| | IDADE XUBILACION | IMPORTE |
|---|---|---|
| 14700 | 64 | 4.808,10 |

"

debe dicir :

"

| | IDADE XUBILACION | IMPORTE |
|---|---|---|
| 14700 | 59 | 9.015,18 |

"

**Segundo.-** Como consecuencia do anterior erro, debe aboarse ao empregado 14700 a cantidade pendente de abono 5.409,11, en concepto de incentivo á xubilación anticipada con cargo a partida 22101610400 "reserva para xubilación anticipada", efectuandolle o abono tal como se efectuou no expediente 32084-220.

Notifíquese a presente resolución, ao interesado, á Intervención Xeral Municipal e Tesourería Municipal para coñecemento e efectos, significándose que contra a mesma poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de un mes contando dende o seguinte a súa notificación, ou ben recurso contencioso administrativo no prazo de dous meses contados dende o seguinte ao da notificación do acto administrativo que poña fin a vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición contencioso-administrativa.

**Acordo:**
A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

**12(927).- CONCESIÓN DAS AXUDAS SOCIOSANITARIAS CORRESPONDENTES A 2018. EXPTE. 32441/220.**
Visto o informe de fiscalización do 23/08/18, dáse conta do informe-proposta do 03/08/18, asinado pola xefa de Recursos Humanos e Formación, e o concelleiro-delegado de Xestión Municipal e Persoal. que di o seguinte:

A Comisión Xestora do Fondo de Acción Social, remite acordo de data 20 de xullo de 2018, sobre concesión de axudas socio-sanitarias 2018, aos traballadores que figuran no mesmo, de conformidade co establecido na convocatoria de ditas axudas aprobadas pola Xunta de Goberno Local en sesión de 21 de maio de 2018.

**FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA**

I.- Ley 6/2018, de 3 de xullo, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2018.

II.- Artigos 29, 30 e 31 do Acordo Regulador das condicións económicas e sociais dos traballadores/as ao servizo do Concello de Vigo.

III.- Bases de Execución do Orzamento Municipal do Concello de Vigo para o exercicio económico 2018.

IV.- Artigo 219 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Facendas Locais. Imputación do gasto: clasificación económica 22101620400-Fondo Social dos orzamentos municipais.

V.- O Regulamento rector do Fondo de Acción Social (FAS) establece no seu artigo 5 as funcións e competencias da Comisión Xestora do Fondo de Acción Social (CXFAS) preceptuando que corresponde á mesma:

1.- Elaboración e proposta de aprobación ao órgano competente das bases reguladoras das convocatorias ordinarias e extraordinarias do Fondo de Acción Social.

2.- Elaboración e proposta de aprobación ao órgano competente das convocatorias concretas, de carácter ordinario ou extraordinario, susceptibles de ser aprobadas dentro de cada exercicio orzamentario.

3.- Recepción, estudio e avaliación das solicitudes de axudas presentadas, con formulación da proposta de outorgamento individualizado ao órgano municipal competente.

4.- Arquivo e custodia da documentación presentada polos solicitantes na sede física correspondente, garantindo a posta a disposición da mesma aos órganos responsables da fiscalización e control orzamentario e contable, así como da Corporación Municipal e do persoal municipal, ostentando a titularidade dos ficheiros de datos sometidos á Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, e normativa de concordante aplicación.

5.- Elaboración de memoria anual relativa á actividade da propia Comisión e á xestión administrativa e orzamentaria do Fondo de Acción Social (FAS) aos efectos de dar conta do mesmo ao órgano municipal competente para a xestión do persoal municipal, garantindo a súa difusión entre o persoal municipal.

6.- Elevación ao órgano municipal competente para a xestión do persoal municipal de propostas de mellora, reordenación ou reorganización dos diferentes programas e actuacións contidos no presente regulamente, dirixidas á mellora das condicións sociais dos efectivos públicos municipais.

7.- Planificación, calendarización e desenvolvemento efectivo das actuacións necesarias para a execución dos programas do FAS, coa obriga de manter permanentemente informados de tal extremo ao órgano municipal competente e ao persoal municipal.

8.- En xeral, calquera outra función que se precise para un mellor cumprimento dos obxectivos relacionados coa xestión do Fondo de Acción Social (FAS) tendentes á mellora das condicións sociais do persoal municipal.

VI.- Artigo 127.1, apartados g) e h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, en redacción dada pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local, en canto ao réxime de atribución competencial da Xunta de Goberno Local.

En consecuencia, aínda que xa existe RC 43901, por importe de 275.000,00 € (expte. 31961-220) e dado que a contía final é de 277.544,00 €, faise necesario novamente o preceptivo informe de fiscalización que pola Intervención Xeral se emita nos termos do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Facendas Locais, proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO:**

"**Primeiro.-** Aprobar as axudas de socio-sanitarias 2018, propostas pola Comisión Xestora do Fondo de Acción Social do Concello de Vigo en acordo do 20 de xullo de 2018 por un importe total de **277.544,00 €** (douscentos setenta e sete mil quinientos cuarenta e catro mil euros), acordando en consecuencia que se proceda ao pagamento con cargo á clasificación orzamentaria 22101620400-Fondo Social aos seguintes empregados públicos municipais que se indica co importe que se especifica e en función a distribución que se indica:

| TRAMO | RETRIBUCIONS | MAXIMO |
|---|---|---|
| I | Menos de 27.000 | 780 |
| II | De 27.001 a 30.000 | 620 |
| III | De 30.001 a 38.000 | 460 |
| IV | De 38.001 a 50.000 | 230 |
| V | Máis de 50.001 | 150 |

| **Nº PER** | **TRAMO** | **EUROS** |
|---|---|---|
| 22898 | 1 | 250 |
| 78129 | 3 | 90 |
| 78893 | (7-10) 3 | 197 |
| 15102 | 2 | 308 |
| 21663 | 1 | 780 |
| 17957 | 2 | 586 |
| 14315 | 3 | 460 |
| 78250 | 2 | 245 |
| 83261 | 4 | 230 |
| 22438 | 5 | 150 |
| 80597 | 3 | 460 |
| 76564 | 1 | 145 |
| 18282 | 3 | 400 |
| 79494 | 1 | 180 |
| 78822 | 1 | 590 |
| 78743 | 3 | 140 |
| 60913 | 3 | 198 |
| 80472 | 4 | 230 |
| 79366 | 1 | 520 |
| 18655 | 3 | 390 |
| 79850 | 5 | 112 |
| 23490 | 2 | 620 |
| 83292 | 1 | 500 |
| 17242 | 2 | 620 |

Concello de Vigo

| Nº PER | TRAMO | EUROS |
|---|---|---|
| 83586 | 1 | 654 |
| 78150 | 5 | 150 |
| 21137 | 4 | 230 |
| 60504 | 1 | 780 |
| 82161 | 1 | 553 |
| 23047 | 3 | 310 |
| 22310 | 3 | 455 |
| 15869 | 2 | 290 |
| 21203 | 4 | 230 |
| 79396 | 1 | 259 |
| 79394 | 1 | 99 |
| 79370 | 1 | 472 |
| 18218 | 3 | 420 |
| 15160 | 2 | 356 |
| 22480 | 3 | 460 |
| 69931 | 1 | 780 |
| 21670 | 3 | 460 |
| 21083 | 4 | 230 |
| 82985 | 1 | 270 |
| 81658 | 1 | 780 |
| 15906 | 4 | 230 |
| 76410 | 4 | 230 |
| 21090 | 3 | 130 |
| 60512 | 2 | 216 |
| 76473 | 4 | 230 |
| 78744 | 3 | 460 |
| 78372 | 2 | 55 |
| 16797 | 1 | 604 |
| 18709 | 1 | 150 |
| 76506 | 4 | 230 |
| 20920 | 4 | 230 |
| 21686 | 3 | 438 |
| 17153 | 4 | 230 |
| 78716 | 4 | 129 |
| 78823 | 1 | 317 |
| 80892 | 3 | 460 |
| 15496 | 1 | 780 |
| 82166 | 4 | 230 |
| 79103 | (1) 4 | 174 |
| 78782 | 3 | 410 |
| 14611 | 3 | 460 |

| Nº PER | TRAMO | EUROS |
|---|---|---|
| 23886 | 3 | 80 |
| 77022 | 4 | 230 |
| 78745 | 3 | 460 |
| 79925 | 4 | 230 |
| 83267 | 2 | 422 |
| 21456 | 4 | 230 |
| 82153 | 1 | 120 |
| 21723 | 2 | 587 |
| 78119 | 4 | 230 |
| 77821 | 1 | 780 |
| 76439 | 4 | 147 |
| 13994 | 1 | 700 |
| 13340 | (2)1 | 479 |
| 78507 | 1 | 728 |
II. O TS en S. de data 4.02.2002 advirte que as Administracións asumirán a indemnización de gastos xudiciais de defensa e representación cando concorran tres esixencias: (i) que teñan sido motivados por unha inculpación que teña o seu orixe ou causa directa na intervención do membro da Corporación nunha actuación administrativa ou de doutra índole realizada no cumprimento das funcións atribuídas polas disposicións aplicables a súa actividade como tal membro da Corporación ou en cumprimento ou desenvolvemento de acordos dos órganos desta; (ii) que a intervención non se teña levado a cabo con abuso, exceso ou desviación de poder, ou en converxencia con intereses particulares propios ou do grupo político o que pertence, e (iii) que se declare a inexistencia de responsabilidade criminal por falta obxectiva de participación ou de coñecemento nos feitos determinantes da responsabilidade penal, a inexistencia destes ou o seu carácter lícito.

Procede analizar a concorrencia das esixencias mencionadas.

III. A intervención dos concelleiros delegados na tramitación, impulso e instrución dos Expedientes administrativos correspondentes a súa área de responsabilidade (aínda que estes se refiran a Expedientes de Recoñecemento Extraxudicial de Créditos que teñen como fin evitar o enriquecemento inxusto da Administración) é unha función lexítima no cumprimento das funcións que teñen atribuídas; obsérvase a primeira esixencia.

Nos Autos que acordan o sobreseimento provisional das actuacións advírtese que os feitos que foron obxecto de investigación non xustifican a comisión dos delitos investigados; atopámonos ante actuacións de "carácter lícito"; cúmprese a terceira esixencia para acordar a indemnización de gastos xudiciais de defensa e representación.

Resta por examinar a esixencia de que a intervención non se teña realizada con abuso, exceso ou desviación de poder, ou en converxencia con intereses particulares propios ou do grupo político o que pertence.

O sobreseimento provisional das actuacións penais dirixidas contra a concelleira na xurisdición penal, determinan, segundo temos visto, o "carácter lícito" da súa conduta, o que comporta que non pode cualificarse a mesma de abusiva ou excesiva[1] máxime na Administración Municipal do Concello de Vigo onde, no caso das Dilixencias Previas 3428/2014, os Expedientes de Recoñecemento Extraxudicial de Créditos son inusuais e excepcionalísimos.

Tampouco concorre "desviación de poder" en tanto en canto a tramitación de Expedientes de Recoñecemento Extraxudicial de Créditos (Dilixencias Previas 3428/2014) non implica o exercicio de potestades administrativas para fins distintos dos fixados polo ordenamento xurídico, artigo 83.3 LXCA; é mais, o contido de tales Expedientes é axeitado aos fins previstos, artigo 34.2 LPC, pois coma menciona o propio Auto, trátase de evitar o enriquecimento inxusto da Administración municipal.

1 Ver sentenza do Xulgado de Contencioso Administrativo nº 1 de Xixón de data 21.06.2016 Procedemento Abreviado 0000330/2015

Non se ten acreditado que a intervención da concelleira nos expedientes responda a obtención dun beneficio particular ou para o grupo político municipal o que pertence, no sentido de pretender vantaxe, prerrogativa ou ganancia concreta.

Concorren as esixencias previstas na sentenza do TS de data 4.02.2002.

IV. O sobreseimento "provisional" respecto de Dª Isaura Abelairas Rodríguez supón que o Xulgado pode acordar nova investigación no suposto de que da instrución xurdan novos indicios ou probas; non obstante, "(…) O Auto de sobresemento provisional, pola a sús propia natureza, non pode xuridicamente afectar á presunción de inocencia, e, en consecuencia, o sobreseído ha de ser tido como inocente para todos os efectos (…)", STS 6.05.1983.

V. O importe dos honorarios profesionais, segundo minutas aportadas asinadas dixitalmente a través do Certificado ACA, se eleva a 13.915,00 euros (gastos de defensa letrada, avogado) e 300,00 euros (gastos de representación, procuradora) nas actuacións das Dilixencias Previas 3428/2014; e a 4.840,00 euros (gastos de defensa letrada, avogado) e 300,00 euros (gastos de representación, procuradora) nas Dilixencias Previas 3890/2013.

Existe liberdade de pacto entre cliente/avogado e entre cliente/procurador en relación os honorarios profesionais. Os importes das minutas aportadas son acordes os prezos de mercado; nas minutas existe o desglose a defensa letrada no que se concretan, con detalle as actuacións xudiciais materializadas.

VI. As minutas de honorarios dos Letrados e da Procuradora expedidas contra a concelleira delegada documentan a existencia dunha débeda a favor dos profesionais que subscriben tales documentos nunha cantidade líquida, determinada e esixible (gasto efectivo ocasionado no exercicio do cargo), cantidades que, subrogatoriamente, artigo 1158 Cod. Civ., poden ser aboadas polo Concello de Vigo en virtude do sinalado no artigo 75.4 da LBRL.

VII. A interesada aporta minutas profesionais nas que consta conta de abono para o pago das cantidades devengadas.

**PROPOSTA DE ACORDO**

Procede que a Xunta de Goberno Local, órgano competente, previo informe de fiscalización da Intervención Xeral, adopte o seguinte acordo:

PRIMEIRO: Aboar a D. Manuel Cisneros Rodriguez, abogado de Dª. Isaura Abelairas Rodríguez, concelleira, na conta corrente que consta na minuta a ela presentada, o importe de 13.915,00 euros en concepto de pago subrogatorio de honorarios profesionais de defensa letrada realizada con ocasión das Dilixencias Previas do Procedemento Abreviado 3428/2014 incoadas polo Xulgado de Instrución nº 1 de Vigo coma consecuencia de actuacións levadas a cabo pola concelleira no exercicio lexítimo das súas funcións.

SEGUNDO. Aboar a Dª. María Auxiliadora Ruiz Sánchez, procuradora de Dª. Isaura Abelairas Rodríguez, concelleira, na conta corrente que consta na minuta a ela presentada o importe de 300,00 euros en concepto de pago subrogatorio de honorarios profesionais de representación con ocasión das Dilixencias Previas do Procedemento Abreviado 3428/2014 incoadas polo Xulgado de Instrución nº 1 de Vigo coma consecuencia de actuacións levadas a cabo pola concelleira no exercicio lexítimo das súas funcións.

TERCEIRO. Aboar a Dª. Sonia Fernández Villar, avogada de Dª. Isaura Abelairas Rodríguez, concelleira, na conta corrente que consta na minuta a ela presentada, o importe de 4.840,00 euros en concepto de pago subrogatorio de honorarios profesionais de defensa letrada con ocasión das Dilixencias Previas do Procedemento Abreviado 3890/2013 incoadas polo Xulgado de Instrución nº 7 de Vigo coma consecuencia de actuacións levadas a cabo pola concelleira no exercicio lexítimo das súas funcións.

CUARTO. Aboar a Dª. María Auxiliadora Ruiz Sánchez, procuradora de Dª. Isaura Abelairas Rodríguez, concelleira, na conta corrente que consta na minuta a ela presentada o importe de 300,00 euros en concepto de pago subrogatorio de honorarios profesionais de representación con ocasión das Dilixencias Previas do Procedemento Abreviado 3890/2013 incoadas polo Xulgado de Instrución nº 7 de Vigo coma consecuencia de actuacións levadas a cabo pola concelleira no exercicio lexítimo das súas funcións.

QUINTO. Notificar o presente acordo á interesada.

**Acordo:**
A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

## 16(931).- ABONO DE GASTOS DE DEFENSA LETRADO QUE TEN INTERVIDO NOS PROCEDEMENTOS XUDICIAIS NOS QUE TEN SIDO PARTE COMO PERSOA INVESTIGADA O CONCELLEIRO D. FRANCISCO JAVIER PARDO ESPIÑERIA. EXPEDIENTE 1736/1101.

Visto o informe xurídico do 23/08/18 e o informe de fiscalización do 28/08/18, dáse conta do informe-proposta do 24/04/18, asinado polo secretario Xeral do Pleno, e conformado polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Lexislación aplicable.

LBRL. Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

TRLEP. R. D. Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Empregado Público.

CP. Código Penal.

LXCA. Lei 29/1988, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso Administrativa.

LPAC. Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común.

ROFCL. R. D. 2568/1986, de 25 de novembro, polo o que se aproba o Regulamento de Organización e Funcionamento das CC. LL.

Cod. Civil. Código Civil.
Antecedentes. Mediante escrito de 9.04.2018 presentado no Rexistro xeral do Pleno D. Javier Pardo Espiñeira, concelleiro, solicita o abono dos honorarios profesionais de defensa letrada ao avogado que ten intervido con ocasión das Dilixencias Previas do Procedemento Abreviado 1615/2016 incoadas polo Xulgado de Instrución nº 4 de Vigo; adxunta Auto de data 29.12.2017 ditado pola Audiencia Provincial Sección Nº 5 da Audiencia Provincial de Pontevedra que na parte dispositiva di, *"(...) Desestimamos el recurso de Apelación interpuesto por Xuntos Por Galicia contra el Auto 5/7/2017 dictado en las Diligencias Previas nº 1615/2016 del Juzgado de Intrucción nº 4 Vigo, que confirmamos, todo ello sin pronunciamiento sobre las costas del recurso (...)"*

O concelleiro delegado de Orzamentos e Facenda, mediante Providencia 23 de abril de 2018, insta da Secretaría Xeral do Pleno a emisión de informe-proposta; cando a peticións de informes veñen solicitadas por un concelleiro se entende que estes actúan en delegación da Alcaldía séndolles de aplicación o sinalado no art. 112.5.e).1º. da LBRL; a estes efectos emítese o seguinte,

**INFORME**

I. As Dilixencias Previas do Procedemento Abreviado 1615/2016 do Xulgado de Instrución nº 4 de Vigo refírense á investigación dunha posible "ilegalidade de método de adxudicación de postos de traballo"; as Dilixencias Previas teñen concluído con Auto da Audiencia Provincial, Sección nº 5, de Pontevedra de data 29.12.2017 de desestimación do recurso de Apelación; contra o Auto non cabe recurso ordinario. O Auto recorrido do Xulgado de Instrución nº 4 de Vigo acordaba o sobresemento provisional e arquivo das actuacións.

Nas Dilixencias Previas o concelleiro contratou a preceptiva defensa letrada supoñendo iso un gasto efectivo.

O artigo 75.4 da LBRL sinala, "(…) *Os membros das Corporacións locais percibirán indemnizacións polos gastos efectivos ocasionados no exercicio do seu cargo, segundo as normas de aplicación xeral nas Administracións públicas* (…)". En similar sentido o artigo 13.5 do ROFCL.

O TRLEP, norma xeral de aplicación nas Administracións públicas, no artigo 14. f) indica que os empregados públicos teñen como dereito individual, *"(…) Á defensa xurídica e protección da Administración Pública nos procedementos que se sigan ante calquera orde xurisdicional como consecuencia do exercicio lexítimo das súas funcións ou cargos públicos (…)".*

Os membros da Corporación, no exercicio de funcións públicas, non poden ter peor condición que os empregados públicos, o artigo 24.2 do CP, considera funcionario público a,"(…) *quen por disposición inmediata da Lei, por elección ou por nomeamento de autoridade competente participe no exercicio de funcións públicas (…)".*

II. O TS en S. de data 4.02.2002 advirte que as Administracións asumirán a indemnización de gastos xudiciais de defensa e representación cando concorran tres esixencias: (i) que teñan sido motivados por unha inculpación que teña o seu orixe ou causa directa na intervención do membro da Corporación nunha actuación administrativa ou de doutra índole realizada no cumprimento das funcións atribuídas polas disposicións aplicables a súa actividade como tal membro da Corporación ou en cumprimento ou desenvolvemento de acordos dos órganos desta; (ii) que a intervención non se teña levado a cabo con abuso, exceso ou desviación de poder, ou en converxencia con intereses particulares propios ou do grupo político o que pertence, e (iii) que se declare a inexistencia de responsabilidade criminal por falta obxectiva de participación ou de coñecemento nos feitos determinantes da responsabilidade penal, a inexistencia destes ou o seu carácter lícito.

Cúmprese a concorrencia das esixencias mencionadas.

O sobresemento "provisional" respecto de D. Javier Pardo Espiñeira supón que o Xulgado pode acordar nova investigación no suposto de que da instrución xurdan novos indicios ou probas; non obstante, "(...) Auto de sobresemento provisional, pola súa propia natureza, non pode xuridicamente afectar á presunción de inocencia, e, en consecuencia, o sobreseído ha de ser tido como inocente para todos os efectos (...)", STS 6.05.1983.

III. O importe dos honorarios profesionais, segundo factura aportada, elévase a 1.210,00 euros (gastos de defensa).

Existe liberdade de pacto entre cliente/avogado e entre cliente/procurador en relación os honorarios profesionais. Os importes das minutas aportadas son acordes aos prezos de mercado; nas minutas existe o desglose a defensa letrada no que se concretan, con detalle as actuacións xudiciais materializadas.

V. O interesado comunicará conta de abono.

**PROPOSTA DE ACORDO**

Procede que a Xunta de Goberno Local, órgano competente, previo informe de fiscalización da Intervención Xeral, adopte o seguinte acordo:

PRIMEIRO: Aboar a D. Santiago Costa De Caso, avogado de D. Javier Pardo Espiñeira, concelleiro, na conta corrente que comunique, o importe de 1.210,00 euros en concepto de pago subrogatorio de honorarios profesionais de defensa letrada realizada con ocasión das Dilixencias Previas do Procedemento Abreviado 2406/2016 incoadas polo Xulgado de Instrución nº 4 de Vigo coma consecuencia de actuacións levadas a cabo polo concelleiro no exercicio lexítimo das súas funcións.

SEGUNDO. Notificar o presente acordo ao interesado.

**Acordo**

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

**17(932).- REINTEGRO O CONCELLEIRO D. SANTOS HÉCTOR RODRIGUEZ DÍAZ DOS GASTOS DE DEFENSA LETRADA E DE REPRESENTACIÓN QUE TEN SATISFEITO NO PROCEDIMENTO XUDICIAL NO QUE TEN SIDO PARTE COMO PERSOA INVESTIGADA. EXPTE. 1804/1101.**

Visto o informe de fiscalización do 20/08/18, dáse conta do informe-proposta do 30/07/18, asinado polo secretario Xeral do Pleno, e conformado polo concelleiro-delegado de Xestión Municipal, que di o seguinte:

Lexislación aplicable.

LBRL. Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

TRLEP. R. D. Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Empregado Público.

CP. Código Penal.

LXCA. Lei 29/1988, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso Administrativa.

LPAC. Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común.

ROFCL. R. D. 2568/1986, de 25 de novembro, polo o que se aproba o Regulamento de Organización e Funcionamento das CC. LL.

Antecedentes. Mediante escrito de 10.07.2018 presentado no Rexistro xeral do Pleno D. Santos Héctor Rodriguez Díaz, concelleiro, solicita o reintegro dos honorarios profesionais de defensa letrada e de representación que ten satisfeito aos avogados e procuradores que teñen intervido con ocasión das Dilixencias Previas do Procedemento Abreviado 3428/2014 incoadas polo Xulgado de Instrución nº 1 de Vigo; adxunta Auto de data 4.12.2017 ditado polo Xulgado que na parte dispositiva dí, *"(...) Se acorda o sobresemento provisional e arquivo da causa (...)" .*

O concelleiro delegado de Réxime Interior, mediante Dilixencia de 27.07.2018, insta da Secretaría Xeral do Pleno a emisión de informe-proposta; cando a peticións de informes veñen solicitadas por un concelleiro se entende que estes actúan en delegación da Alcaldía séndolles de aplicación o sinalado no art. 112.5.e).1º. da LBRL; a estes efectos emítese o seguinte,

**INFORME**

I. As Dilixencias Previas do Procedemento Abreviado 3428/2014 do Xulgado de Instrución nº 1 de Vigo refírense á investigación dunha posible conduta de "prevaricación administrativa" con ocasión da tramitación dos Expedientes de Recoñecemento Extraxudicial de Créditos números 1446/440; 1444/440; 1593/440; 1440/440 e 1549/440 nos que participou, no exercicio do seu cargo, o concelleiro delegado D. Santos Héctor Rodriguez Díaz; as Dilixencias Previas teñen concluído con Auto de data 4.12.2017 de sobresemento provisional e arquivo da causa.

Nas Dilixencias Previas o concelleiro contratou a preceptiva defensa letrada e de representación procesual supoñendo iso un gasto efectivo.
O artigo 75.4 da LBRL sinala, "(…) *Os membros das Corporacións locais percibirán indemnizacións polos gastos efectivos ocasionados no exercicio do seu cargo, segundo as normas de aplicación xeral nas Administracións públicas* (…)". En similar sentido o artigo 13.5 do ROFCL.

O TRLEP, norma xeral de aplicación nas Administracións públicas, no artigo 14. f) indica que os empregados públicos teñen como dereito individual, *"(…) Á defensa xurídica e protección da Administración Pública nos procedementos que se sigan ante calquera orde xurisdicional como consecuencia do exercicio lexítimo das súas funcións ou cargos públicos (…)".*

Os membros da Corporación, no exercicio de funcións públicas, non poden ter peor condición que os empregados públicos; o artigo 24.2 do CP, considera funcionario público a,"(…) *quen por disposición inmediata da Lei, por elección ou por nomeamento de autoridade competente participe no exercicio de funcións públicas (…)".*

II. O TS en S. de data 4.02.2002 advirte que as Administracións asumirán a indemnización de gastos xudiciais de defensa e representación cando concorran tres esixencias: (i) que teñan sido motivados por unha inculpación que teña o seu orixe ou causa directa na intervención do membro da Corporación nunha actuación administrativa ou de doutra índole realizada no cumprimento das funcións atribuídas polas disposicións aplicables a súa actividade como tal membro da Corporación ou en cumprimento ou desenvolvemento de acordos dos órganos desta; (ii) que a intervención non se teña levado a cabo con abuso, exceso ou desviación de poder, ou en converxencia con intereses particulares propios ou do grupo político o que pertence, e (iii) que se declare a inexistencia de responsabilidade criminal por falta obxectiva de participación ou de coñecemento nos feitos determinantes da responsabilidade penal, a inexistencia destes ou o seu carácter lícito.

Procede analizar a concorrencia das esixencias mencionadas.

III. A intervención dos concelleiros delegados na tramitación, impulso e instrución dos Expedientes administrativos correspondentes a súa área de responsabilidade (aínda que estes se refiran a Expedientes de Recoñecemento Extraxudicial de Créditos que teñen como fin evitar o enriquecemento inxusto da Administración) é unha función lexítima no cumprimento das funcións que teñen atribuídas; obsérvase a primeira esixencia.

No Auto que acorda o sobresemento provisional das actuacións advírtese que os feitos que foron obxecto de investigación non xustifican a comisión dos delitos investigados; atopámonos ante actuacións de "carácter lícito"; cúmprese a terceira esixencia para acordar a indemnización de gastos xudiciais de defensa e representación.

Resta por examinar a esixencia de que a intervención non se teña realizada con abuso, exceso ou desviación de poder, ou en converxencia con intereses particulares propios ou do grupo político o que pertence.

O sobresemento provisional das actuacións penais dirixidas contra o concelleiro na xurisdición penal, determinan, segundo temos visto, o "carácter lícito" da súa conduta, o que

comporta que non pode cualificarse a mesma de abusiva ou excesiva[1] máxime na Administración Municipal do Concello de Vigo onde, no caso das Dilixencias Previas 3428/2014, os Expedientes de Recoñecemento Extraxudicial de Créditos son inusuais e excepcionalísimos.

Tampouco concorre “desviación de poder” en tanto en canto a tramitación de Expedientes de Recoñecemento Extraxudicial de Créditos (Dilixencias Previas 3428/2014) non implica o exercicio de potestades administrativas para fins distintos dos fixados polo ordenamento xurídico, artigo 83.3 LXCA; é mais, o contido de tales Expedientes é axeitado aos fins previstos, artigo 34.2 LPC, pois coma menciona o propio Auto, trátase de evitar o enriquecemento inxusto da Administración municipal.

Non se ten acreditado que a intervención do concelleiro nos expedientes responda a obtención dun beneficio particular ou para o grupo político municipal o que pertence, no sentido de pretender vantaxe, prerrogativa ou ganancia concreta.

Concorren as esixencias previstas na sentenza do TS de data 4.02.2002.

IV. O sobresemento “provisional” respecto de D. Santos Héctor Rodriguez Díaz supón que o Xulgado pode acordar nova investigación no suposto de que da instrución xurdan novos indicios ou probas; non obstante, “(…) O Auto de sobresemento provisional, pola súa propia natureza, non pode xuridicamente afectar á presunción de inocencia, e, en consecuencia, o sobreseído ha de ser tido como inocente para todos os efectos (…)”, STS 6.05.1983.

V. O importe dos honorarios profesionais, segundo minutas aportadas, se eleva a 4.840,00 euros (gastos de defensa letrada, avogado) e 121,00 euros (gastos de representación, procuradora), nesta factura sinálase que foi entregada unha provisión de fondos por importe de 120,00 euros e que se condona o saldo existente a favor da procuradora dun importe de 1,00 euros.

Existe liberdade de pacto entre cliente/avogado e entre cliente/procurador en relación os honorarios profesionais. Os importes das minutas aportadas son acordes os prezos de mercado; nas minutas existe o desglose a defensa letrada no que se concretan, con detalle as actuacións xudiciais materializadas.

Na solicitude formulada apórtase “carta de pago por transferencia bancaria” a favor de J & A Garrigues, SLP (defensa letrada) por importe de 4.840,00 euros. Non consta transferencia dos 120,00 euros satisfeitos á procuradora en concepto de gastos de representación, non obstante o feito de que na factura emitida pola procuradora se recoñeza a entrega de tal importe implica que o concelleiro solicitante do reintegro ten realizado tal pago.

VI. As facturas dos letrados e da procuradora expedidas contra o concelleiro delegado e o pago das mesmas documentan, en virtude do exposto, a existencia dunha débeda a favor do concelleiro D. Santos Héctor Rodriguez Díaz debe ser aboada polo Concello de Vigo en virtude do sinalado no artigo 75.4 da LBRL.

**PROPOSTA DE ACORDO**

1 Ver sentenza do Xulgado de Contencioso Administrativo nº 1 de Xixón de data 21.06.2016 Procedemento Abreviado 0000330/2015

Procede que a Xunta de Goberno Local, órgano competente, previo informe de fiscalización da Intervención Xeral, adopte o seguinte acordo:

PRIMEIRO: Aboar a D. Santos Héctos Rodriguez Díaz, concelleiro delegado, a cantidade de 4.960,00 euros en concepto de reintegro dos importes que ten satisfeito como consecuencia dos gastos de defensa letrada e de representación nas Dilixencias Previas do Procedemento Abreviado 3428/2014 incoadas polo Xulgado de Instrución nº 1 de Vigo nos que participou, no exercicio do seu cargo, o concelleiro delegado

SEGUNDO. Notificar o presente acordo o interesado.

**Acordo:**
A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

**18(933).- REINTEGRO O CONCELLEIRO D. SANTOS HÉCTOR RODRIGUEZ DÍAZ DOS GASTOS DE DEFENSA LETRADA E DE REPRESENTACIÓN QUE TEN SATISFEITO NO PROCEDEMENTO XUDICIAL NO QUE TEN SIDO PARTE COMO PERSOA INVESTIGADA. EXPTE. 1805/1101.**

Visto o informe de fiscalización do 20/08/18, dáse conta do informe-proposta do 30/07/18, asinado polo secretario Xeral do Pleno, e conformado polo concelleiro-delegado de Xestión Municipal, que di o seguinte:

Lexislación aplicable.

LBRL. Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

TRLEP. R. D. Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Empregado Público.

CP. Código Penal.

LXCA. Lei 29/1988, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso Administrativa.

LPAC. Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común.

ROFCL. R. D. 2568/1986, de 25 de novembro, polo o que se aproba o Regulamento de Organización e Funcionamento das CC. LL.

Antecedentes. Mediante escrito de 10.07.2018 presentado no Rexistro xeral do Pleno D. Santos Héctor Rodriguez Díaz, concelleiro, solicita o reintegro dos honorarios profesionais de defensa letrada e de representación que ten satisfeito aos avogados e procuradores que teñen intervido con ocasión das Dilixencias Previas do Procedemento Abreviado 791/2015 incoadas polo Xulgado de Instrución nº 7 de Vigo; adxunta Auto de data 16.05.2017 ditado pola Audiencia Provincial de Pontevedra con ocasión do recurso de apelación interposto contra Auto ditado en data de 24.01.2017 polo Xulgado de Instrución que acordou o sobresemento provisional da causa. O Auto da Audiencia desestima o recurso de apelación.

O concelleiro delegado de Réxime Interior, mediante Dilixencia de 27.07.2018, insta da Secretaría Xeral do Pleno a emisión de informe-proposta; cando a peticións de informes veñen solicitadas por un concelleiro se entende que estes actúan en delegación da Alcaldía séndolles de aplicación o sinalado no art. 112.5.e).1º. da LBRL; a estes efectos emítese o seguinte,

**INFORME**

I. As Dilixencias Previas do Procedemento Abreviado 791/2015 do Xulgado de Instrución nº 7 de Vigo e os posteriores recursos de reforma e apelación contra o Auto do Xulgado de data 4.12.2017 que acordou o sobresemento provisional e arquivo da causa refírense á investigación dunha presunta conduta delitiva con ocasión da tramitación, polos servizos da súa área delegada de goberno, de diversos Expedientes.

Nas Dilixencias Previas e nos recursos posteriores o concelleiro contratou a preceptiva defensa letrada e de representación procesual supoñendo iso un gasto efectivo.

O artigo 75.4 da LBRL sinala, "(…) *Os membros das Corporacións locais percibirán indemnizacións polos gastos efectivos ocasionados no exercicio do seu cargo, segundo as normas de aplicación xeral nas Administracións públicas* (…)". En similar sentido o artigo 13.5 do ROFCL.

O TRLEP, norma xeral de aplicación nas Administracións públicas, no artigo 14. f) indica que os empregados públicos teñen como dereito individual, *"(…) Á defensa xurídica e protección da Administración Pública nos procedementos que se sigan ante calquera orde xurisdicional como consecuencia do exercicio lexítimo das súas funcións ou cargos públicos (…)".*

Os membros da Corporación, no exercicio de funcións públicas, non poden ter peor condición que os empregados públicos; o artigo 24.2 do CP, considera funcionario público a,"(…) *quen por disposición inmediata da Lei, por elección ou por nomeamento de autoridade competente participe no exercicio de funcións públicas (…)".*

II. O TS en S. de data 4.02.2002 advirte que as Administracións asumirán a indemnización de gastos xudiciais de defensa e representación cando concorran tres esixencias: (i) que teñan sido motivados por unha inculpación que teña o seu orixe ou causa directa na intervención do membro da Corporación nunha actuación administrativa ou de doutra índole realizada no cumprimento das funcións atribuídas polas disposicións aplicables a súa actividade como tal membro da Corporación ou en cumprimento ou desenvolvemento de acordos dos órganos desta; (ii) que a intervención non se teña levado a cabo con abuso, exceso ou desviación de poder, ou en converxencia con intereses particulares propios ou do grupo político o que pertence, e (iii) que se declare a inexistencia de responsabilidade criminal por falta obxectiva de participación ou de coñecemento nos feitos determinantes da responsabilidade penal, a inexistencia destes ou o seu carácter lícito.

Procede analizar a concorrencia das esixencias mencionadas.

III. A intervención dos concelleiros delegados na tramitación, impulso e instrución dos Expedientes administrativos correspondentes a súa área de responsabilidade é unha

función lexítima no cumprimento das funcións que teñen atribuídas; obsérvase a primeira esixencia.

No Auto que acorda a desestimación o recurso de apelación contra a Auto de instancia indícase, “(...) no existen indicios concretos y objetivos del conocimiento e intervención efectiva del Sr. Santos Héctor en los hechos de los autos (...)”; atopámonos ante actuacións de “carácter lícito”; cúmprese a terceira esixencia para acordar a indemnización de gastos xudiciais de defensa e representación.

Resta por examinar a esixencia de que a intervención non se teña realizada con abuso, exceso ou desviación de poder, ou en converxencia con intereses particulares propios ou do grupo político o que pertence.

O sobresemento provisional das actuacións penais dirixidas contra o concelleiro na xurisdición penal, determinan, segundo temos visto, o “carácter lícito” da súa conduta, o que comporta que non pode cualificarse a mesma de abusiva ou excesiva[1] .

Tampouco concorre “desviación de poder” en tanto en canto a tramitación de Expedientes non implica o exercicio de potestades administrativas para fins distintos dos fixados polo ordenamento xurídico, artigo 83.3 LXCA.

Non se ten acreditado que a conduta do concelleiro nos expedientes tramitados na a súa área de responsabilidade responda a obtención dun beneficio particular ou para o grupo político municipal o que pertence, no sentido de pretender vantaxe, prerrogativa ou ganancia concreta.

Concorren as esixencias previstas na sentenza do TS de data 4.02.2002.

IV. O sobresemento “provisional” respecto de D. Santos Héctor Rodriguez Díaz supón que o Xulgado pode acordar nova investigación no suposto de que da instrución xurdan novos indicios ou probas; non obstante, “(…) O Auto de sobresemento provisional, pola súa propia natureza, non pode xuridicamente afectar á presunción de inocencia, e, en consecuencia, o sobreseído ha de ser tido como inocente para todos os efectos (…)”, STS 6.05.1983.

V. O importe dos honorarios profesionais, segundo minutas aportadas, se eleva a 21.780,00 euros (gastos de defensa letrada, avogado) e 220,29 euros (gastos de representación, procuradora).

Existe liberdade de pacto entre cliente/avogado e entre cliente/procurador en relación os honorarios profesionais. Os importes das minutas aportadas son acordes os prezos de mercado; nas minutas existe o desglose a defensa letrada no que se concretan, con detalle as actuacións xudiciais materializadas.

Na solicitude formulada apórtanse “cartas de pago por transferencia bancaria” a favor de J & A Garrigues, SLP (defensa letrada) por importe de 21.780,00 euros e de 220,29 euros a favor de Ana Isabel Coto García (procuradora).

1 Ver sentenza do Xulgado de Contencioso Administrativo nº 1 de Xixón de data 21.06.2016 Procedemento Abreviado 0000330/2015

VI. As facturas dos letrados e da procuradora expedidas contra o concelleiro delegado e o pago das mesmas documentan, en virtude do exposto, a existencia dunha débeda a favor do concelleiro D. Santos Héctor Rodriguez Díaz debe ser aboada polo Concello de Vigo en virtude do sinalado no artigo 75.4 da LBRL.

**PROPOSTA DE ACORDO**
Procede que a Xunta de Goberno Local, órgano competente, previo informe de fiscalización da Intervención Xeral, adopte o seguinte acordo:

PRIMEIRO: Aboar a D. Santos Héctos Rodriguez Díaz, concelleiro delegado, a cantidade de 22.000,29 euros en concepto de reintegro dos importes que ten satisfeito como consecuencia dos gastos de defensa letrada e de representación nas Dilixencias Previas do Procedemento Abreviado 791/2015 incoadas polo Xulgado de Instrución nº 7 de Vigo nas que foi investigado, coma consecuencia do exercicio do seu cargo.

SEGUNDO. Notificar o presente acordo o interesado.

**Acordo:**
A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

**19(934).- REINTEGRO AO CONCELLEIRO D. ANGEL RIVAS GONZÁLEZ DE GASTOS DE DEFENSA LETRADA SATISFEITOS CON OCASIÓN DE PROCEDEMENTO XUDICIAL NO QUE TEN SIDO PARTE. EXPEDIENTE 1470/110.**
Visto o informe de fiscalización do 10/10/17 e o informe emitido polo xefe da Área Xudicial-Asesoría Xurídica, do 9/01/18, dáse conta do informe-proposta do 20/10/17, asinado polo secretario Xeral do Pleno e conformado polo concelleiro-delegado de Xestión Municipal, que di o seguinte:

Lexislación aplicable.

LBRL. Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

TRLEP. R. D. Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Empregado Público.

CP. Código Penal.

ROFCL. R. D. 2568/1986, de 25 de novembro, polo o que se aproba o Regulamento de Organización e Funcionamento das CC. LL.

Antecedentes. Mediante escrito de 27.07.2017 D. Ángel Rivas González, concelleiro e membro da Xunta de Goberno Local no periodo comprendido entre 06.2011 e 06.2015, solicita o reintegro dos honorarios profesionais de defensa letrada satisfeitos con ocasión das dilixencias previas do Procedemento Abreviado 3428/2014 incoadas polo Xulgado de Instrucción nº 1 de Vigo; adxunta Auto da Sección N. 5 da Audiencia Provincial de Pontevedra de 15.02.2017 que na parte dispositiva dí, *"(...) Estimamos el recurso de apelación interpuesto por D. Ángel Rivas González contra Auto de 2.11.2016 dictado en las*

*Diligencias Previas nº 3428/2014 del Juzgado de Instrucción nº1 de Vigo, que revocamos y en consecuencia acordamos el sobreseimiento provisional y archivo de las actuaciones practicadas en su contra (...)".*

O concelleiro delegado de Réxime Interior, mediante Providencia de 28.07.2017, insta da Secretaría Xeral do Pleno a emisión de informe-proposta; cando a peticións de informes veñen solicitadas por un concelleiro se entende que estes actúan en delegación da Alcaldía séndolles de aplicación o sinalado no art. 112.5.e).1º. da LBRL; a estes efectos emítese o seguinte,

**INFORME**

I. As dilixencias previas do Procedemento Abreviado 3428/2014 do Xulgado de Instrucción nº 1 de Vigo refírense a expedientes resoltos pola Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo en sesións de datas de 28.11.2011 e 23.12.2011, sesións nas estivo presente D. Ángel Rivas González na súa condición de membro de dito órgano.

Nas dilixencias o peticionario contratou a defensa dun despacho xurídico e de procurador supoñendo iso un gasto.

O art. 75.4 da LBRL sinala, "(…) *Os membros das Corporacións locais percibirán indemnizacións polos gastos efectivos ocasionados no exercicio do seu cargo, segundo as normas de aplicación xeral nas Administracións públicas* (…)". En similar sentido o art. 13.5 do ROFCL.

O TRLEP, norma xeral de aplicación nas Administracións públicas, no art. 14. f) indica que os empregados públicos teñen como dereito individual, *"(…) Á defensa xurídica e protección da Administración Pública nos procedimentos que se sigan ante cualquier orde xurisdiccional como consecuencia do exercicio lexítimo das súas funcións ou cargos públicos (…)".*

Os membros do goberno municipal, no exercicio de funcións públicas, non poden ter peor condición que os empregados públicos, o art. 24.2 do CP, considera funcionario público a,"(…) *quen por disposición inmediata da Lei, por elección ou por nomeamento de autoridade competente participe no exercicio de funcións públicas (…)".*

O TS en S. de data 4.02.2002 advirte que as Administracións asumirán a indemnización de gastos xudiciais de defensa e representación cando concorran tres circunstancias: (i) que sexa por unha actuación en cumprimiento das súas funcións; (ii) que a intervención non se teña levado a cabo con abuso ou desviación de poder, e (iii) cando exista arquivo ou absolución.

Concorren as circunstancias.

O sobresemento "provisional" respecto de D. Ángel Rivas González supón que o Xulgado pode acordar nova investigación no suposto de que da instrucción xurdan novos indicios ou probas; non obstante, "(…) O Auto de sobresemento provisional, pola a sús propia natureza, non pode xurídicamente afectar á presución de inocencia, e, en consecuencia, o sobreseído ha de ser tido como inocente para todos os efectos (…)", STS 6.05.1983.

II. O importe dos honorarios profesionais, segundo facturas aportadas, se eleva a 14.520,00 euros (gastos de defensa) e 605,00 euros gastos de procurador.

III. O interesado comunicará conta de abono.

Existe liberdade de pacto entre cliente/abogado e entre cliente/procurador en relación os honorarios. Os importes das facturas aportadas son acordes os prezos de mercado; existe Anexo á factura emitida polo despacho xurídico que levou a defensa letrada no que se concretan, con detalle suficiente, as actuacións materializadas.

PROPOSTA DE ACORDO

Procede que a Xunta de Goberno Local, órgano competente, previo informe de fiscalización da Intervención Xeral, adopte o seguinte acordo:

PRIMEIRO: Aboar a D. Ángel Rivas Gonzalez, concelleiro, na conta corrente que comunique o importe de 15.125,00 euros en concepto de reintegro de honorarios profesionais de defensa letrada e de procurador satisfeitos con ocasión das dilixencias previas do Procedemento Abreviado 3428/2014 incoadas polo Xulgado de Instrucción nº 1 de Vigo.

SEGUNDO: Notificar o presente acordo o interesado.

**Acordo:**
A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

**20(935).- PROPOSTA DE DESIGNACIÓN DE VOGAIS REPRESENTANTES DO CONCELLO DE VIGO NO PADROADO DA FUNDACIÓN MARCO. EXPTE.1836/330.**
Dáse conta da proposta do 13/08/18, asinado polo concelleiro delegado de Cultura, que di o seguinte:

Os vixentes Estatutos da Fundación MARCO, no artigo 16, sinalan que o Padroado terá un máximo de 14 vogais correspondendo un máximo de 9 ás entidades fundadoras dos cales 3 son designados polo o Pleno do Concello de Vigo e 2 pola Xunta de Galicia, únicas "entidades fundadoras" que hoxe persisten das catro que no seu día integraban o Padroado.

En reunión de data 20.07.2015 a Xunta de Goberno Local, en uso da atribución sinalada no artigo 127.1.m) da Lei reguladora das bases do réxime local, e consecuencia da constitución da nova Corporación xurdida tras as eleccións locais, nomeou como representantes municipais no Padroado da Fundación aos concelleiros D. Cayetano Rodríguez Escudero; D. David Regades Fernández e Dª Teresa Egerique Mosquera; consecuencia da renuncia á súa condición de concelleiro, a Xunta de Goberno Local, en reunión de data 16.07.2018, substituíu o representante municipal D. David Regades Fernández pola concelleira Dª Ángeles Marra Domínguez; sendo interese desta Concellería e do goberno municipal levar a cabo a actualización do proxecto da Fundación MARCO, procede instrumentar o compromiso do seu impulso e materialización substituíndo á concelleira Dª Teresa Egerique

Mosquera, polo que a tal efecto se propón á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo,

PRIMEIRO. Designar representante municipal no Padroado da Fundación MARCO á concelleira Dª Ana Laura Iglesias González.

SEGUNDO. Deixar sen efecto a designación realizada na concelleira Dª Teresa Egerique Mosquera acordada pola Xunta de Goberno Local en reunión de data 20.07.2015.

TERCEIRO. Notificar o presente acordo á concelleira interesada ao obxecto de que proceda á aceptación do cargo ante a Fundación MARCO na próxima reunión do Padroado.

CUARTO. Notificar o presente acordo ao Padroado da Fundación e aos grupos políticos municipais.

QUINTO. O presente acordo entrará en vigor no mesmo momento da súa aprobación sen prexuízo da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, na sede electrónica municipal e no portal de transparencia, de conformidade co disposto no artigo 6 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

**Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

## 21(936).- SUBVENCIÓN NOMINATIVA, MEDIANTE UN CONVENIO DE COLABORACIÓN COA FEDERACIÓN DE BANDAS DE MÚSICA POPULARES DE VIGO, PARA O DESENVOLVEMENTO DOS PROGRAMAS “VIGO, UN MAR DE BANDAS” E “AULAS DE MÚSICA” DURANTE O EXERCICIO 2018. EXPTE. 2001/330.

Visto o informe xurídico do 11/07/18 e o informe de fiscalización do 14/08/18, dáse conta do informe-proposta do 14/06/18, asinado polo xefe do servizo Xestión e Promoción Cultural, o concelleiro-delegado da Área de Cultura, e o concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Con data 11 de xuño pasado, a asociación Federación de Bandas de Música Populares de Vigo presenta no Rexistro Xeral solicitude de subvención e a documentación ao respecto; por este motivo, con data 12 de xuño, o concelleiro-delegado da Área de Cultura resolveu que por parte desta xefatura se iniciase o expediente de subvención correspondente para a organización e realización dos programas *“Vigo, un mar de bandas”* e *“Aulas de Música”* durante o exercicio 2018, e realizar un convenio con esta entidade para regulala, por importe de 170.000 € con cargo á aplicación orzamentaria 3340.480.00.10 do orzamento municipal vixente.

ANTECEDENTES.-

A FEDERACIÓN DE BANDAS DE MÚSICA POPULARES DE VIGO é unha entidade sen ánimo de lucro que aglutina todas e cada unhas das bandas de música populares da cidade de Vigo e que leva desenvolvendo, dende o ano 1990, unha importante labor de difusión e

potenciación da súa actividade polos distintos barrios da cidade. Os principais obxectivos destas actividades son, por un lado, a formación contínua dos integrantes das bandas de música e, por outro, achegar unha oferta musical de maior calidade aos cidadáns, potenciando a creación de novos públicos.

Dende o ano 2001-2002, a citada entidade vén desenvolvendo o programa “**Aulas de música nas bandas”** cuxo propósito é o de ofrecer unha formación musical á cidadanía. A través deste programa trátase de fomentar o hábito e o estudo da música de banda, a aprendizaxe da linguaxe musical, o manexo de instrumentos musicais e a práctica dentro dunha colectividade, estando destinado ó público en xeral, sen límite de idade.

PROGRAMA:

PROGRAMA *“Vigo, un mar de bandas”*

- As actuacións desenvolverase ao longo de todo o ano en diversos espazos da cidade de Vigo, tanto ao aire libre como en recintos pechados.
- O número total de actuacións será de 90 (noventa), dez por cada unha das bandas pertencentes á entidade.
- As actuacións irán destinadas ao público en xeral, con acceso libre e gratuíto, ata completar o aforo do lugar onde se celebren. A organización do calendario de actuacións previstas neste programa corresponderalle á entidade beneficiaria, en coordinación co Concello de Vigo.
- Con carácter xeral, quedan excluídas do presente convenio aquelas actuacións en festas e romarías patronais.
- Así mesmo, poderanse realizar actuacións en desfiles, pasarúas ou procesións ata un máximo de 14 actuacións, entre elas as seis procesións seguintes de ámbito de cidade realizadas no centro urbano: A Borriquilla (domingo de Ramos), A Paixón (xoves santo), Santo Enterro e Virxe da Soedade (venres santo), Cristo da Victoria e Santa María (patroa de Vigo).

PROGRAMA *“Aulas de Música”*

- Desenvolverase de xaneiro a maio de 2018 nas sedes das bandas de música populares de Vigo que forman parte da entidade beneficaria.
- As actividades están destinadas ao público en xeral, polo que o acceso será público e gratuíto.
- O límite de alumnado estará determinado polo número de prazas dispoñíbeis nos cursos ou grupos programados.
- Realizaranse, ademais, intercambios entre os centros ou entidades culturais participantes no programa, co obxecto de potenciar a Rede de Escolas de Música.
- Ao final do curso, entregaranse diplomas acreditativos de participación e paso pola Rede de Escolas de Música.
- Poderá existir tamén a distinción de alumnado destacado a través do outorgamento de becas para ampliar os seus estudos.

ORZAMENTO.-

A memoria económica que se achega ao presente convenio, incorpora o presuposto xeral de gastos do programa obxecto do convenio polo importe total de 170.000 € (cento setenta mil euros), financiándose integramente coa achega do CONCELLO.

DOCUMENTACIÓN.-

Por parte da asociación , presentouse a documentación relativa ao expediente de subvención, que está integrada pola seguinte:

- Solicitude de subvención
- Proxecto e orzamento da actividade
- NIF do Presidente
- CIF da Asociación
- Estatutos da Asociación
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Xunta de Galicia
- Certificado de estar ao corrente de pagos co Concello de Vigo
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Seguridade Social
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Facenda
- Certificación da conta bancaria
- Declaración de non estar incurso en prohibición para obter subvencións.
- Declaración doutras axudas.
- Capacidade legal do presidente da entidade
- Certificado exención de ive
- Escrito remitido pola Federación de Badas de Música Populares de Vigo de aceptación do texto do convenio de colaboración relativo á organización e realización dos programas *"Vigo, un mar de bandas"* e *"Aulas de Música"* durante o exercicio 2018, proposto polo Concello de Vigo.

LEXISLACIÓN APLICABLE.-

A concesión da subvención que outorgue o Concello de Vigo á asociación Federación de Bandas de Música Populares de Vigo, para a organización e realización dos programas *"Vigo, un mar de bandas"* e *"Aulas de Música"* durante o exercicio 2018, obxecto do presente convenio rexerase pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D. Leg 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real Decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Propiedade Intelectual.

Concello de Vigo

A concesión da subvención directa á Federación de Bandas de Música Populares de Vigo deberá axustarse ao previsto no art.22.2 apartados a) e c) da Lei 38/2003 xeral de subvencións, tanto por estar prevista nominativamente no presuposto do Concello de Vigo de 2018, como polo interese público, social e cultural que supón a actividade para a cidade de Vigo; acreditado na concordancia do programa singular a executar, os fins estatutarios da entidade, a súa complementariedade ca actividade cultural organizada polo Concello e marcada diferenza ca oferta doutras entidades, polo cal non procede promover a concorrencia para o seu outorgamento.

De acordo co previsto no art. 26.1 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os convenios serán o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente; polo que se inclúe o correspondente proxecto de convenio na proposta de resolución.

ÓRGANO DE RESOLUCIÓN E ÁMBITO DE COMPETENCIAS .-
O órgano de goberno para a concesión desta subvención directa é a Xunta de Goberno Local.

O obxecto do expediente corresponde a materias de competencia propia do Concello segundo os artigos 25.2. m da Lei 7/1985, do 2 de abril, promoción da cultura e equipamentos culturais e o 80.2. n) (actividades culturais) da Lei 5/1997, de administración local de Galicia.

FINANCIAMENTO DA SUBVENCIÓN.-
A subvención do Concello de Vigo á Federación de Bandas de Música Populares de Vigo ten como obxecto financiar a organización e realización dos programas *"Vigo, un mar de bandas"* e *"Aulas de Música"* durante o exercicio 2018 e figura na partida 3340.480.00.10 "CONVENIO DE BANDAS DE MÚSICA", a concesión dunha subvención nominativa por importe de 170.000 €, a favor da devandita entidade.

A subvención do Concello de Vigo á Federación de Bandas de Música Populares de Vigo é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outras administracións ou entes públicos ou privados.

CONDICIÓNS DE CONCESIÓN DA SUBVENCIÓN
A resolución de concesión da subvención deberá establecer as condicións e compromisos aplicables (segundo se establece tanto na Lei Xeral de Subvencións como na Lei de subvencións de Galicia), que se detallan no texto de proposta de convenio.

Coa conformidade do concelleiro-delegado da Área de Cultura e mailo concelleiro-delegado da Área de Orzamentos e Facenda, tralos informes xurídico e da Intervención Xeral do Concello de Vigo, faise a seguinte

**PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL.-**

*"PRIMEIRO.- Aprobar a concesión directa da subvención de 170.000€ (cento setenta mil euros) á Federación de Bandas de Música Populares de Vigo , CIF. G-36855906 , para o financiamento da organización e realización dos programas "Vigo, un mar de bandas" e "Aulas de Música" durante o exercicio 2018, organizado por esta entidade; e autorizar e dispoñer o devandito gasto con cargo á aplicación orzamentaria 3340.480.00.10*

*“CONVENIO BANDAS DE MÚSICA”, que figura no orzamento municipal vixente do Concello de Vigo.*

SEGUNDO.- *Que se aprobe o texto do proxecto de convenio entre o Concello de Vigo e a Federación de Bandas de Música Populares de Vigo que regula o desenvolvemento da subvención outorgada para o financiamento da organización e realización dos programas “Vigo, un mar de bandas” e “Aulas de Música” durante o exercicio 2018.”*

**Acordo:**
A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A FEDERACIÓN DE BANDAS DE MÚSICA POPULARES DE VIGO, RELATIVO Á ACHEGA DO CONCELLO PARA O DESENVOLVEMENTO DOS PROGRAMAS “VIGO, UN MAR DE BANDAS” E “AULAS DE MÚSICA” DURANTE O EXERCICIO 2018

En Vigo, _ de _____ de dous mil dezaoito

**REÚNENSE**

A Concellería de Cultura (en adiante CONCELLERÍA), e no seu nome e representación, D. Cayetano Rodriguez Escudero, en virtude do seu cargo de concelleiro-delegado da Área de Cultura, Concello de Vigo (CIF P3605700H), para o que foi nomeado polo decreto de delegación de Alcaldía e acordo da Xunta de Goberno Local, ambos de data 19 de xuño de 2015; con enderezo na Praza do Rei nº 1, CP 36202; no exercicio das facultades e demais funcións que lle foron conferidas por razón do seu cargo,

Doutra, D. Enrique Lorenzo Vila, na súa condición de presidente da Federación de Bandas de Música Populares de Vigo (CIF: G-36855906) (en adiante a ASOCIACIÓN), inscrita no Rexistro Municipal de Asociacións co número 857-03, con enderezo social na rúa Canteiros, 53, CP 36213 da cidade de Vigo, actuando en nome e representación da devandita ASOCIACIÓN, segundo as facultades que lle outorgan os seus estatutos.

Ámbalas dúas partes teñen plena capacidade para levar adiante este convenio e,

**MANIFESTAN**

***I.-*** *Que a* ***FEDERACIÓN DE BANDAS DE MÚSICA POPULARES DE VIGO*** *é unha entidade sen ánimo de lucro que aglutina todas e cada unhas das bandas de música populares da cidade de Vigo e que leva desenvolvendo, dende o ano 1990, unha importante labor de difusión e potenciación da súa actividade polos distintos barrios da cidade. Os principais obxectivos destas actividades son, por un lado, a formación contínua dos integrantes das bandas de música e, por outro, achegar unha oferta musical de maior calidade aos cidadáns, potenciando a creación de novos públicos.*

***II.-*** *Que o Concello de Vigo, coñecedor de ditas actividades e accións e no exercicio da súa competencia propia de promoción da cultura, que lle recoñece o artigo 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, na vixente redacción, dada pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, desexa promover e*

*colaborar económicamente na execución da programación da **FEDERACIÓN DE BANDAS DE MÚSICA POPULARES DE VIGO** , en concreto nos programas "Vigo, un mar de bandas" e "Aulas de Música", como medio que é de promover a música na cidade.*

***III.-** Que con esta finalidade o vixente Orzamento Xeral do Concello de Vigo inclúe na aplicación orzamentaria 3340.480.00.10, como subvención nominativa, a favor da **FEDERACIÓN DE BANDAS DE MÚSICA POPULARES DE VIGO**, a cantidade de 170.000 euros.*

***IV.-** Que a **FEDERACIÓN DE BANDAS DE MÚSICA POPULARES DE VIGO** non está incursa en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, atópase ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e non ten débedas pendentes co Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente administrativo arriba citado.*

***V.-** De acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26,1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas de forma nominativa no orzamento da Administración concedente, polo que as partes acordan asinar o presente convenio de colaboración para regular os termos da concesión da subvención, que ten como obxecto a organización de devandito programa.*

De conformidade ás precedentes consideracións e dado o interese común das partes asinantes nas que as dúas teñen intereses coincidentes, e co fin de acadar unha maior eficacia na execución das actuacións, é polo que asinan o presente convenio de colaboración de acordo coas seguintes

**CLÁUSULAS**

**PRIMEIRA.- OBXECTO**

A través do presente convenio, establécense as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a CONCELLERÍA e maila ASOCIACIÓN para desenvolver os programas "Vigo, un mar de bandas" e "Aulas de Música", que se detallan na documentación achegada pola ASOCIACIÓN no presente expediente de aprobación do convenio.

**SEGUNDA.- PRESUPOSTO E FINANCIAMENTO**

A memoria económica que se achega ao presente convenio, presentado pola ASOCIACIÓN, incorpora o presuposto xeral de gastos do programa obxecto do mesmo, polo importe total de 170.000 € (cento setenta mil euros), financiándose integramente coa achega do CONCELLO.

**TERCEIRA.- DATAS, LUGARES E CARACTERÍSTICAS DOS PROGRAMAS**

PROGRAMA *"Vigo, un mar de bandas"*

- As actuacións desenvolverase ao longo de todo o ano en diversos espazos da cidade de Vigo, tanto ao aire libre como en recintos pechados.
- O número total de actuacións será de 90 (noventa), dez por cada unha das bandas pertencentes á ASOCIACIÓN.
- As actuacións irán destinadas ao público en xeral, con acceso libre e gratuíto, ata completar o aforo do lugar onde se celebren. A organización do calendario de actuacións previstas neste programa corresponderalle á ASOCIACIÓN, en coordinación co CONCELLO.

- Con carácter xeral, quedan excluídas do presente convenio aquelas actuacións en festas e romarías patronais.

- Así mesmo, poderanse realizar actuacións en desfiles, pasarúas ou procesións ata un máximo de 14 actuacións, entre elas as seis procesións seguintes de ámbito de cidade realizadas no centro urbano: A Borriquilla (domingo de Ramos), A Paixón (xoves santo), Santo Enterro e Virxe da Soedade (venres santo), Cristo da Victoria e Santa María (patroa de Vigo).

PROGRAMA *"Aulas de Música"*

- Desenvolverase de xaneiro a maio de 2018 nas sedes das bandas de música populares de Vigo que forman parte da ASOCIACIÓN.
- As actividades están destinadas ao público en xeral, polo que o acceso será público e gratuíto.
- O límite de alumnado estará determinado polo número de prazas dispoñíbeis nos cursos ou grupos programados.

- Realizaranse, ademais, intercambios entre os centros ou entidades culturais participantes no programa, co obxecto de potenciar a Rede de Escolas de Música.

- Ao final do curso, entregaranse diplomas acreditativos de participación e paso pola Rede de Escolas de Música.

- Poderá existir tamén a distinción de alumnado destacado a través do outorgamento de becas para ampliar os seus estudos.

**CUARTA.- OBRIGAS DE ASOCIACIÓN . MECANISMOS DE ASISTENCIA TÉCNICA**

1. Organizar as actividades a través dun equipo de profesionais dirixidos e/ou supervisados pola ASOCIACIÓN, actuando como interlocutor único ante a CONCELLERÍA D. Enrique Lorenzo Vila, presidente da ASOCIACIÓN.
2. Responsabilizarse da organización integral do programa, difundilo amplamente, dispoñer dos espazos, e solicitar, de ser o caso, os permisos correspondentes para a utilización dos mesmos, solicitude de ocupación de vía pública, cargas e descargas, instalación de elementos, etc.
3. Cumprir o programa obxecto da subvención, de acordo co establecido neste convenio e no acordo de concesión, asumindo o aboamento dos gastos relativos á organización da actividade, tanto directos como indirectos (contratacións, produción, dereitos de autor derivados da programación, material de difusión, infraestruturas necesarias para o desenvolvemento efectivo da actividade).
4. Cumprir coas obrigas fiscais, así como das disposicións vixentes en materia laboral, de Seguridade Social e de saúde e hixiene no traballo.
5. Incorporar os anagramas-logotipos do Concello de Vigo na forma que se detalla na cláusula sétima, e comunicar as accións de difusión nas que se deberá facer mención expresa da subvención obxecto deste convenio.

6. Editar o material gráfico (carteis, folletos, rolers...) para a difusión do programa de actuacións obxecto deste convenio, dos que facilitará ao CONCELLO o número de exemplares que se decida de mutuo acordo.
7. Instalar os rolers publicitarios editados nos escenarios onde se realicen as actuacións con cargo a este convenio, en lugar perfectamente visíbel.

8. Facilitar á CONCELLERÍA a información necesaria para a difusión do programa a través da páxina “vigocultura.org” e demais canles oficiais.

9. Comunicar á CONCELLERÍA as modificacións das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención (art.11.d da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia), en particular os cambios ou cancelacións de elementos do proxecto de actividades, obtención doutras subvencións, axudas ou recursos que modifiquen o financiamento, no momento en que teña constancia da súa dispoñibilidade ou efectividade, e en en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos; co obxecto de determinar a oportunidade da autorización da modificación ou substitución por outros programas, ou ben proceder á redución do importe da subvención concedida ou reintegro.
   A alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión (art.17.3 da citada Lei).
10. A concesión da subvención á ASOCIACIÓN implica a súa aceptación das obrigas sinaladas na resolución de concesión e nas normativas citadas sobre subvencións; particularmente sobre as obrigas sinaladas nos artigos 11 e 12, xustificacións, reintegros e subcontratación previstos na Lei 9/2007 do 13 de xuño de subvencións de Galicia.
11. Responsabilizarse fronte a calquera dano que se cause a terceiros con ocasión do desenvolvemento do programa, asumindo a contratación dunha póliza de seguro de responsabilidade civil que atenda calquera accidente ou incidencia que se poida producir en relación ao desenvolvemento do evento. A ASOCIACIÓN entregará á Área de Cultura copia da póliza e do recibo do pagamento correspondente antes da sinatura do presente convenio.

**QUINTA.- OBRIGAS DA CONCELLERÍA. MECANISMOS DE ASISTENCIA TÉCNICA**

1. Realizar o seguimento do desenvolvemento do programa de actividades contempladas neste convenio.
2. Xestionar o pagamento do importe da subvención (170.000 €), tras o cumprimento dos requisitos de xustificación e conformidades necesarias.

**SEXTA.- MECANISMOS DE SEGUEMENTO DA SUBVENCIÓN E DO CONVENIO. UNIDADE XESTORA**

Para o bo desenvolvemento do programa obxecto do convenio establecerase unha comisión mixta, integrada polos representantes citados de cada unha das institucións conveniantes, ou persoa na que deleguen, aos que corresponderá o seguimento, interpretación e avaliación das accións derivadas do presente convenio.

O centro xestor da subvención á ASOCIACIÓN é a Área de Cultura do Concello de Vigo, a través do Xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural, a quen se informará sobre o desenvolvemento do programa, e comunicará os posibles cambios na programación e, especialmente, a súa incidencia nos presupostos que deron motivo á concesión da subvención, por se procedera a súa revisión.

O centro xestor ten a encomenda de comprobación da realización das actividades do proxecto subvencionado e de informar sobre a adecuada xustificación da subvención poñendo de manifesto, expresamente, o cumprimento total do obxecto da subvención ou aquelas circunstancias que imposibiliten a aprobación da xustificación, xunto coa conformidade dos documentos xustificativos presentados.

A maiores, o mecanismo de seguimento tamén se realizará en base ás “certificacións de actuación”, asinadas pola entidade correspondente, cuxo modelo se incorpora como anexo II do presente convenio. Estas certificacións deberán aportarse en cada un dos pagamentos solicitados, que se estipulan na cláusula oitava do presente convenio.

**SÉTIMA.- DIFUSIÓN DO CARÁCTER PÚBLICO DO FINANCIAMENTO E DAS ACTIVIDADES DO PROGRAMA**

Calquera que sexa o medio de difusión, a ASOCIACIÓN adoitará as medidas necesarias para publicitar axeitadamente o carácter público do financiamento do programa polo Concello de Vigo, as súas actividades e funcionamento; incorporando os anagrama-logotipo do Concello de Vigo, ademais das lendas indicadas pola Área de Cultura, en particular, no material gráfico editado, na páxina web, nas presentacións públicas, actividades, soportes e demais recursos de difusión e información xeral que se produzan sobre o evento, de acordo coa CONCELLERÍA.

Se no financiamento das actividades ou publicacións interveñen outras ASOCIACIÓNs distintas do Concello de Vigo, deberá acordarse coa CONCELLERÍA a prelación e características para cada caso.

O deseño gráfico de publicacións e materiais de difusión, deberá ser enviado á Área de Cultura, previamente ás impresións, como mínimo naquelas partes onde figuren as referencias da ASOCIACIÓN, Concello de Vigo e outras ASOCIACIÓNs que realicen algunha achega ao proxecto subvencionado no seu conxunto polo Concello. O material editado disporá dos depósitos legais correspondentes.

Así mesmo, a ASOCIACIÓN entregará o material de difusión suficiente, tanto para a súa conservación no expediente de subvención, como para a difusión da programación dende a CONCELLERÍA.

A difusión aos medios de comunicación de informacións sobre as actividades programadas (roldas de prensa, difusión de noticias, informacións, traballos, etc) deberá estar previamente comunicada ou acordada coa CONCELLERÍA.

A ASOCIACIÓN comprométese á utilización dunha linguaxe e imaxe non sexista nos materiais de publicidade que se empreguen para a difusión da actividade ou evento. Igualmente comprométese ao emprego de imaxes non estereotipadas e que fagan visible a achega das mulleres nas facetas públicas da sociedade e non só no eido privado ou familiar.

A ASOCIACIÓN facilitará á Area de Cultura, coa antelación suficiente, toda a información sobre o programa nos formatos axeitados, co fin de publicitalo en todos os soportes municipais (web, 010, Vigocultura, etc.).

<u>Lingua de difusión e publicacións:</u>
En consecuencia co establecido na vixente Ordenanza da Normalización Lingüística do Concello de Vigo, a lingua galega é a lingua principal de comunicación; polo tanto, e con carácter xeral, só se considerarán dentro do proxecto e programa subvencionado as publicacións e elementos de difusión e publicidade editados en galego, teñan ou non carácter periódico. A utilización doutras linguas distintas ao galego nas publicacións e difusión quedan sometidas aos acordos particulares coa CONCELLERÍA para que os elementos sexan subvencionables.

**OITAVA.- PAGAMENTO DA SUBVENCIÓN**

O CONCELLO xestionará o pagamento á ASOCIACIÓN polo importe da subvención outorgada ou resultante, logo da realización das actividades previstas no obxecto deste convenio e entrega do informe final coa rendición da conta xustificativa; previa aprobación da achega pola Xunta de Goberno Local, unha vez asinado o presente convenio por ambas partes, emisión dos informes técnicos, e co conforme do concelleiro-delegado da Área de Cultura.

Estipúlanse tres pagamentos según o seguinte:

a) Un primeiro pagamento trala sinatura do presente convenio e que se tramitará previa solicitude, polo importe correspondente ao número de actuacións que se teñan realizado ata esa data, e polo importe total correspondente ao programa de formación continua para músicos "Aulas de música".

b) Un segundo pagamento no mes de outubro, que se tramitará previa solicitude, polo importe correspondente ao número de actuacións que se teñan realizado ata o 30 de setembro

c) Un terceiro e derradeiro pagamento que se tramitará previa solicitude, polo importe correspondente ás actuacións realizadas nos meses de outubro e novembro. O límite para presentar esta solicitude e a correspondente xustificación será o 16 de decembro de 2018.

A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias das facturas polo resto do orzamento. Poderase substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abrangue a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total foi de XXXXX euros.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), A ENTIDADE está obrigada a relacionarse electrónicamente coas Administracións Públicas. Xa que logo, para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concede a subvención que regula o presente convenio e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a conta xustificativa a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na mesma, que se poden consultar no enlace https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga.
A tenor do disposto no art. 81 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 de xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos na xustificación de subvencións). A tal efecto, a entidade beneficiaria achegará a documentacion xustificativa por medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a aportación de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas orixinais en papel.

No caso de que se achegue a documentación presencialmente, requirirase a súa subsanación mediante a súa presentación electrónica. A estes efectos, considerarase como data de presentación da documentación aquela na que tivese realizado a subsanación.

Documentación a incluír na conta xustificativa para cada un dos pagamentos estipulados:

- Solicitude de pagamento da subvención.
- Acreditar atoparse ao corrente das súas obrigas tributarias coa Axencia Tributaria, Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, Tesourería Xeral da Seguridade Social e Concello de Vigo.
- Memoria de execución e avaliación da actividade realizada, que xustificará o cumprimento das condicións impostas e a consecución dos obxectivos, que deberá incluír como mínimo:
    1. Programa con información sobre organización, patrocinio, colaboradores, venda de entradas, etc.
    2. Datos sobre os participantes nas actividades, número e perfil dos asistentes.
    3. Memoria de prensa.
    4. Relación de material gráfico e de difusión contendo os logotipos do Concello de Vigo.
    5. Reportaxe fotográfica.
- En particular, e con relación ao programa "Aulas de música", a memoria xustificativa debe incluír a maiores: relación de cursos e actividades realizadas (entidades, profesorado, duración, etc), contido das materias impartidas e número de alumnado participante nas diferentes actividades.

- Memoria económica contendo o balance detallado coa totalidade dos gastos e ingresos da actividade, con indicación dos acredores, conceptos facturados, datas de emisión e importe; acreditados con documentos orixinais pola parte subvencionada.
- Cando as actividades fosen financiadas, ademais de coa subvención, con fondos propios ou outras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, a procedencia, data de ingreso e a aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas.
- As facturas ordenadas segundo o concepto de gasto a que se atribúen e nas que figure a ASOCIACIÓN como entidade destinataria, deberán recoller o seu número e data, CIF, denominación e domicilio social do emisor, conceptos, importes, IVE, etc. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas nin aquelas que non reúnan as condicións previstas no RD. 1619/2012, de 30 de novembro, polo que se regula o deber de expedir e entregar facturas que incumbe a empresarios e profesionais.
- Nestas facturas computarase o gasto acreditado, deducindo o IVE, agás que xustifique que está exenta de IVE.
- Nas facturas ou nos documentos xustificativos dos gastos non deberá constar de forma expresa que o gasto foi pagado pola ASOCIACIÓN beneficiaria con anterioridade á finalización do prazo de xustificación; entendéndose baixo a responsabilidade do beneficiario que o concepto facturado está realizado e conta coa súa conformidade.
- Os custos salariais acreditaranse con copias do contrato de traballo, nóminas asignadas polo perceptor e pagadas, ou extracto bancario no seu caso, así como xustificantes correspondentes ás cotizacións da Seguridade Social.

Cando a ASOCIACIÓN beneficiaria demande a devolución do orixinal presentado para a xustificación da subvención, solicitará a través da unidade xestora da tramitación administrativa do expediente o estampillado (art.73 do regulamento da Lei 38/2003 LXS) da factura orixinal indicando no mesmo o motivo da subvención, así como se o importe do xustificante se imputa total ou parcialmente á subvención recibida, indicándose neste caso o importe exacto que resulte

afectado pola subvención. Posteriormente incorporarase ao expediente copia do xustificante orixinal estampillado e a unidade administrativa procederá á devolución do orixinal.

Gastos subvencionables:
Consideraranse gastos subvencionables, os realizados no ano 2018 que respondan directa e indubidablemente á natureza da actividade subvencionada, resulten estritamente necesarios e se realicen dentro do prazo establecido para a execución do proxecto, quedando excluídos os custos indirectos imputables á actividade, os custos de funcionamento ordinario da ASOCIACIÓN, os de atencións protocolarias e representativas, e os gastos en inversións e adquisicións de material, equipos e bens de natureza inventariable.

En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

Importe total de subvencións ou axudas:
A subvención do Concello á ASOCIACIÓN é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

O importe das subvencións ou axudas percibidas pola ASOCIACIÓN para a actividade subvencionada en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade ou obxecto subvencionados (art.17.3 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia).

**NOVENA.- XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN**
A axeitada xustificación da subvención, a realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a súa concesión será comprobada pola Área de Cultura.

Os técnicos da Área de Cultura emitirán informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orde a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

**DÉCIMA.- INFORMACIÓN**
A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola CONCELLERÍA e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

**DÉCIMO PRIMEIRA.- REINTEGRO**
Procederá ao reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención até a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá ao reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

**DÉCIMO SEGUNDA.- INFRACCIÓNS E SANCIÓNS**

En canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

**DÉCIMO TERCEIRA.- PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL**
A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia, en orde á conclusión do proceso de subvención, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e no Regulamento Europeo 2016/679 de Protección de Datos, de 27 de abril de 2016, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Cultura.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Cultura do Concello de Vigo.

**DÉCIMO CUARTA.- DEREITOS SOBRE A INFORMACIÓN E TITULARIDADE DOS RESULTADOS**
Os resultados froito deste convenio, tales como documentais, catálogos, estudos, e demais material obtido da realización das actividades programadas, serán de titularidade e de uso común da CONCELLERÍA e da ASOCIACIÓN. Os resultados quedarán para futuras edicións e ámbalas dúas partes poderán utilizalo nun futuro indistintamente.

A CONCELLERÍA resérvase o dereito de publicar os resultados, parciais ou finais, obtidos durante a execución do convenio que, en todo caso, terán carácter público.

Calquera transformación dos resultados do programa de colaboración conxunta requirirá o consentimento expreso das partes asinantes do convenio.
**DÉCIMO QUINTA.- PARTICIPACIÓN DOS COLABORADORES DA ASOCIACIÓN**
O asinamento deste convenio non implica relación laboral, contractual ou de calquera outra índole entre a ASOCIACIÓN e os profesionais ao seu servizo que vaian desenvolver as actividades previstas, e o Concello de Vigo, de tal xeito que a este non se lle poderá esixir responsabilidade ningunha, nin directa, nin subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do convenio.

**DÉCIMO SEXTA.- VIXENCIA**
O presente convenio estenderá a súa vixencia desde a data da súa sinatura até o 31 de decembro de 2018, e non será prorrogable.

**DECIMO SÉTIMA.- MODIFICACIÓN, DENUNCIA E RESOLUCIÓN DE CONTROVERSIAS**
Calquera das súas partes asinantes poderá denunciar ou modificar o presente convenio previa notificación escrita cunha antelación mínima de tres meses.

O incumprimento de calquera das obrigas contraidas no presente convenio por unha das partes facultará á outra para resolver o mesmo, quedando automaticamente anulados todos os dereitos correspondentes sobre o obxecto programa de colaboración conxunta, pero non así as obrigas contraidas no mesmo.

Por parte do Concello de Vigo, a Xunta de Goberno Local resolverá as posibles controversias derivadas da execución ou interpretación deste convenio e a CONCELLERÍA queda facultada para adoptar as medidas que contribúan ao seu cumprimento e desenvolvemento.

**DÉCIMO OITAVA.- LEXISLACIÓN APLICABLE**
A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerase pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D.L. 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Será responsabilidade da ASOCIACIÓN a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto refundido da lei de propiedade intelectual.

En proba de conformidade de canto antecede, asinan por triplicado exemplar o presente documento de convenio no lugar e data arriba indicados.

ANEXO I

ORZAMENTO DOS PROGRAMAS

“VIGO, UN MAR DE BANDAS” E “AULAS DE MÚSICA”2018

**1.- GASTOS:**

| | |
|---|---|
| Actuacións de bandas de música | 111.000 €***** |
| Programa “Aulas de Música” | 50.100 € |
| Publicidade e produción | 8.900 € |
| **TOTAL GASTOS** | **170.000 €** |

***** Os importes que se estabelecen por actuación e banda, á proposta da ASOCIACIÓN, son as seguintes:

| | |
|---|---|
| Unión Musical de Valladares | 1.340 € |
| Escola de Música de Beade | 1.340 € |
| Agrupación Musical Atlántida de Matamá | 1.340 € |

| | |
|---|---|
| Unión Musical de Coruxo | 1.220 € |
| Lira de San Miguel de Oia | 1.220 € |
| Escola de Música da UVCD de Candeán | 1.220 € |
| Unión Musical de Cabral | 1.220 € |
| As Delicias do Caeiro-Cabral | 1.100 € |
| Ateneo Musical de Bembrive | 1.100 € |

**2.- INGRESOS:**

| | |
|---|---|
| Subvención Concello de Vigo | 170.000 € |
| **TOTAL INGRESOS** | **170.000 €** |

## ANEXO II

**CERTIFICACIÓN DE ACTUACIÓN**
**BANDAS POPULARES DE MÚSICA DE VIGO**
**PROGRAMA " VIGO, UN MAR DE BANDAS 2018"**

D/Dna.…...........................................................................................................……
en representación da entidade ..............................................................…...............
CIF ..........................…, con domicilio social en .........................
…..........................................................................................................................
de VIGO, teléfono/s de contacto..........................................................................
correo electrónico ...............................................................................................

**EXPÓN:**

1.Que a banda popular de música.....................................…………………… realizou o concerto programado pola Federación de Bandas Populares de Música de Vigo, en colaboración coa Concellería da Área de Cultura, na citada entidade, o día ….... de ..................... de 2018, en...........................................................................................
2. Que a banda presentouse no recinto de actuación á hora indicada e realizou o concerto con total normalidade.
3.-Que o número de público asistente ao concerto foi de ....................................

**OBSERVACIÓNS:**.........................................................................................

.........................................................................................................................

VIGO, …... de ……...................... de 2018

O/A REPRESENTANTE DA ENTIDADE                SELO DA ENTIDADE

Asinado:

Concello de Vigo

**22(937).- SUBENCIÓN NOMINATIVA, MEDIANTE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA ASOCIACIÓN "AMIGOS DE LA ÓPERA DE VIGO", PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA "OUTONO LÍRICO 2018". EXPTE. 2049/330.**

Visto o informe xurídico do 24/07/18 e o informe de fiscalización do 09/08/18, dáse conta do informe-proposta do 03/07/18, asinado polo xefe do servizo Xestión e Promoción Cultural, e conformado polo concelleiro-delegado da Área de Cultura, e polo concelleiro-delegado da Área de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Con data 2 de xullo pasado, a asociación AMIGOS DE LA ÓPERA DE VIGO presenta no Rexistro Xeral solicitude de subvención e presenta a documentación ao respecto; por este motivo, con data 3 de xullo, o concelleiro-delegado da Área de Cultura resolveu que por parte desta xefatura se iniciase o expediente de subvención correspondente para a organización e realización do "OUTONO LÍRICO 2018" , e realizar un convenio con esta entidade para regulala, por importe de 50.000 € con cargo á aplicación orzamentaria 3340.480.00.05 do orzamento municipal vixente.

ANTECEDENTES.-

A asociación AMIGOS DE LA ÓPERA DE VIGO é unha entidade sen ánimo de lucro, que se dedica a fomentar o coñecemento e a difusión da mellor ópera entre a sociedade viguesa, mediante a programación de concertos e outras actividades, a fin de promover a afección á música como actividade tanto cultural coma social.

PROGRAMA E ORZAMENTO

A programación obxecto deste convenio desenvolverase según o seguinte:

**Sábado 29 de setembro, ás 20:30 h**
*EL HOLANDÉS ERRANTE*
Teatro Afundación Vigo

**Domingo 4 de novembro, ás 19:30 h**
*MACBETH*
Teatro Afundación Vigo

**26 de setembro, 19 de outubro, 2 e 6 de novembro, 20:00 h**
**CONFERENCIAS**
Sala conferencias do Centro Social Afundación

**9 e 23 de outubro, 20:00 h**
**CICLO DE CINE DE OUTONO**
Auditorio Municipal do Concello

A memoria económica que se achega ao presente convenio, incorpora o presuposto xeral de gastos do programa obxecto do convenio polo importe total de 125.018 € (cento vintecinco mil dezaoito euros), financiándose coas seguintes achegas:

- Concello de Vigo: 50.000 € (39,99 %)
- Xunta de Galicia: 15.000 € (12 %)

– Previsión ingresos venda entradas: 47.000 € (37,59 %)
– Patrocinios: 3.600 € (2,88 %)
– Aportación da entidade: 9.418 € (7,54 %)

DOCUMENTACIÓN.-

Por parte da asociación , presentouse a documentación relativa ao expediente de subvención, que está integrada pola seguinte:

- Proxecto e orzamento da actividade
- CIF da Asociación
- Estatutos da Asociación
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Axencia Tributaria
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Xunta de Galicia
- Certificado de estar ao corrente de pagos co Concello de Vigo
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Seguridade Social
- Certificación da conta bancaria
- Declaración de non estar incurso en prohibición para obter subvencións.
- Declaración doutras axudas.
- Póliza do seguro RC e recibo de pagamento
- Escrito da asociación AMIGOS DE LA ÓPERA DE VIGO de aceptación do texto do convenio de colaboración relativo á organización e realización do "OUTONO LÍRICO 2018".

LEXISLACIÓN APLICABLE.-

A concesión da subvención que outorgue o Concello de Vigo á asociación AMIGOS DE LA ÓPERA DE VIGO para a organización e realización do "OUTONO LÍRICO 2018", obxecto do presente convenio rexerase pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D. Leg 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real Decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Propiedade Intelectual.

A concesión da subvención directa á asociación AMIGOS DE LA ÓPERA DE VIGO deberá axustarse ao previsto no art.22.2 apartados a) e c) da Lei 38/2003 xeral de subvencións, tanto por estar prevista nominativamente no presuposto do Concello de Vigo de 2018, como polo interese público, social e cultural que supón a actividade para a cidade de Vigo; acreditado na concordancia do programa singular a executar, os fins estatutarios da entidade, a súa complementariedade ca actividade cultural organizada polo Concello e marcada diferenza ca oferta doutras entidades, polo cal non procede promover a concorrencia para o seu outorgamento.

De acordo co previsto no art. 26.1 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os convenios serán o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas

nominativamente; polo que se inclúe o correspondente proxecto de convenio na proposta de resolución.

ÓRGANO DE RESOLUCIÓN E ÁMBITO DE COMPETENCIAS .-
O órgano de goberno para a concesión desta subvención directa é a Xunta de Goberno Local.

O obxecto do expediente corresponde a materias de competencia propia do Concello segundo os artigos 25.2. m da Lei 7/1985, do 2 de abril, promoción da cultura e equipamentos culturais e o 80.2. n) (actividades culturais) da Lei 5/1997, de administración local de Galicia.

FINANCIAMENTO DA SUBVENCIÓN.-
A subvención do Concello de Vigo á asociación AMIGOS DE LA ÓPERA DE VIGO ten como obxecto financiar a organización e realización do “OUTONO LÍRICO 2018” e figura na aplicación **3340.480.00.05** do orzamento municipal vixente, a concesión dunha subvención nominativa por importe de 50.000 €, a favor da devandita entidade.

A subvención do Concello de Vigo á asociación AMIGOS DE LA ÓPERA DE VIGO é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outras administracións ou entes públicos ou privados.

CONDICIÓNS DE CONCESIÓN DA SUBVENCIÓN Á ASOCIACIÓN AMIGOS DE LA ÓPERA DE VIGO
A resolución de concesión da subvención deberá establecer as condicións e compromisos aplicables (segundo se establece tanto na Lei Xeral de Subvencións como na Lei de subvencións de Galicia), que se detallan no texto de proposta de convenio.

Coa conformidade do concelleiro-delegado da Área de Cultura e mailo concelleiro-delegado da Área de Orzamentos e Facenda, tralos informes xurídico e da Intervención Xeral do Concello de Vigo, faise a seguinte

**PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL.-**

*“PRIMEIRO.- Aprobar a concesión directa da subvención de 50.000€ (cincoenta mil euros) á asociación AMIGOS DE LA ÓPERA DE VIGO, CIF. G36622116, para o financiamento da organización e realización do* “OUTONO LÍRICO 2018”*, organizado por esta entidade; e autorizar e dispoñer o devandito gasto con cargo á aplicación orzamentaria 3340.480.00.05 “CONVENIO AMIGOS DA ÓPERA”, que figura no orzamento municipal vixente do Concello de Vigo.*

*SEGUNDO.- Que se aprobe o texto do proxecto de convenio entre o Concello de Vigo e a asociación AMIGOS DE LA ÓPERA DE VIGO que regula o desenvolvemento da subvención outorgada para o financiamento do programa* “OUTONO LÍRICO 2018”*.*

**Acordo:**

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ASOCIACIÓN AMIGOS DE LA ÓPERA DE VIGO, RELATIVO Á ACHEGA DO CONCELLO PARA A ORGANIZACIÓN DO PROGRAMA “OUTONO LÍRICO 2018”.

En Vigo, _ de _____ de dous mil dezaoito

**REÚNENSE**

A Concellería de Cultura (en adiante CONCELLERÍA), e no seu nome e representación, D. Cayetano Rodriguez Escudero, en virtude do seu cargo de concelleiro-delegado da Área de Cultura, Concello de Vigo (CIF P3605700H), para o que foi nomeado polo decreto de delegación de Alcaldía e acordo da Xunta de Goberno Local, ambos de data 19 de xuño de 2015; con enderezo na Praza do Rei nº 1, CP 36202; no exercicio das facultades e demais funcións que lle foron conferidas por razón do seu cargo,

Así mesmo, a ASOCIACIÓN entregará o material de difusión suficiente, tanto para a súa conservación no expediente de subvención, como para a difusión da programación dende a CONCELLERÍA.

A difusión aos medios de comunicación de informacións sobre as actividades programadas (roldas de prensa, difusión de noticias, informacións, traballos, etc) deberá estar previamente comunicada ou acordada coa CONCELLERÍA.

A ASOCIACIÓN comprométese á utilización dunha linguaxe e imaxe non sexista nos materiais de publicidade que se empreguen para a difusión da actividade ou evento. Igualmente comprométese ao emprego de imaxes non estereotipadas e que fagan visible a achega das mulleres nas facetas públicas da sociedade e non só no eido privado ou familiar.

A ASOCIACIÓN  facilitará á Area de Cultura, coa antelación suficiente, toda a información sobre o programa  nos formatos axeitados, co fin de publicitalo en todos os soportes municipais (web, 010, Vigocultura, etc.).

<u>Lingua de difusión e publicacións:</u>
En consecuencia co establecido na vixente Ordenanza da Normalización Lingüística do Concello de Vigo, a lingua galega é a lingua principal de comunicación; polo tanto, e con carácter xeral, só se considerarán dentro do proxecto e programa subvencionado as publicacións e elementos de difusión e publicidade editados en galego, teñan ou non carácter periódico. A utilización doutras linguas distintas ao galego nas publicacións e difusión quedan sometidas aos acordos particulares coa CONCELLERÍA para que os elementos sexan subvencionables.

**OITAVA.- PAGAMENTO DA SUBVENCIÓN**
O CONCELLO xestionará o pagamento á ASOCIACIÓN polo importe da subvención outorgada ou resultante, logo da realización das actividades previstas no obxecto deste convenio e entrega do informe final coa rendición da conta xustificativa; previa aprobación da achega pola Xunta de Goberno Local, unha vez asinado o presente convenio por ambas partes, emisión dos informes técnicos, e co conforme do concelleiro-delegado da Área de Cultura.

Estipúlanse dous pagamentos según o seguinte:

a) Un primeiro pagamento trala sinatura do convenio, que se tramitará previa solicitude xunto á documentación xustificativa, polo importe xustificado correspondente ás actuacións do programa que se teñan realizado ata ese momento.

b) Un segundo e derradeiro pagamento, previa solicitude polo Rexistro Xeral e antes do 16 de novembro, polo importe xustificado restante ata o importe máximo estipulado no presente convenio.

A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias das facturas polo resto do orzamento. Poderase substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abrangue a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total foi de XXXXX euros.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), A ENTIDADE está obrigada a relacionarse electrónicamente coas Administracións Públicas. Xa que logo, para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concede a subvención que regula o presente convenio e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a conta xustificativa a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na mesma, que se poden consultar no enlace https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga.

A tenor do disposto no art. 81 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 de xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos na xustificación de subvencións). A tal efecto, a entidade beneficiaria achegará a documentacion xustificativa por medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a aportación de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas orixinais en papel.

No caso de que se achegue a documentación presencialmente, requirirase a súa subsanación mediante a súa presentación electrónica. A estes efectos, considerarase como data de presentación da documentación aquela na que tivese realizado a subsanación.

Documentación a incluír na conta xustificativa:

- Solicitude de pagamento da subvención tralo remate das actividades nos prazos indicados.
- Acreditar atoparse ao corrente das súas obrigas tributarias coa Axencia Tributaria, Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, Tesourería Xeral da Seguridade Social e Concello de Vigo.
- Memoria de execución e avaliación da actividade realizada, que xustificará o cumprimento das condicións impostas e a consecución dos obxectivos, que deberá incluír como mínimo:
    1. Programa con información sobre organización, patrocinio, colaboradores, venda de entradas, etc.
    2. Datos sobre os participantes nas actividades, número e perfil dos asistentes.

3. Memoria de prensa.
4. Relación de material gráfico e de difusión contendo os logotipos do Concello de Vigo.
5. Reportaxe fotográfica.

- Memoria económica contendo o balance detallado coa totalidade dos gastos e ingresos da actividade, con indicación dos acredores, conceptos facturados, datas de emisión e importe; acreditados con documentos orixinais pola parte subvencionada.
- Cando as actividades fosen financiadas, ademais de coa subvención, con fondos propios ou outras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, a procedencia, data de ingreso e a aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas.
- As facturas ordenadas segundo o concepto de gasto a que se atribúen e nas que figure a ASOCIACIÓN como entidade destinataria, deberán recoller o seu número e data, CIF, denominación e domicilio social do emisor, conceptos, importes, IVE, etc. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas nin aquelas que non reúnan as condicións previstas no RD. 1619/2012, de 30 de novembro, polo que se regula o deber de expedir e entregar facturas que incumbe a empresarios e profesionais.
- Nestas facturas computarase o gasto acreditado, deducindo o IVE, agás que xustifique que está exenta de IVE.
- Nas facturas ou nos documentos xustificativos dos gastos non deberá constar de forma expresa que o gasto foi pagado pola entidade beneficiaria con anterioridade á finalización do prazo de xustificación; entendéndose baixo a responsabilidade do beneficiario que o concepto facturado está realizado e conta coa súa conformidade.

Cando a entidade beneficiaria demande a devolución do orixinal presentado para a xustificación da subvención, solicitará a través da unidade xestora da tramitación administrativa do expediente o estampillado (art.73 do regulamento da Lei 38/2003 LXS) da factura orixinal indicando no mesmo o motivo da subvención, así como se o importe do xustificante se imputa total ou parcialmente á subvención recibida, indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. Posteriormente incorporarase ao expediente copia do xustificante orixinal estampillado e a unidade administrativa procederá á devolución do orixinal.

Gastos subvencionables:
Consideraranse gastos subvencionables, os realizados no ano 2018 que respondan directa e indubidablemente á natureza da actividade subvencionada, resulten estritamente necesarios e se realicen dentro do prazo establecido para a execución do proxecto, quedando excluídos os custos indirectos imputables á actividade, os custos de funcionamento ordinario da entidade, os de atencións protocolarias e representativas, e os gastos en inversións e adquisicións de material, equipos e bens de natureza inventariable.

En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

Importe total de subvencións ou axudas:
A subvención do Concello á ASOCIACIÓN é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

O importe das subvencións ou axudas percibidas pola ASOCIACIÓN para a actividade subvencionada en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade ou obxecto subvencionados (art.17.3 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia).

**NOVENA.- XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN**
A axeitada xustificación da subvención, a realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a súa concesión será comprobada pola Área de Cultura.

Os técnicos da Área de Cultura emitirán informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orde a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

**DÉCIMA.- INFORMACIÓN**
A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola CONCELLERÍA e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

**DÉCIMO PRIMEIRA.- REINTEGRO**
Procederá ao reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención até a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá ao reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

**DÉCIMO SEGUNDA.- INFRACCIÓNS E SANCIÓNS**
En canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

**DÉCIMO TERCEIRA.- PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL**
A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia, en orde á conclusión do proceso de subvención, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e no Regulamento Europeo 2016/679 de Protección de Datos, de 27 de abril de 2016, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Cultura.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Cultura do Concello de Vigo.

**DÉCIMO CUARTA.- DEREITOS SOBRE A INFORMACIÓN E TITULARIDADE DOS RESULTADOS**
Os resultados froito deste convenio, tales como documentais, catálogos, estudos, e demais material obtido da realización das actividades programadas, serán de titularidade e de uso común da CONCELLERÍA e da ASOCIACIÓN. Os resultados quedarán para futuras edicións e ámbalas dúas partes poderán utilizalo nun futuro indistintamente.

A CONCELLERÍA resérvase o dereito de publicar os resultados, parciais ou finais, obtidos durante a execución do convenio que, en todo caso, terán carácter público.

Calquera transformación dos resultados do programa de colaboración conxunta requirirá o consentimento expreso das partes asinantes do convenio.

**DÉCIMO QUINTA.- PARTICIPACIÓN DOS COLABORADORES DA ASOCIACIÓN**
O asinamento deste convenio non implica relación laboral, contractual ou de calquera outra índole entre a ASOCIACIÓN e os profesionais ao seu servizo que vaian desenvolver as actividades previstas, e o Concello de Vigo, de tal xeito que a este non se lle poderá esixir responsabilidade ningunha, nin directa, nin subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do convenio.

**DÉCIMO SEXTA.- VIXENCIA**
O presente convenio estenderá a súa vixencia desde a data da súa sinatura até o 31 de decembro de 2018, e non será prorrogable.

**DECIMO SÉTIMA.- MODIFICACIÓN, DENUNCIA E RESOLUCIÓN DE CONTROVERSIAS**
Calquera das súas partes asinantes poderá denunciar ou modificar o presente convenio previa notificación escrita cunha antelación mínima de tres meses.

O incumprimento de calquera das obrigas contraidas no presente convenio por unha das partes facultará á outra para resolver o mesmo, quedando automaticamente anulados todos os dereitos correspondentes sobre o obxecto programa de colaboración conxunta, pero non así as obrigas contraidas no mesmo.

Por parte do Concello de Vigo, a Xunta de Goberno Local resolverá as posibles controversias derivadas da execución ou interpretación deste convenio e a CONCELLERÍA queda facultada para adoptar as medidas que contribúan ao seu cumprimento e desenvolvemento.

**DÉCIMO OITAVA.- LEXISLACIÓN APLICABLE**
A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerase pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D.L. 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto refundido da lei de propiedade intelectual.

En proba de conformidade de canto antecede, asinan por triplicado exemplar o presente documento de convenio no lugar e data arriba indicados.

**ANEXO I**
**ORZAMENTO DO PROGRAMA ANUAL DE CONCERTOS DA FUNDACIÓN CORAL CASABLANCA 2018**

**1.- GASTOS:**

| | |
|---|---|
| Gastos bancarios | 440,79 € |
| Préstamo bancario | 3.093,07 € |
| Material oficiña | 45,59 € |
| Seguridade Social e IRPF | 12.746 € |
| Nóminas | 29.940 € |
| Orquestra | 8.774 € |
| Dominio internet | 242 € |
| Xestoría | 3.775,20 € |
| Varios | 11.713,35 € |
| **TOTAL GASTOS** | **70.770 €** |

**2.- INGRESOS:**

| | |
|---|---|
| Subvención Concello de Vigo | 23.500 € |
| Aportación de socios | 22.995 € |
| Aportación da entidade | 24.275 € |
| **TOTAL INGRESOS** | **70.770 €** |

**24(939).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN PARA O SUBMINISTRO DE ARMARIOS DE INTERVENCIÓN, DE CONFIGURACIÓN VERTICAL PARA O SERVIZO DE BOMBEIROS. EXPTE.5363/213.**

Visto o informe xurídico do 06/08/18 e o informe de fiscalización do 09/08/18, dáse conta do informe-proposta do 03/08/18, asinado polo oficial xefe do Servizo de Extinción de Incendios, conformado polo concelleiro-delegado da Área de Seguridade e Mobilidade, e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP).
- Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público 8RLCSP no que non se opoña á Lei 9/2017.
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeneral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP) no que no se opoña á Lei 9/2017.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).

Lei 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia (LALGA).

**ANTECEDENTES**

**Primeiro.-** Mediante resolución de 11 de abril de 2018 o concelleiro-delegado da Área de Seguridade e Mobilidade acordou iniciar o procedemento de contratación para o subministro de armarios de intervención de configuración vertical para o Servizo de Bombeiros.

**Segundo.-** No expediente tramitado ó efecto consta entre outra a seguinte documentación:

- Informe xustificativo da necesidade e idoneidade do contrato asinado polo xefe do servizo de Bombeiros e o concelleiro-delegado da Área de Seguridade e Mobilidade de datas 2 e 9 de abril de 2018.
- Resolución de inicio do expediente de contratación do concelleiro-delegado de Seguridade e Mobilidade de 11 de abril de 2018.
- Prego de prescricións técnicas particulares (PPT) de 11 de abril de 2018, asinado polo xefe do servizo de Bombeiros.
- Dilixencia asinada polo xefe da oficina administrativa de Contratación de 24 de abril de 2018 sobre a incorporación ao expediente da memoria adaptada ao contido da Lei 9/2017.
- Dilixencia da xefa do Servizo de Contratación de 7 de maio de 2018 sobre a incorporación á memoria de diversos datos.
- Memoria xustificativa do contrato de data 1 de xuño de 2018, asinada polo xefe do Servizo

  de Bombeiros e o conforme do concelleiro-delegado da Área de Seguridade e Mobilidade.
- Informe da xefa do Servizo de Contratación de 4 de xuño de 2018 sobre a incorporación da documentación esixida pola normativa de contratación pública.
- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación por procedemento aberto simplificado de tramitación abreviada do subministro de armarios de intervención de configuración vertical para o Servizo de Bombeiros, asindo pola xefa do Servizo de Contratación o 01 de agosto de 2018.

## FUNDAMENTOS DE DEREITO

**Primeiro.-** O expediente de contratación, de acordo co disposto no artigo 116.1 da LCSP, iniciarase polo Órgano de Contratación motivando a necesidade do contrato nos termos previstos no artigo 28 desta lei. No concello de Vigo esta competencia esta delegada por acordo da Xunta de Goberno Local de 19 de xuño de 2015 nos concelleiros de Area. O concelleiro-delegado da Área de Seguridade e Mobilidade mediante resolución de 11 de abril de 2018 autorizou o inicio da tramitación deste expediente de contratación.

**Segundo.-** Dado o obxecto o tipo de contrato é de subministro (art. 16 LCSP).O procedemento elixido para a contratación é o aberto simplificado de tramitación abreviada (art. 159.6 LCSP) por razón da contía, polo que ao tratarse dun procedemento aberto non é necesaria a súa xustificación.

**Terceiro.-** O expediente refírese á totalidade do obxecto do contrato e no mesmo consta, tal e como prevé o artigo 116 apartados 2 e 3 da LCSP o prego de cláusulas administrativas particulares e o prego de prescricións técnicas.
cos artigos 28 e 116.1 da LCSP.

**Quinto.**- Na memoria xustifícase a non división en lotes (artigo 116.4.g) LCSP), o prezo e a súa xustificación (artigo 100 e seguintes LCSP), o valor estimado do contrato (artigo 116.4.d) LCSP), os criterios de adxudicación e fórmulas de valoración (artigo 145 e146 LCSP), as condicións especiais de execución (art. 202.1 LCSP), o principio de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financiera (artigo 7.3 d Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril).

**Sexto.-** De conformidade coa disposición adicional terceira, apartado 8 da LCSP ee a disposición adicional oitava, apartado e) da Ley 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL), se require o informe preceptivo da Asesoría Xurídica do Concello de Vigo.

**Sétimo.-** O artigo 116.3 e o apartado 3 da disposición adicional terceira da LCSP, dispoñen que ao expediente se incorporará o certificado de existencia de crédito ou documento que legalmente o substitúa. Este documento, xunto co informe de fiscalización previa, incorporarase pola Intervención Xeral ao procedemento con carácter previo á aprobación polo órgano de contratación.

**Oitavo.-** A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ó previsto na Disposición adicional segunda apartado 11 da LCSP. A resolución deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación, dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación (artigo 117 LCSP) e implicará a aprobación do gasto.
A vista do exposto, e previo informe da Asesoría Xurídica e da Intervención Xeral do Concello de Vigo, proponse á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

*“1º Aprobar o expediente de contratación por procedemento aberto simplificado de tramitación abreviada para o subministro de armarios de intervención de configuración vertical para o Servizo de Bombeiros que contén o prego de prescricións técnicas asinado polo xefe do servizo en data 11 de abril de 2018.*

*2º. Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá a contratación, redactado pola xefa do Servizo de Contratación en data 1 de agosto de 2018.*

*3º.- Autorizar o gasto por importe de 38.720,00 euros, do que 6.720,00€ corresponde ao 21% de IVE soportado pola administración, que se imputará á aplicación orzamentaria 13606290000 “ Adquisición de equipos” do presuposto municipal vixente.*

*4º Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente prevista.”*

**Acordo:**
A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

**25(940).- PROPOSTA RECOÑECEMENTO DA INVERSIÓN DAS OBRAS DA PRÓRROGA DA CONCESIÓN ADMINISTRATIVA DA XESTIÓN INTEGRAL DO SERVIZO DE ABASTECEMENTO E SANEAMENTO DE AUGAS EXECUTADAS ATA O 31 DE DECEMBRO DE 2016. EXPTE. 4733/440.**

Visto o informe de fiscalización do 24/08/18, dáse conta do informe-proposta do 17/08/18, asinado pola técnica de xestión-Feder, Vigo Vertical e poño xefe de Servizo Administrativo e Control Orzamentario, conformado polo xefe do Servizo Xurídico-Servizos Xerais e polo concelleiro-delegado da Área de Fomento, que di o seguinte:

**Primeiro.-** En data 14 de febreiro de 2017, a empresa FCC-Aqualia, concesionaria da Xestión Integral do Servizo de Abastecemento e Saneamento de Augas, presenta no Rexistro Xeral do Concello de Vigo solicitude de recoñecemento de inversión correspondente ao citado plan de investimentos da prórroga da concesión administrativa, por unha cantidade de 3.525.038,44 €, correspondente ás inversións executadas ata o 31 de decembro de 2016.

**Segundo.-** A Xunta de Goberno Local, en sesión Extraordinaria e Urxente celebrada o día 21 de novembro de 2011, acordou:

No punto 1º, declarar a prórroga da concesión administrativa da Xestión Integral do Servizo de Abastecemento e Saneamento de Augas, outorgada a favor da Entidade Concesionaria do Servizo, Aqualia-FCC Vigo UTE, en virtude do acordo plenario de data 25/10/1990, por un período de 5 anos, contados a partir do día seguinte ao do vencemento do contrato, de conformidade co establecido na condición 2ª do Prego de Condicións Administrativas

Particulares que rexeu o concurso para a adxudicación da concesión ( Pleno 5/7/1990 ) e ao tenor do preceptuado na Disposición Adicional segunda da Lei 30/2007, en relación co previsto no artigo 121 da vixente Lei Reguladora das Bases de Réxime Local ( Lei 7/1985 ).

No punto 3º acordouse convenir coa Entidade concesionaria, Aqualia-FCC Vigo UTE, o exercicio da obriga asumido no seu escrito de aceptación de prórroga do contrato, respecto da provisión dos fondos necesarios para a financiación dun plan de investimentos. Dentro do plan de investimentos se recollía un importe de 20.000.000€ destinado a “outros investimentos” e un importe de 10.274.000€ destinado á adquisición dos terreos para a EDAR Lagares.

**Terceiro.-** A Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria de data 8 de marzo de 2013, acordou aprobar a ordenación do procedemento de contratación a seguir nas obras do Plan de Inversións de Aqualia.

**Cuarto.-** Con data 8 de agosto de 2013, efectuouse o primeiro recoñecemento de inversións realizadas desde a declaración da prórroga da concesión administrativa a Aqualia-FCC Vigo UTE. Así a Xunta de Goberno Local acordou recoñecer como inversións da prórroga da concesión de Aqualia, (período 2011-2012), con cargo á retribución do concesionario a cantidade de 8.233.614,25 €, correspondente á inversión executada ata o finais do ano 2012.

Desta cantidade, un importe de 253.472.68 € corresponden a investimentos propiamente ditos, incluidos no Plan de investimentos aprobado coa prórroga da concesión do servizo, e un importe de 7.980.141,57 € ás tres primeiras certificacións dos pagos realizados pola concesionaria para a adquisición dos terreos necesarios para a ampliación e modernización da EDAR do Lagares.

**Quinto.-** Con data 6 de marzo de 2015, a Xunta de Goberno Local, no expediente núm. 3060-440, acordou recoñecer as inversións efectuadas pola entidade concesionaria ata o 30 de xuño de 2014, por un importe de 1.346.730,57 €; cantidade da que 422.735,65 € corresponden á adquisición de terreos necesarios para a ampliación e modernización da EDAR do Lagares.

**Sexto.-** Con data 19 de xuño de 2015, a Xunta de Goberno Local, no expediente núm. 3245-440, acordou recoñecer as inversións efectuadas pola entidade concesionaria ata o 31 de xaneiro de 2015, por un importe de 3.641.977,82 €.

**Sétimo.-** Con data 16 de setembro de 2016, no expediente núm. 3726-440, a Xunta de Goberno Local acordou recoñecer as inversións efectuadas pola entidade concesionaria ata 30 de outubro de 2015 por importe de 5.750.564,39 €.

**Oitavo.-** En data 14 de febreiro de 2017, a empresa FCC-Aqualia, concesionaria da Xestión Integral do Servizo de Abastecemento e Saneamento de Augas, presenta no Rexistro Xeral do Concello de Vigo solicitude de recoñecemento de inversión correspondente ao citado plan de investimentos da prórroga da concesión administrativa, por unha cantidade de 3.252.038,44 €, correspondente ás inversións executadas ata o 31 de decembro de 2016, dos que 453.124,89 corresponden as certificacións núms 5 e 6 dos pagos realizados pola

concesionaria para a adquisición dos terreos necesarios para a ampliación e modernización da EDAR do Lagares.

**Noveno.-** En data 21 de xullo de 2017, o Enxeñeiro de Camiños municipal emite informe técnico favorable ao respecto.

**FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS**

**Primeiro.-** As actuacións incluidas na solicitude de recoñecemento de inversión dende o 1 de novembro de 2015 ata o 31 de decembro de 2016 son as seguintes:

| | ACTUACIÓN | INVERSIÓN (IVE excluido) | Nº expediente |
|---|---|---|---|
| a | Pago da certificación nº 5 correspondente á adquisición de terreos para a execución da "Ampliación e modernización da EDAR do Lagares | 47.124,17 € | 3545/440 |
| b | Pago da certificación nº 6 correspondente á adquisición de terreos para a execución da "Ampliación e modernización da EDAR do Lagares | 406.000,72 € | 3545/440 |
| c | Obras de reposición da rede de abastecemento e saneamento na Avda. das Camelias, Fase III, e os seus custes asociados | 1.995.686,37 € | 2651/443 |
| d | Obras de renovación de saneamento en Avenida Atlántida 30 a 52, e os seus custes asociados | 28.968,27 € | 2563/440 |
| e | Obras de renovación de redes de saneamento e abastecemento no casco urbano Fase 2, e os seus custes asociados | 400.985,50 € | 2547/443 |
| f | Obras de renovación das redes de abastecemento e saneamento no Casco urbano 1B, e os seus custes asociados | 254.226,38 € | 2572/443 |
| g | Obras de renovación das redes de abastecemento rúa Toledo, e os seus custes asociados | 95.705,18 € | 2560/443 |
| h | 1ª fase da redacción do proxecto de renovación de redes na rúa Tomás Alonso 188 | 1.866,94 € | 2564/440 |
| i | 1ª fase da redacción do proxecto de renovación da rede de abastecemento da rúa Burgos. | 11.713,35 € | 2565/440 |
| j | 1ª fase da redacción do proxecto de renovación | 9.761,55 € | 2565/443 |

| | | | |
|---|---|---|---|
| | de redes de abastecemento e saneamento entorno Praza da Consolación | | |
| TOTAL PENDENTE DE RECOÑECER | | 3.252.038,44 € | |

**Segundo.-** Na ordenación do procedemento de contratación a seguir nas obras do Plan de Inversións de Aqualia aprobado pola Xunta de Goberno Local en data 8 de marzo de 2013, contémplase no apartado III, punto d, *que:*

*"*Unha vez rematada a obra, someterase a aprobación da Xunta de Goberno Local a recepción da mesma, o que implicará o recoñecemento do investimento, a adscrición ao servizo público e a autorización para iniciar o procedemento de recuperación a través da tarifa do Servizo.
Considerase imprescindible achegar á proposta de recoñecemento de investimento a seguinte documentación:

– Certificado final de obra.
– Acta de recepción.
– Certificación acreditativa de terse efectuado a totalidade dos pagamentos inherentes ás obras, agás as dos gastos asociados (asistencia técnica, dirección de obra*, etc.).*

Consta informe de data 21 de xullo de 2017 do Enxeñeiro Municipal D. Jerónimo Centrón Castaños no que se indica que **toda a documentación presentada corresponde cos traballos levados a cabo para cada unha das actuacións citadas anteriormente e se considera completa a efectos de tramitación do correspondente recoñecemento de inversión**.

**Terceiro.-** Competencia.- O apartado III, punto d) do procedemento de contratación a seguir nas obras do Plan de Inversións de Aqualia, aprobado pola Xunta de Goberno Local en data 8 de marzo de 2013 atribué á Xunta de Goberno Local a creación e recoñecemento do investimento, polo que **PROPONSE** á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

**Único.-** Recoñecer como inversións da prórroga da concesión de Aqualia, (período dende o 1 de novembro de 2015 ata o 31 de decembro de 2016), con cargo ao concesionario e sen coste algún para o Concello de Vigo a cantidade de 3.252.038,44 € correspondente ao período dende o 1 de novembro de 2015 ata o 31 de decembro de 2016.

## Acordo

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

## 26(941).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO DE FROITA E HORTALIZAS PARA A FAUNA DE VIGOZOO. EXPTE. 9241/612.

Visto o informe xurídico do 10/08/18 e o informe de fiscalización do 23/08/18, dáse conta do informe-proposta do 10/08/18, asinado polo director de Réxime Interio do Vigozoo, conformado pola concelleira-delegada da Área de Medio Ambiente e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

**1.- ANTECEDENTES:**

Con data 24 de abril do presente ano, se informa da necesidade de iniciar expediente de licitación para a contratación do subministro de froita e hortalizas para a fauna animal no servizo de VigoZoo que se ven prestando a través da modalidade de Contrato Menor.

A xustificación do inicio do mesmo ven dado a necesidade de contratación do subministro de froita e hortalizas para manutención da fauna deste Servizo de VigoZoo, nunha previsión de maior axilización na tramitación e maior control e xestión das contratacións, así como tratarse de subministro de tracto sucesivo, se estima a posibilidade de iniciación dun único procedemento de licitación para o subministro destes productos para o consumo dos animais de VigoZoo.

En cumprimento do art. 28 da LCSP,a necesidade de facelo se xustifica en que para a manutención da fauna deste servizo de VigoZoo é imprescindible e necesario a contratación cunha empresa de subministro de froita e hortalizas para garantir dito subministro e preservar a saúde da fauna do Parque, tendo en conta que o subministro de tales alimentos superan os importes máximos establecidos por normativa para poder executalo gasto a través de contrato menor.

Como consecuencia do anterior, con data de 27 de abril, a Concelleira de Área de Medio Ambiente e Vida Saudable, da orde de inicio para que por parte do servizo de VigoZoo, se inicie o expediente para a contratación do subministro de froita e hortalizas para a fauna animal de VigoZoo.

No proceso licitador se seguirán os criterios establecidos pola Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público polo que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (en diante LCSP).

En vista do anterior dende este servizo se elabora memoria xustificativa e prego de prescricións técnicas para dar traslado do expediente de referencia ao servizo de Patrimonio e Contratación para a elaboración do prego de cláusulas administrativas particulares.

No expediente de contratación consta a seguinte documentación:

1. Informe sobre a necesidade do contrato asinado polo Veterinario de VigoZoo o 24 de abril de 2018.
2. Orde de inicio da Concelleira Delegada de Medio Ambiente e Vida Saúdable para o inicio do expediente do 27 de abril de 2017.
3. Memoria xustificativa dos aspectos esixidos pola lexislación de contratos asinada polo Veterinario de VigoZoo o 18/06/18 e a Concelleira Delegada de Medio Ambiente e Vida Saúdable o 20/06/18.

4. Prego de prescricións técnicas particulais asinado polo Veterinario do Zoo o 18/06/18.
5. Informe emitido pola xefa do Servizo de Contratación sobre a comprobación documental do expediente asinado o 05/07/18.
6. Prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) asinado pola xefa do Servizo de Contratación o 02/08/18.

**2.- Condicións definitorias do contrato:**

a) Obxecto e cualificación xurídica do contrato

O obxecto do contrato consiste, segundo o apartado 2A da FEC, na adquisición de froitas e hortalizas para o consumo da fauna animal no parque zoolóxico de VigoZoo de acordo coas características previstas no PPT.

b) Forma de tramitación e procedemento de adxudicación

A forma de tramitación do expediente é a ordinaria  e o procedemento de adxudicación o aberto simplificado, en aplicación do artigo 159.1 da LCSP, polo que todo empresario interesado poderá presentar unha proposición, quedando excluída toda negociación dos termos do contrato cos licitadores.

c) Orzamento e base de licitación

Sinálase o orzamento base de licitación (42.226,70 €), o importe do IVE a soportar pola Administración (1.624,10 €) e o valor estimado (64.964,16 €). A execución do contrato abrangue 2 anualidades (IVE incluído):

- ano 2018: 8.797,23 €
- ano 2019: 21.113,35 €
- ano 2020: 12.316,12 €

Para o seu financiamento aplicaranse os créditos do vixente orzamento do Concello de Vigo, incluídos na aplicación orzamentaria 3371.221.05.02 “Froitas”.
Este contrato non suporá desequilibrio orzamentario xa que o gasto contemplado no presente orzamento é superior ao previsto nesta contratación e non afectará á sustentabilidade financeira do Concello. Por outra banda, este gasto é recorrente dentro das previsións de gasto deste servizo nos derradeiros anos.

d) Xustificación da necesidade e idoneidade do contrato

En cumprimento do art. 28 da LCSP, velarase pola eficiencia e o mantemento dos términos acordados na execución dos procesos de contratación pública, se favorecerá a axilización de trámites, se valorarán a innovación e a incorporación de alta tecnoloxía como aspectos positivos no procedemento de contratación e se promoverá a participación da pequena e mediana empresa e o acceso sen custo á información, nos términos previstos na LCSP.

Esta prestación de subministros nas instalacións de VigoZoo poden encadrarse na necesidade de satisfacer por parte da Administración o desenvolvemento das actividades municipais para promover a cultura e a ocupación do tempo libre nos locais en que se desenvolven actividades municipais.

e) Prazo de execución e prórrogas

O prazo de execución é de 2 anos, establecéndose unha prórroga dun ano de duración, en cumprimento do previsto no artigo 29 da LCSP.

f) Réxime de pagamentos
Prevese expresamente o réxime de pagamentos, de xeito que realizarase trala entrega do subministro solicitado, previa presentación da factura correspondente.
Nestas facturas deberá indicarse o produto subministrado, a cantidade e o prezo do mesmo, e debe acompañarse da seguinte documentación: copia do albarán de entrega da mercancía asinado polo responsable do contrato.

g) Clasificación / Solvencia

A clasificación non é obrigatoria

h) Responsable do contrato

O responsable do Contrato será o Veterinario do Servizo de VigoZoo.

j) Seguro

O Adxudicatario deberá acreditar a posesión de responsabilidade civil por unha contía mínima de 100.000 € para cubrilas continxencias que se puideran producir derivadas da prestación do subministro.

**3.- Criterios de adxudicación e ponderación**
Na memoria xustificativa para a contratación deste servizo asinada o 18/06/18 polo Veterinario do Servizo VigoZoo e a Concelleira Delegada de Medio Ambiente se explican e motivan os criterios elixidos e a súa vinculación co obxecto do contrato.

No apartado 7 das FEC prevese a valoración dun criterio:

CRITERIOS AVALIABLES A TRAVÉS DE FÓRMULA:

1.- Redución do prezo: ata 100 puntos.

A fórmula para valorar este criterio remítese á cláusula 16 do prego de cláusulas administrativas.

**4.- <u>Revisión de prezos:</u>**

Non procede xa que se estima por parte deste servizo xestor que os prezos actuais manteranse sen grandes modificacións nos próximos anos.

**PROPOSTA:**

Por todo o exposto anteriormente proponse á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación competente de acordo co previsto na disposición adicional 2ª.4 da LCSP, previa incorporación pola Intervención Xeral do documento contable referido á existencia de crédito para o financiamento do servizo, que adopte o seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Aprobar a contratación a través de procedemento aberto simplificado e tramitación ordinaria do subministro de froita e hortalizas para consumo da fauna animal no servizo de VigoZoo (exp. 9241-612).

SEGUNDO.- Aprobar o prego de prescricións técnicas que rexerá a contratación, redactado polo Veterinario de VigoZoo con data 18/06/18 e o prego de cláusulas administrativas particulares, redactado pola Xefa do Servizo de Contratación con data 02/08/18.

TERCEIRO.- Autorizar o gasto por un importe máximo de 42.226,70 €, sendo o importe correspondente ao IVE a soportar pola Administración (1.624,10 €) e a anualidade máxima do 2018 será de 8.797,23 € €, para o ano 2019 de 21.113,35 € e de 12.316,12 € para o ano 2020. A financiación do contrato de subministro será a cargo da partida 3371.221.05.02 "Froias".

CUARTO.- Abrir o procedemento licitatorio para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

**<u>Acordo</u>**:
A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e trinta minutos. Como secretaria dou fé.

ME/mm.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,
Olga Alonso Suárez.

O ALCALDE
Abel Caballero Álvarez